



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 64

Sesión plenaria
21 de decembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-eyD3eK78Z-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes de conselleiros do Consello de Contas de Galicia (11/DMCC-000001)

Punto 2. Texto lexislativo

2.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 23847, 11/PL-000012)

Publicación do ditame da comisión, BOPG nº 243, do 17.12.2021

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 243, do 17.12.2021

Punto 3. Comparecencia

3.1 26221 (11/CPP-000069)

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre as conclusións acadadas polo Comité Asesor Sociosanitario nas que se asentará o novo modelo de coidados de longa duración en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

Punto 4. Mocións

4.1 26140 (11/MOC-000073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 25154, publicada no BOPG núm. 232, do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

4.2 26167 (11/MOC-000074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a regulación do sector eólico (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24761, publicada no BOPG núm. 228, do 17 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

4.3 26171 (11/MOC-000075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a normativa mineira (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 24884, publicada no BOPG núm. 232 do 24 de novembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 9 de decembro de 2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021



Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 17206 (11/PNP-001680)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as accións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa mellora da calidade da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

5.2 21382 (11/PNP-001944)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre o traslado por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do rexeitamento das medidas previstas no texto de proposta do Regulamento de control da pesca 1224/2009

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

5.3 25725 (11/PNP-002323)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sobre o compromiso e apoio do Parlamento á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia e o rexeitamento das iniciativas que promovan a independencia de Galicia ou de calquera outra comunidade autónoma de España

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 239, do 10.12.2021

5.4 25777 (11/PNP-002330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para planificar e executar os fondos do IV Plan de rescate a autónomos e empresas afectados pola covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

5.5 25807 (11/PNP-002332)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co calendario escolar para o curso 2021/2022 dos centros públicos de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

5.6 25833 (11/PNP-002335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e da supresión do tren Lugo-Ourense, así como da recuperación de liñas suprimidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021



Punto 6. Interpelacións

6.1 1710 (11/INT-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mobilización da bolsa de vivendas baleiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 24985 (11/INT-001300)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto dos conflitos entre bateeiros e percebeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 232, do 24.11.2021

6.3 25764 (11/INT-001344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 26237 (11/POPX-000051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as políticas estratéxicas para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

7.2 26238 (11/POPX-000052)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas do Goberno galego para darlle futuro no país á mocidade galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 26229 (11/PUP-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer a cidadanía fronte ao aumento da ciberdelincuencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021



8.2 26179 (11/PUP-000220)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego para garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural para garantir obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

8.3 20310 (11/POP-003094)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego na cidade de Ourense para paliar a inactividade e o pechamento de espazos de creación e exhibición artística e cultural derivados das decisións do Concello

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

8.4 22977 (11/POP-003340)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas de protección desenvolvidas conforme a resolución de incoación do procedemento para declarar ben de interese cultural a casa Cornide, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 210, do 06.10.2021

8.5 25604 (11/POP-003603)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para a restitución do Servizo de Urgencias en Moaña e a reposición do persoal en situación de traslado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

8.6 26219 (11/PUP-000221)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante a folga anunciada polos facultativos do Baixo Miño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 243, do 17.12.2021

8.7 25700 (11/POP-003611)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as acusacións que fai o Goberno galego ao exsubdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural do Agader e director do Banco de Terras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021



8.8 24259 (11/POP-003458)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as consecuencias para o sector marítimo-pesqueiro da aprobación da prohibición de outorgamento de subsidios aos combustibles da frota pesqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 224, do 10.11.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Martín Seco García (S), e a súa delegación de voto para esta sesión no deputado don Gonzalo Caballero Miguez (S). (Páx. 11.)

Alteración na orde do día

O señor presidente comunica dúas alteracións da orde do día. A primeira consiste en adiantar o debate da pregunta 7.3 para despois da comparecencia da conselleira de Política Social. E a segunda, en formular as dúas preguntas ao conselleiro de Sanidade logo da votación das proposicións non de lei. (Páx. 11.)

Elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes de conselleiros do Consello de Contas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento para a elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes do Consello de Contas de Galicia e anuncia que a votación será por chamamento. (Páx. 11.)

Logo de que os servizos da Cámara proceden á repartición das papeletas, o señor presidente rógalle á secretaria da Mesa (Porro Martínez) que comece o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e da Mesa, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 11.)

Rematada a votación, procédese ao escrutinio e o señor presidente anuncia o resultado.

Resultado da votación: votos a favor de don Anxo Ramón Calvo Silvosa, 74; votos a favor de don Tomás Pérez Vidal, 74; votos a favor de don José Antonio Redondo López, 74. (Páx. 12.)

Acadada a maioría de tres quintos, proclámanse elixidos membros do Consello de Contas don Anxo Ramón Calvo Silvosa, don Tomás Pérez Vidal e don José Antonio Redondo López. (Páx. 12.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 12.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Francisco Rivera (S) (Páx. 14.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 18..) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 22.)



Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sr. Francisco Rivera (S)* (Páx. 27.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 29.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 30.)

Votación do texto lexislativo

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 14 votos a favor, 40 en contra e 18 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 17 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación do texto transaccionado do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *aprobado por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

O señor presidente comunica que, consecuentemente, queda aprobada a Lei de medidas fiscais e administrativas. (Páx. 33.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre as conclusións acadadas polo Comité Asesor Sociosanitario nas que se asentará o novo modelo de coidados de longa duración en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 34.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 41.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 45.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 48.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 52.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) *Nesta rolda interveñen a señora Ortega Otero (S)* (Páx. 55.), *a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 57.), *o señor Pazos Couñago (P)* (Páx. 59.) e *a señora conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 61.)

Interpelación de Dª Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 62.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 69.)



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 77.)

A señora Otero Lago (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 80.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a regulación do sector eólico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 84.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P). (Páx. 87.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 90.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a normativa mineira. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 93.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Armada Pérez (P). (Páx. 99.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 102.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral: rexeitado por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 105.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a regulación do sector eólico: rexeitada por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 105.)

A señora Pérez Fernández (BNG) intervén para aclarar que manteñen os puntos 1, 2 e 3 da moción tal cal figuran no seu texto inicial e que substitúen o punto 4 por un texto transaccionado. (Páx. 106.)



O señor Armada Pérez (P) solicita a votación por puntos e que se voten os puntos 1, 2 e 3 xuntos e logo, separadamente, o punto 4. (Páx.) A señora Pérez Fernández (BNG) non acepta a votación por puntos. (Páx. 106.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a normativa mineira: rexeitado por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 106.)

Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.



Ábrese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reiniciamos un novo pleno.

Comunico tamén a delegación de voto do deputado Martín Seco, que a fai no portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, don Gonzalo Caballero.

Alteración na orde do día

O señor PRESIDENTE: Tamén comunico unhas alteracións da orde do día, que, en concreto, son que logo da comparecencia da conselleira de Política Social se debaterá a interpelación que figura no número 3. É unha interpelación á conselleira de Política Social... Estou comunicando unhas alteracións da orde do día, e ao mellor despois non se enteran, digo eu.

Tamén digo que as preguntas ao conselleiro de Sanidade, hai dúas preguntas que se lle van formular logo de facer a votación das proposicións non de lei, que é o que se solicitara.

Sen máis, entramos agora no primeiro punto da orde do día.

Elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes de conselleiros do Consello de Contas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Iniciado o procedemento para a elección de candidatos para a cobertura de tres vacantes do Consello de Contas, por acordo da Mesa do 16 de novembro de 2021, admitidas a trámite as candidaturas presentadas polos grupos parlamentarios e substanciadas as preceptivas comparecencias perante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o pasado día 2 de decembro, a Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, o 16 de decembro acordou incluír a elección na orde do día do Pleno e para os efectos da votación confeccionouse unha papeleta co nome das persoas propostas.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeleta e chamamento por orde alfabética de apelido. Resultarán elixidos os candidatos que obteñan a maioría de tres quintos, é dicir, 45 votos.

A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: votos a favor introducidos na urna nunha papeleta na que consten os nomes dos candidatos propostos, marcando cunha aspa o recadro ou recadros correspondentes; votos en branco, de non marcar ningún recadro; votos nulos, cando se faga en papeleta diferente da aprobada pola Mesa ou aquelas nas que se escriban os nomes doutras persoas ou conteñan rascaduras ou sinais distintos daqueles que serven para concederlles o voto á persoa ou ás persoas propostas.

Supoño que xa están repartindo as papeletas. *(Os servizos da Cámara proceden a repartir as papeletas de voto.)* Xa as deben de ter todos vostedes.

Comezaremos a votación por chamamento, que o fará a secretaria da Mesa, dona Corina Porro Martínez.



Rógolles ao presidente e á vicesecretaria, por favor, se poden aí na urna acompañar a votación.

(A señora secretaria, Porro Martínez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano as deputadas e os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Ben, o resultado xa o temos.

Votos emitidos, 74. Votos a favor de don Anxo Ramón Calvo Silvosa, 74; votos a favor de don Tomás Pérez Vidal, 74; votos a favor de don José Antonio Redondo López, 74.

Polo tanto, acadada a maioría de tres quintos, proclámanse elixidos membros do Consello de Contas a don Anxo Ramón Calvo Silvosa, a don Tomás Pérez Vidal e a don José Antonio Redondo López.

En hora boa a todos eles. *(Aplausos.)*

Aquí termina o primeiro punto da orde do día. Agora continuamos co texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Grazas, presidente.

Procedo á presentación do ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento galego o 20 de outubro de 2021. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 20 de outubro de 2021, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia presentaron emendas á totalidade, que foron cualificadas o 11 de novembro de 2021 e rexeitadas na sesión do Pleno do 22 de novembro de 2021.



Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou trinta e nove emendas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego doce emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sesenta emendas, que foron cualificadas o 25 de novembro de 2021.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 29 de novembro de 2021, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario Popular, dona Paula Prado del Río, como titular, e don José Alberto Pazos Couñago, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do BNG, dona Olalla Rodil Fernández, como titular, e dona Noa Presas Bergantiños, como suplente; por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Juan Carlos Franciso Rivera, como titular, e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, como suplente.

Na reunión do 30 de novembro de 2021, a Ponencia estudou o texto do articulado do proxecto, xunto coas emendas presentadas, e rematou o informe que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular.

A Ponencia suxeriu tamén a aceptación das emendas números 40, 41 e 48 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, así como de tres emendas transaccionais, elaboradas coas emendas números 16, 26 e 29 deste grupo.

A Comisión, reunida o 14 de decembro de 2021, aprobou por maioría o informe da Ponencia, coa particularidade de que foi ratificada a aprobación da emenda número 48 antes indicada, e tamén foron aprobadas, ademais das tres emendas transaccionais xa citadas, cinco máis elaboradas coas emendas 40, 41, 42, 43 e 49 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de corenta e tres artigos, dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e cinco disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en dous grandes títulos: o título I, referido a medidas fiscais, e o II, relativo a medidas administrativas. O título I, dividido á súa vez en dous capítulos, establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos de materias tales como o emprego público, medio ambiente, ordenación urbanística, ordenación territorial, medio rural, infraestruturas, mar, emprego, política social, sanidade, igualdade, industria, comercio, protección das persoas consumidoras e usuarias, sistema universitario, réxime financeiro e orzamentario e organización administrativa.

Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Comezamos co debate.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, a defensa das emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Boa tarde a todos xa nesta hora.

Deputados e deputadas, señor presidente.

En relación coa Lei de medidas fiscais e administrativas xa tivemos aquí o debate de emendas á totalidade, logo en comisión a respecto das emendas. A posición do Partido Socialista non muda, é a mesma que mantivemos arredor da concepción desta Lei de medidas fiscais e administrativas como unha lei onde o Partido Popular, a Xunta de Galicia, modifica de xeito sistemático, habitual e ano tras ano todo tipo de normas á marxe da cuestión orzamentaria. Neste ano son trinta leis, normas en vigor neste momento, que son modificadas a través dun mecanismo que nós cualificamos evidentemente non de ilegal, porque é legal, pero si bastante anómalo; que non lle gusta a ninguén, mesmamente ao Partido Popular, porque así o ten amosado a súa portavoz en distintas ocasións. Pero que ano tras ano, e novamente este ano, se volve utilizar de xeito absolutamente sistemático, privando, ao noso xuízo, a este parlamento e aos seus deputados e deputadas das funcións que teñen encomendadas, que é tramitar leis de xeito normalizado, ordinario e seguindo unha canle e un procedemento axeitado. E non a través de modificacións substanciais dun conxunto de normas nun período absolutamente reducido de tempo e, polo tanto, nun debate apurado e nada sosegado, que impide, dende logo, reflexionar sobre aquilo que se modifica e, en definitiva, definir con rigor e seriedade todas as necesidades que no plano lexislativo necesita este país.

Un debate que nós cualificabamos no seu momento de prescindible porque sabiamos o resultado, non porque non se deba dar este debate, senón porque ao final o Partido Popular utiliza a súa maioría absoluta para lexitimar esta técnica lexislativa. Mesmamente introducindo emendas, que xa é un debate absolutamente kafkiano que o Partido Popular emende a Xunta de Galicia a través da Lei de medidas fiscais, impedindo aos grupos da oposición facer emendas sobre esas emendas.

Nós rexeitamos este mecanismo porque, lonxe de ser un mecanismo de utilización excepcional, que podía selo, nós entendemos que a Lei de medidas fiscais e administrativas se pode utilizar para modificar cuestións que teñan que ver cos orzamentos naquelas cuestións que afecten, efectivamente, cuestións orzamentarias. O que non podemos entender é que se utilice este mecanismo lexislativo para modificar todo tipo de normas e todo tipo de materias que nada teñen que ver coa cuestión orzamentaria, que inciden no desenvolvemento económico e social de Galicia e que, dende logo, necesitan informes preceptivos, mesmamente o informe que se omite ano tras ano neste caso, como é o informe do Consello Económico e



Social; ademais de informes sectoriais das distintas consellerías onde son modificadas leis que afectan materias que son de ámbito competencial de cada unha das consellerías.

O normal sería que cada norma modificada, allea á cuestión orzamentaria, tivese unha tramitación ordinaria neste parlamento cun debate sosegado, un debate serio, un debate rigoroso. E onde loxicamente o Partido Popular, coa súa maioría absoluta, logo vaia decidir o sentido desa lei ou desa norma que se tramite polas canles ordinarias —insistimos— neste parlamento. Isto non acontece, e non acontece porque o Partido Popular utiliza este parlamento tamén e a Xunta de Galicia como cómplice do poder executivo para aprobar todo tipo de normas á marxe de debates lexislativos, (*Aplausos.*) que é a función que ten este parlamento. (*Aplausos.*)

Este parlamento, do que se facían loanzas aquí este domingo pasado en relación co seu papel fundamental e transcendental, como constitución central do autogoberno de Galicia. Un papel do Parlamento como a casa e, evidentemente, sede da representación da soberanía popular de Galicia, e como o punto de encontro das distintas sensibilidades políticas, e casa común para chegar a acordos. Pero tamén utiliza o Parlamento e tamén lle hai que dar ese sentido ao Parlamento —neste caso a Xunta de Galicia, avalada polo seu grupo, neste caso maioritario— para branquear todo aquilo que o Partido Popular e a Xunta de Galicia non son capaces de traer aquí para debater cun mínimo de rigor.

Polo tanto, un *totum revolutum* este tipo de leis que afecta, dende logo, a seguridade xurídica, que afecta a debida transparencia, que suscita críticas da doutrina e de relevantes constitucionalistas e que subtrae, dende logo, o debate político e social, ademais da participación pública, que é absolutamente necesaria na aprobación dun texto lexislativo.

Ademais, acomodan vostedes a tramitación desta lei aos tempos da propia tramitación da Lei de orzamentos, o cal imposibilita dende logo afondar en distintas cuestións que teñen que ver coas materias modificadas, evita obter informes e, en definitiva, estamos facendo debates falsos sobre asuntos que son absolutamente fundamentais neste país en aspectos que son absolutamente importantes, como é a Lei de saúde pública. Lei de saúde pública que vostedes modifican agora na Lei de medidas. Lei de saúde pública que foi modificada xa no seu día neste parlamento, e onde o Grupo Socialista lle dixo que había cuestións nesa Lei de saúde pública que podían afectar dereitos fundamentais e que podían ter vicio de inconstitucionalidade. Cuestión esta que, evidentemente, é así porque a Xunta de Galicia se atribuíu en materia de vacinación competencias que non lle correspondían e á marxe da Estratexia nacional de vacinación, que é competencia exclusiva do Estado.

Pois ben, esa modificación lexislativa á que os obriga o Tribunal Constitucional, vostedes tráena a través da Lei de medidas escondida na modificación de trinta normas; é dicir, pasando de esguello por unha cuestión que é absolutamente fundamental. Cando a realidade e o importante é que unha cuestión que afecta o conxunto dos galegos de xeito transcendental debía debaterse neste pleno e debíase traer a este pleno de xeito normalizado, e non escondido nunha modificación conxunta dunha multitude de normas.

Trinta normas modificadas, cento doce dende o ano 2017, a través desta Lei de medidas fiscais e administrativas. Unha cuestión da que non discutimos a legalidade nin a constitu-



nalidade, pero que, en fin, ao noso xuízo, adoece de vicios importantes en canto á súa tramitación. Debate que escapa da ética e da propia estética e que, dende logo, non é excesivamente democrático.

Unha Lei de medidas que non se acompasa coa bagaxe lexislativa desta cámara. No último ano e medio, no que vai de lexislatura, o Partido Popular, a Xunta de Galicia, foi incapaz de aprobar máis de nove leis nesta cámara. Dende logo, nada que ver coa bagaxe lexislativa que xa lle teño citado aquí ao longo dese deostado Goberno bipartito, que foi capaz de aprobar cincuenta e seis leis á marxe deste mecanismo, e sen contar as leis de orzamentos.

Por tanto, unha Lei de medidas que, modificando todo tipo de materias —insisto— que nada teñen que ver coa cuestión orzamentaria, omite a participación do conxunto da cidadanía, omite a exposición pública deste proxecto de lei e, dende logo, impide realizar suxestións por parte do conxunto dos cidadáns deste país. Unha lei que infrinxe a Lei de transparencia e bo goberno aprobada pola Xunta de Galicia, o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia ou a Lei de racionalización do sector público autonómico.

Pois ben, fronte a esta Lei de medidas, que nós criticamos como técnica lexislativa e que xa o fixemos ao longo do debate da emenda de totalidade no pleno e na propia comisión, o Partido Socialista presenta emendas —como é lóxico—: sesenta emendas en distintos bloques, basicamente no eido fiscal e tamén no ámbito do emprego público e no ámbito da regulación dos montes veciñais en man común. Nalgunhas cuestións chegamos a acordos e incluso transaccións co Partido Popular, porque nos parece que son cuestións relevantes, aínda que nós entendemos que este modo de legislar é absolutamente inapropiado.

E no ámbito fiscal, evidentemente, eu xa non vou falar da política fiscal, xa se falou ao longo desta mañá e lévase falado ao longo do debate orzamentario de cal é a política fiscal do Partido Popular e cal é a política fiscal que defendemos dende o Partido Socialista, que é moito máis progresiva, dende logo. Pero si vou falar dos beneficios fiscais, eses que a Xunta de Galicia de xeito propagandístico di que benefician o conxunto dos galegos; o cal é absolutamente falso, como se dixo xa aquí e se demostrou cos beneficios fiscais introducidos no ámbito dalgúns impostos, como é o caso do IRPF.

Tamén sería bo que se fixese unha avaliación no impacto de ver a quen benefician as exencións e as bonificacións fiscais que se introducen nos impostos da Xunta de Galicia. Nós non estamos en desacordo en que, por exemplo, no ámbito do imposto de transmisións patrimoniais se baixen os tipos impositivos ao 9 %, tal como plantexa a Xunta na Lei de medidas, sempre e cando, loxicamente, o ben ou o obxecto de transmisión non teña un valor superior aos 300.000 euros. Respecto do imposto de patrimonio, non podemos estar de acordo. Nós defendemos que o límite exento se baixe, dende logo, dos 700.000 aos 400.000 euros.

A nosa política fiscal, dende logo, non ten nada que ver coa súa, como xa se dixo aquí, como xa manifestou o noso portavoz ao longo desta mañá. Política fiscal que, evidentemente, dende a Xunta de Galicia beneficia única e exclusivamente ás rendas altas. E hai neste país 1.200.000 declarantes no ámbito do IRPF; deles 800.000 aproximadamente teñen un soldo medio de 22.177 euros, o cal equivale a unha base liquidable de 15.000 a 17.000 euros. Nese



tramo de base liquidable o beneficio fiscal, a exención e a bonificación fiscal que vén da Xunta para o conxunto dos galegos equivale a 12 euros. E, efectivamente, o tramo de galegos que ganan máis de 100.000 euros, que son 38.000 neste país, o 0,3 %, teñen un beneficio fiscal de 500 euros. No conxunto do beneficio fiscal e do IRPF, de 55 millóns, un impacto fiscal de 20 millóns de euros. Polo tanto, vostedes lexislan clarisimamente para as rendas altas, e a quen beneficia a súa tributación é ás rendas altas. (*Aplausos.*) Vostedes o que fan é estrangular a tarifa, diminuír os tramos da tarifa e, en consecuencia, prexudicar a progresividade fiscal. Iso xa o facía o señor Montoro cando gobernaba o Partido Popular en Madrid, e tamén se facía en Castela-A Mancha coa señora De Cospedal cando estaba de presidenta.

Por tanto, a quen beneficia basicamente a súa política fiscal e as súas exencións e bonificacións fiscais, que nós ligamos en todo caso, non dicimos que deban desaparecer as bonificacións fiscais nin as exencións fiscais, senón que se liguen a cuestións de renda e que se liguen aos beneficios fiscais en función da capacidade de renda daqueles que obteñen ese beneficio.

Con todo, insisto nalgunhas cuestións nas que chegamos a algún tipo de transacción co Partido Popular, especialmente en cuestións de emprego público. Eu quero destacar a emenda transaccional elaborada co Partido Popular e a nosa emenda, onde se incorpora pola emenda 16 do Grupo Socialista unha disposición transitoria única *bis*, que ten que ver fundamentalmente cos traslados por razón de violencia de xénero no caso dos empregados públicos, que nós entendemos que debe de ter efecto dende que se produce a entrada en vigor da presente Lei de emprego público. Polo tanto, nós vemos positivo que esta emenda se transaccione e vémolos acorde, independentemente da crítica global que facemos deste modo de lexislar.

Igual que transaccionamos determinado tipo de emendas que teñen que ver cos montes veciñais en man común, basicamente porque entendemos que a realidade social das comunidades de veciños ten cambiado ao longo destes últimos anos. De aí que sería bo que a lei do ano 1989 se modifique xa dun xeito definitivo, se traía unha lei nova a este parlamento, se consensúe esa lei nova coas comunidades de montes veciñais en man común, co sector e se consensúe esa lei coa propia Fegamp. Dende logo, non é de recibo que ano tras ano estean vostedes introducindo emendas neste ámbito, que o único que están causando é inseguridade xurídica.

Con todo, nós entendemos que hai unha realidade nese ámbito que ten que ver coas comunidades veciñais de montes en man común, que por unha cuestión de inexistencia de veciños quedan abandonadas, e neste caso entendemos que a xestión cautelar de xeito provisional e en beneficio da comunidade de montes se faga pola propia Xunta de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...ou polo propio concello se así o acorda, e que se faga sempre en beneficio da comunidade de montes a expensas da rehabilitación da propia comunidade de veciños.

Remato xa. Logo falarei das emendas do Partido Popular e dalgunha cuestión que ten que ver tamén coas emendas do BNG.



Máis nada. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Comezar un pleno á hora de xantar neste país, iso si que é unha *afronta* e unha *aldraxe* a Galiza, pero comer é de covardes. Así que, conselleiro, señorías, que aínda aguantan aquí estoicamente, imos comezar polo tanto con este debate final e votación desta proposta de Lei de medidas fiscais e administrativas ou Lei de acompañamento.

Eu intentaba romper un pouco o xeo con esta brincadeira inicial. Pero para enfocar un pouco o debate nesta ocasión, neste debate xa final, o que fixemos desde o BNG, para xustificar e motivar tamén a posición, que xa avanzo que vai ser contraria a esta proposta de lei —como non cabía ser doutra maneira—, foi centrarnos en que imos votar hoxe nesta Lei de acompañamento, que supón algunhas das reformas que inclúe esta Lei de medidas fiscais e administrativas.

No que ten precisamente que ver coas medidas fiscais, o que hai é unha rebaixa fiscal para as rendas máis altas. Aquí falouse pola mañá moito de impostos, e eu quería determe nalgúns dos aspectos que recolle agora xa este Ditame da Lei de acompañamento para 2022. Unha traballadora normal e corrente, unha traballadora por conta allea, da inmensa maioría que xera riqueza e sostén este país, verá un aforro de 12 euros/ano aproximadamente. Alguén que cobre máis de sesenta mil euros ou de cen mil euros ao ano, é dicir, por poñer un exemplo así aleatorio, a viceportavoz parlamentaria do Bloque —para entendernos— ou alguén que cobre máis —insisto— que a viceportavoz parlamentaria do Bloque Nacionalista Galego terá un aforro coa proposta que hoxe se somete á votación de 500 euros ao ano. Cincocentos euros ao ano que se aforran rendas superiores a sesenta mil e a cen mil euros ao ano. Porque grazas ás inestimables —iso tamén hai que dicilo— achegas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular a quen ten unha base liquidable de máis de cen mil euros directamente suprimíronlle ese treito específico do IRPF.

Antes falábase, e eu agradezo a cita que se facía a un empresario familiar, non se deu o nome, pero intuíamos máis ou menos quen podía ser, que dicía que había empresas que marchaban e empresarios e empresarias que marchaban de Galiza para pagar menos impostos ou non pagar impostos. E eu digo: pois vaia Deus con eles, porque pouco lle queren a este país, (*Aplausos.*) se pensamos que os impostos non é un atraco á man armada, senón un sistema de redistribución da riqueza pouco marxista leninista tamén, se mo permiten.

¿Isto que supón? Vaiamos ás consecuencias. Non hai nada inocuo nesta vida e estas decisións políticas tampouco o son. Que a ti, traballadora do común, que xeras riqueza co teu traballo en calquera empresa ou servizo que exista neste país, pois practicamente non che vai supo-



ñer nada. Insisto: 12 euros ao ano de aforro con esa rebaixa fiscal; nun ano no que hai que dicir unha inflación botada ao monte completamente, desorbitada, como a que estamos vivindo, cómelle 500 euros de poder adquisitivo a cada traballador e traballadora deste país, por situarnos. Pero a quen máis ten, pois supónlle bastante. Mañá é o sorteo de Nadal, e miña avoa sempre dicía algo así como que lle vai caer bastante un pico, un bo pico. A algún caerlle ademais menos na pedrea de mañá precisamente que se sortea esa lotería.

¿Pero que lle supón á administración? É dicir, ¿que nos supón ao conxunto de galegas e galegos esa rebaixa fiscal?, ¿que lles supón ás arcas públicas, a todas nós? Á fin e ao cabo, Fazenda somos todos, porque de aí saen os cartos para pagar os médicos, para pagar todo o persoal sanitario, todo o persoal docente, para pagar —eu que sei— a risga, por exemplo, para as persoas máis vulnerables do noso país. Pois con datos do informe da Atriga —tamén pouco sospeitosa de ser do Bloque— falamos de 136 millóns de euros menos que deixa de ingresar a administración pública só coas rebaixas, non estas incluídas na lei para o 2022, senón algunhas das que xa se levan aplicado no noso país. Por exemplo, rebaixa de impostos á compra de segundas vivendas, rebaixa de impostos a casinos e bingos, ou deixar sen impostos a herdanzas entre 400.000 euros e un millón de euros.

¿E isto a quen prexudica? Insisto en que non hai decisión política, económica ou fiscal que sexa inocua. Pois a quen menos ten claramente, porque é quen máis uso fai e máis lles debe tamén aos servizos públicos; quen vai todos os días, que o necesita, á sanidade pública, porque quen ten cartos vai á privada porque ten recursos para poder pagala.

Por iso nós desde o BNG, ¿que dicimos?, ¿que propoñemos? Dicimos que esta é unha reforma regresiva, máis regresiva aínda que a proposta orixinal da Xunta de Galiza, porque favorece máis a quen máis ten. E a proposta que facemos é precisamente darlle a volta; mantéñense vivas aínda as emendas presentadas polo noso grupo e o que queremos é que pague máis quen máis ten. Cunha proposta, se mo permiten, moi, moi conservadora —hei de dicir— a que propón o BNG. Porque a proposta que fai o Bloque é manter as rebaixas para as bases liquidables por debaixo de 35.200 euros e aumentar a tributación de forma progresiva ás bases liquidables máis altas. ¿Cantas e canto? Pois 53 euros para as bases de 47.600 euros, 177 euros para as de 60.000 euros e 377 euros para as de 100.000 euros; rendas por riba de 150.000 euros, que non é *peccata minuta*, 1.377 euros.

Insisto: quen máis ten, achega máis para garantir os dereitos de todas e de todos, para facer xustiza con ese principio básico da xustiza social de que cada cal segundo as súas capacidades e a cadaquén segundo as súas necesidades.

Pero esta proposta de Lei de acompañamento non se centra única e exclusivamente nestes tipos ou nestes impostos concretamente, e na proposta que formulamos desde o BNG queremos ir un pouquiño máis alá nesoutra dimensión que teñen tamén os impostos, e que ten que ver non só coa redistribución da riqueza, senón en conseguir obxectivos máis amplos que a mera recadación, como, por exemplo, garantir a función social da vivenda.

Neste pleno desde o Bloque Nacionalista Galego imos falar e moito de vivenda como dereito, pois a miña compañeira Alexandra Fernández defenderá unha interpelación a este respecto,



pero queríamos traer hoxe aquí unha das propostas que incorporamos nas nosas emendas e que formulamos a esta Lei de acompañamento desde o noso grupo, cun obxectivo claro de mobilizar vivenda baleira e de poñela no mercado para garantir esa función social e ese dereito fundamental recollido pois nada máis e nada menos que na Constitución do 1978.

¿Como? Pois con algo que fai Euskadi, que fai o Reino Unido, que fai París en Francia, que fan outros países da nosa contorna máis ou menos próximos á nós xeograficamente. De novo, o BNG ten unha posición este ano así un pouco bastante conservadora, bastante máis conservadora que a democracia cristiá vasca do PNV, e o que pretendemos é crear un imposto que grave a vivenda baleira propiedade de persoas xurídicas, que estea baleira por un período superior a dous anos.

¿Que é o que propón Euskadi? Pois van moito máis alá das persoas xurídicas, inclúen as persoas físicas, e ademais falan no seu decreto —que eu convido a todo o mundo a que o lea, aprobado neste ano 2021— de expropiación e alugueiro forzoso; o PNV en Euskadi. Ou outra cousa tamén así moi subversiva que ten un país tamén pouco —non sei— sospeitoso de ser do Bloque, como o Reino Unido, que grava a través dos seus concellos coa *Council Tax*, que é moi parecida ao IBI —por exemplo, no caso de Birmingham 150 % máis—, aquelas vivendas baleiras. O obxectivo é o de mobilizar esas vivendas que hoxe non están máis que servindo para especular e xerar riqueza a propietarios e propietarias rentistas —insisto: persoas xurídicas—, e que deberían ser postas no mercado para garantir un dereito fundamental básico, humano, inherente a cada unha de nós e a cada un de nós como é o dereito á vivenda.

Máis alá do que ten que ver cos impostos e coas reformas fiscais, esta Lei de medidas, que é onde se centra o groso do articulado da Lei de acompañamento, o que nos trae son, un ano máis —iso si que é como o turrón, que todos os anos volve—, reformas neste caso de medidas legislativas. Insisto: vinte e sete leis dun plumazo, fóra das reformas tributarias.

¿Que reforman? Pois basicamente quixeramos poñer o acento ou o foco sobre catro cuestións fundamentais:

Na primeira crean unha nova categoría profesional, sen ningún tipo de diálogo, nin moito menos co consenso nin dos profesionais facultativos e médicos do noso país, nin coas organizacións sindicais, que é crear un contrato único para médicos de familia, que terán que prestar servizo no seu centro de saúde e ademais con carácter obrigatorio tamén para gardas nos PAC. Isto non é así hoxe, pois as gardas nos puntos de atención continuada son voluntarias. E aínda que se nos quere presentar como unha medida para dar resposta aos problemas estruturais que traemos, que arrastramos na sanidade pública do noso país, non van servir de moito, ou atreveríame a dicir que van servir máis ben de nada.

En segundo lugar, reforman a Lei de montes veciñais en man común. Van ademais directamente á liña de flotación desta forma de propiedade tradicional galega, a propiedade comu-neira. Fano neste caso co plácet ademais do Partido Socialista. Montes comunais que pasarán cando a Xunta os declare en estado de abandono ao Goberno galego para ser ofrecidos des-pois aos concellos. Queremos lembrar e subliñar aquí desde o Bloque Nacionalista Galego que a propiedade comu-neira, os montes veciñais en man común, teñen un carácter —así o



son na súa natureza e na súa definición— inalienable, indivisible e intransferible. Esta é a enésima reforma que se trae pola porta de atrás da Lei de montes veciñais en man común. Logo virán aquí darse golpes de peito, iso unha vez ao ano, *que no hace daño*, (*Aplausos.*) falando de autogoberno. Pois autogoberno é tamén defender e non minar formas de propiedade tradicionais e populares galegas, de orixe esta da que falamos xermánica e romana, quérolles lembrar. Iso tamén é autogoberno.

A nós parécenos, e dixémolo por activa e por pasiva e repetímolo hoxe outra vez, que a Galiza de hoxe non ten nada que ver coa de hai quince, nin vinte, nin trinta, nin corenta anos, iso é obvio, e necesitamos adaptar a normativa á lexislación, á sociedade e á realidade actual. Pero se se quere debater, de verdade, en serio sobre o presente e sobre o futuro dos montes veciñais en man común, pois estupendo: tráíase aquí unha proposta de lei de reforma parcial ou total, unha lei nova que substitúa ou supere a de 1989, pero tramítase pola vía regulamentaria ordinaria, sen furtar nin negar o debate de participación ás comuneiras e comuneiros, ao conxunto da sociedade e ás xentes que actúan neste país, e, por suposto, tamén sen negarnos ás propias forzas parlamentarias a poderen ter un debate sosegado e un debate á altura do que entendemos que merece esta forma de propiedade tan tradicional galega. Veñan eu diría que con decencia e con valentía política, veñan de fronte e non pola porta de atrás. (*Aplausos.*) Porque esta lei non é a primeira vez que se modifica, xa a modificaron pola porta de atrás coa Lei de montes de 2012, e volven outra vez agora con esta Lei de acompañamento pretendendo furtar o debate.

En terceiro lugar, outra reforma —esta é a nai do año, a cuadratura do círculo—, que é facer xa das leis de acompañamento lexislación sectorial básica para regular nada máis e nada menos que o sector do transporte e as infraestruturas para a mobilidade sostible no noso país. Delirante, ¿non? Non é xa unha Lei de medidas que sexa unha ferramenta excepcional, que non nos gusta, pero abusamos dela cada ano como se nos fora a vida niso; non, agora directamente hai sectores nada baladís nin menores, como a mobilidade por estrada, o sector do transporte de pasaxeiros e mercadorías no noso país, que están regulados coa Lei de acompañamento de 2017, e agora esta tamén de 2022. Porque —insisto— en vez de ir de fronte con valentía política e traer aquí propostas de lei que regulen, con todo o diálogo, con todo o sosego e con toda a ambición que teñan e a súa maioría absoluta, sectores tan fundamentais para abordar a crise climática, como é o da mobilidade e o transporte, pois non, pola porta de atrás e cunha Lei de acompañamento *tira millas*. (*Aplausos.*)

E por último, pero non menos importante, a reforma que fan da lexislación diversa e variada que regula o sector eólico. Isto xa —se mo permiten— *es que no tiene nombre*, así directamente; é puro fariseísmo político, (*Aplausos.*) pura hipocrisía e falsa moral. Porque traen unha suposta moratoria, que non é tal, porque realmente o que están é intentando gañar un pouco de tempo como administración para tramitar a cantidade inxente de proxectos eólicos que hai presentados xa, máis de sete mil megavatios que hai solicitados, logo de que se puxese a pica en Flandres por parte de Iberdrola, Greenalia, etc., con máis de duascenas solicitudes que hai rexistradas.

E ademais de ser unha falsa moratoria, non é tal, despois das emendas, tamén hai que agradecerlle outra vez a inestimable axuda do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, pois a ampliación da distancia entre núcleos de poboación e aeroxeradores xa non será de



aplicación para parques que sexan obxecto de repotenciación ou outros parques que se atopan xa solicitados en proceso de tramitación. Porque o PP, sempre con vontade de escoita activa, sempre digno representante dos intereses do oligopolio eléctrico, pois fixo caso a quen mandou parar. *(Aplausos.)* E quen paga, manda, e quen manda, manda. Non sabemos se será Greenalia, se será Iberdrola... Non sabemos moi ben quen será quen mandou parar. Pero nós o que lles dicimos e pedímoslle ademais encarecidamente é que se protexan non só os dereitos das persoas que viven e traballan especialmente nos espazos rurais ou no medio rural do noso país, senón que o que necesitamos —e debateremos tamén neste pleno cunha moción do BNG sobre iso— é facer unha reforma integral dun sector que é estratéxico, obviamente, para este país, pero que necesita unha ordenación, un novo plan sectorial eólico, que estea adaptado á realidade actual, tanto nos avances tecnolóxicos como na necesidade de protección do espazo natural, da biodiversidade e do noso medio. Diante da crise climática, pero non só, pois as sociedades avanzan, por sorte, e gañamos en perspectiva ambiental e perspectiva climática.

En definitiva, e xa remato, nós é sabido —repítoo tamén para deixar constancia— non apoiamos nin concordamos coa forma nin co fondo destas leis de medidas, nin como procedemento lexislativo, e moito menos concordamos co fondo da modificación que se inclúe nela. Por iso, votaremos en contra.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe o texto definitivo da Lei de medidas para o ano 2022 no que lexislamos cuestións importantes que serven para resolver problemas e para facilitar a vida aos galegos e ás galegas.

Eu non vou entrar en polémicas estériles sobre a constitucionalidade deste instrumento lexislativo... —Non vou quitar a máscara, se non lles importa. Grazas.—

O señor PRESIDENTE: Si, se se sente máis cómoda, respectámolo. Perfecto.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, grazas.

O señor PRESIDENTE: Non hai ningún problema, pero quere ela facelo así. É libre.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Dicía que eu non vou entrar en polémicas estériles, señor Francisco, sobre a constitucionalidade, a legalidade desta norma. Está claro que xa hai varias sentenzas do Tribunal Cons-



titucional onde se di que esta norma é constitucional. E, ademais, estamos ante unha lei ordinaria, e mal chamada Lei de acompañamento. Xa llo expliquei varias veces: a Lei de acompañamento é aos orzamentos xerais do Estado. ¿Por que? Porque esas leis de acompañamento van dentro da propia Lei de orzamentos. Esta lei é unha lei diferente á Lei de orzamentos. Polo tanto, non leva o mesmo trámite que a lei do Estado. Vostedes seguen con ese mantra. Pero non por repetilo máis veces vai converterse en verdade. Igual que cando vostede di que é preciso o informe do CES. Xa quedou claro en diferentes debates que non é preciso o informe do CES.

Eu vou centrar o debate en positivo, en contar o que regulamos, intentar explicar cales son os problemas que pretendemos resolver con esta lei, porque a cidadanía votounos para iso, votounos para que resolvamos os seus problemas, non para que lle xeremos máis. E facémolo con rigor, señor Francisco, e facémolo con debate, e ninguén nos furta a nosa función. Vostede veu aquí dicir exactamente o mesmo que dixo no debate de totalidade, no debate de emendas, na Ponencia... É dicir, pois nós non, porque nós reunímonos con sectores, reunímonos con funcionarios, con sindicatos, igual que vostede seguramente. E moitas das nosas emendas son froito desas reunións. Polo tanto, si que escoitamos a xente.

E despois paréceme increíble, señor Francisco, que vostede volva outra vez aquí co mantra de que a Lei de saúde galega é inconstitucional. É falso, señor Francisco. O que pasa é que vostedes teñen que tapar a súa incompetencia de socialismo. Vostedes, no Estado español, dende marzo de 2020 ata hoxe, van vinte e un meses de pandemia no que o Goberno de España non fixo unha lei de pandemias; está deixando as restricións e a toma de decisións da pandemia en mans dos tribunais. E xa o colmo dos colmos é que agora o señor Sánchez, en plena sexta vaga, dende o sábado ou o domingo, non sei que día foi, que para xustificar que foi a Cataluña utiliza a Delegación do Goberno para dar unha rolda de prensa e dicir que convoca unha Conferencia de Presidentes o mércores, porque debe ter moito tempo o señor Sánchez. Pero do mércores á Noite Boa hai corenta e oito horas, non hai tempo para tomar ningunha soa decisión legal, señor Francisco. Polo tanto, é unha pantomima o que vostedes están facendo coa pandemia e coa toma de decisións. E que vostede veña criticar a comunidade autónoma que si fai unha lei de pandemias para tomar decisións con base na legalidade resulta sorprendente. (*Aplausos.*) E foron vostedes, os socialistas, os que a levaron ao Tribunal Constitucional. Galicia é a única comunidade autónoma que ten unha lei de pandemia. Minto, Baleares tamén. ¡Ah!, copiada da galega. ¡Ah!, pero esa non a levaron ao Tribunal Constitucional, ¡que casualidade!

O que se introduce nesta lei sobre a Lei de sanidade é o acordo ao que chegou a Comunidade Autónoma co Estado para matizar unha cuestión da lei, pero non é inconstitucional, e así o dixo o Tribunal Constitucional.

Perdín moito tempo explicando isto, si, pero creo que era importante, porque vostedes como queren tapar a súa incompetencia, pretenden trasladala ao Partido Popular. E iso non llelo vou consentir.

No trámite parlamentario, efectivamente, incorporamos corenta e oito emendas; trinta e nove eran do Grupo Popular, aceptamos unha do Grupo Socialista e incorporamos oito trans-



accións co Grupo Socialista. Dezaoito das emendas que presentamos son simplemente en exclusiva de técnica xurídica, para matizar cuestións ou para evitar malas interpretacións, como é o caso das emendas 27 e 28, no sentido de que na Lei de medidas a atención primaria e a ausencia hospitalaria puideran constituír un mesmo ámbito profesional, e para evitar esa confusión introducimos esas emendas.

Logo hai emendas en materia de función pública. Transaccionamos a nosa emenda 7 coa emenda 16 do PSOE para unha mellora nas condicións de traslado de posto de traballo nos casos de violencia de xénero, e incorporamos a retroactividade da medida, que era o que vostedes propoñían na súa emenda.

Estas transaccións demostran, señor Francisco, igual que as da Lei de montes veciñais —da que logo falaremos—, que o debate da Ponencia non é un trámite prescindible, que podemos chegar a acordos, que podemos modificar algunha cousa. Vostede sabe que foi útil a Ponencia, quizais ao mellor non tanto como vostedes quixeran nas cousas que vostedes plantexaran. Pero eu voules explicar tamén por que dixemos que non a cousas que vostedes plantexaron.

Regulamos unha mellora para o persoal funcionarizado, que este persoal non teña que agardar dous anos para participar na quenda de promoción interna. Ampliamos as posibilidades de cobertura dos postos de xefaturas territoriais para cubrir con persoal procedente da sanidade, da educación ou da xustiza.

Incidimos na redución da temporalidade. A modificación que propoñemos responde á necesidade de prover vacantes que se vaian producindo co persoal que vai ter a condición de funcionario de carreira.

Tamén abordamos diferentes cuestións nalgunhas escalas e especialidades, como educador social, educador infantil, auxiliar de axentes de estrada, e a especialidade de xardín de infancia pasa a ser educación infantil. Nas escalas de bombeiro forestal e xefe de brigadas regulamos que quede integrado no seu grupo C1.

Tamén transaccionamos outras emendas co Grupo Socialista no ámbito dos axentes técnicos facultativos, na especialidade de animación sociocultural.

E as transaccións relativas á normativa en materia de montes veciñais en man común, como dicía antes. No texto orixinal da Lei de medias prevíase que no caso de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte veciñal ou en man común serían os concellos os titulares provisionais deste monte, en beneficio da comunidade. Non obstante, a través das emendas do Grupo Socialista, reformulamos o plantexamento inicial, no sentido de que non se lle asignará a dita competencia ao concello senón á Xunta de Galicia. Ben, despois unha serie de cuestións relacionadas con esta nova atribución competencial á Xunta de Galicia.

Tamén no ámbito do medio rural introducimos varios cambios. Ampliamos o prazo de transición entre o vello modelo e o convenio e consorcios forestais e o novo contrato de xestión



pública dos montes ata o 31 de decembro do 2023, en lugar do 2021. Trátase de dispoñer de máis prazo para a transición entre o actual modelo de consorcios e convenios e o novo contrato de xestión pública, e tamén evitar confusións entre os administrados co artigo 81 da Lei 7/2021.

Ben, ¿que dicía eu que se ía votar? Tamén dicía a señora Rodil: ¿que imos votar? Pois imos votar, en primeiro lugar, unha baixa de impostos. Eu xa sei que non lles gusta que o Partido Popular baixe impostos; intentan reduci-lo á mínima expresión. Se o Bloque Nacionalista Galego propón unha rebaixa de impostos, resulta que vén en plan moi, moi conservador; chegou a dicir que viña en «modo democracia cristiá vasca», a señora Rodil. Case me convence, señora Rodil. O que pasa é que logo tiven así unha luz e acordeime de cando dicían iso de que non eran independentistas, que son soberanistas, e rapidamente caeulle a pel de cordeiro. *(Aplausos.)*

Pois nós, ante a inacción do Goberno central, en Galicia realizamos unha rebaixa xeneralizada de impostos, priorizando esforzos nas rendas máis baixas e medias, que favorecerá o aumento do consumo, do emprego e, en consecuencia, tamén da recadación. E deste xeito minoramos a carga tributaria ao cen por cento dos cidadáns para incrementar a renda dispoñible en mans das familias, fomentando o consumo, o investimento e mellorando a competitividade das empresas.

Xa o explicou o señor Puy na súa anterior comparecencia no debate da Lei de orzamentos. As cifras demostran que cando baixamos impostos, a recadación medra. Así, no IRPF, dende o ano 2015 —que foi o ano anterior á rebaixa de 2016— e ata a campaña de 2019, medraron un 6 % os declarantes do IRPF e un 28 % a recadación. Eu lamento que con estes datos o señor Caballero quede en evidencia, porque, claro, el dicía que non se vira nunca ningún caso igual. Ben, pois parece que en Galicia si. Os datos non son opinables, son os que son, e esta é unha realidade. O Partido Popular ten un modelo fiscal que non está limitado ao ano 2022, pois levamos dez anos baixando impostos. E o modelo galego de rebaixas do IRPF permite que os contribuíntes galegos estean entre os que pagan menos en toda España. Sobre isto, como xa se falou moito, non vou seguir incidindo.

Pero si, señora Rodil, que vostede falaba aquí de a ver se lle toca a lotería á xente, porque a xente estao pasando moi mal. Eu recórdolle que a xente o pasa mal porque hai un goberno do Estado que non está facendo nada, e ese goberno do Estado está apoiado polo Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Vostedes votaron a Pedro Sánchez como presidente. E vostedes abstivéronse nos orzamentos para o ano que vén, porque non vaia ser que se enfade *un poquito* se lle votamos en contra dos orzamentos.

Pois neste momento no que a esquerda non é capaz nin de controlar o prezo da luz, sobe impostos do gasóleo, sobe as peaxes, non pon freo á contracción e á suba dos prezos xeneralizados do IPC, sobe o pan, soben os ovos, sobe o aceite, as familias precisan liquidez. Pois a Xunta continúa... *(Murmurios.)* ¿Non sei se quere dicir algo vostede, señora Rodríguez Rumbo? Xa falou antes e bastante, ademais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A Xunta continúa baixando impostos para incrementar o consumo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, non, e por alusións, estoulle contestando ás alusións que vostede fixo antes—, o emprego e os investimentos, e pasar da reactivación á recuperación.



Ben, pois entre as rebaixas fiscais que hoxe imos aprobar, ampliamos a dedución por acollemento familiar. Eliminamos a restrición actual, de tal xeito que a dedución do IRPF por acollemento tamén poderá aplicarse nos casos de acollemento pola familia do menor, de maneira que se propicie e favoreza o acollemento familiar. En Galicia danse anualmente a 617 familias, falamos de 772 menores que evitan a institucionalización de estar en centros de menores.

Unha mención especial merecen as modificacións introducidas en materia de sanidade, coa nova categoría de facultativo especialista de atención primaria. Decía o señor Francisco nou- tro debate, en comisión, que esta lei modifica cuestións de calado. Pois, certamente, vivir nun momento de pandemia e non ter profesionais da medicina é unha cuestión de calado, é unha cuestión importante. Por tanto, a situación actual pídenos, reclámanos que fagamos todo o posible para dotar o sistema sanitario de máis profesionais da sanidade. É un problema que os servizos médicos teñen, non só en Galicia, senón en toda España e en toda Europa. A Xunta xa ten estimado que de non tomar medidas urxentes en catro anos poderíamos atoparnos cun déficit de catrocentos profesionais de medicina de familia en atención primaria. É un problema global.

Xa se fixeron diversos requirimentos ao Goberno de España para crear a especialidade de urxencias, eliminar a taxa de reposición, flexibilizar o proceso de acreditación de novas unidades docentes, realizar unha convocatoria extraordinaria de MIR. Ben, pois ante a inacción do Goberno de España a todas as demandas que facemos, a Xunta ten que facer algo, e por iso creamos esta nova categoría de facultativo especialista de atención primaria, e vía emenda, para facer aínda máis atractiva esta categoría, establecemos que o acceso sexa a través de concurso de méritos.

Ben, o tema dos eólicos. Señora Rodil, a vostedes se regulamos o sector eólico, se introducimos medidas proteccionistas do medio rural, da Rede Natura, non lles gusta. Se introducimos a moratoria, é unha suposta moratoria, ¿que pasa? Que lle desmontamos o chiringuito das plataformas. Iso é o que pasa, que todas esas plataformas que teñen por aí adiante, que todas saen do mesmo despacho de avogados, e todos nos coñecemos neste país, señora Rodil. E ten un problema, claro, que agora se lles desmonta o chiringuito na rúa. Non se preocupen, atoparán outro ámbito no que poñer lío, no que poñer pancartas e onde sacar as bandeiras coa estelada vermella.

Nós damos prioridade a un desenvolvemento compatible co medio rural, e por iso a partir de xaneiro se establece unha moratoria de ano e medio para poder tramitar todos eses expedientes que están pendentes, e tamén neste contexto actual de inseguridade xurídica creo que é importante. E nós non gobernamos para os que vostede di, porque parece que tam- pouco están moi contentos. Nós non temos contento o sector da empresa eólica, ¿sabe? Por- que nós gobernamos para os galegos e para as galegas, e o único compromiso que temos é con Galicia, nin cos dos sectores de arriba, nin cos do sector de abaixo.

E sobre o eólico tamén lles plantexamos unha proposta de cara a que se considerasen em- presas prioritarias aquelas do eólico que deixen enerxía renovable ás empresas da industria galega. Era unha oportunidade máis para que as empresas que están pagando tanto, as elec-



trointensivas, puideran ter unha posibilidade legal de ter unha posibilidade máis, e aí estamos pensando, si, en Alcoa. E vostedes dixeron que non. É a súa decisión. A nós non nos parece mal, pero logo non veñan dicir aquí que non se fai todo o posible, non, inténtase. Outra cousa é que saia ou non saia. Pero vostedes de entrada xa din que non, porque aínda que digan que non, seguen sendo os do «non».

E, como se me remata o tempo, señor presidente, sigo na seguinte quenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Si, novamente grazas.

A nosa posición en relación con esta Lei de medidas é evidentemente pública. Nós imos votar en contra do texto definitivo desta lei. E basicamente porque nós entendemos que este non é o mecanismo axeitado para modificar normas, leis, que existe o Parlamento, que existen os deputados e deputadas, os representantes da soberanía popular, e que aquí existen regulamentos e canles axeitados para modificar as leis, e esa é a nosa función, facelo de xeito sosegado, tranquilo, con informes.

Vostede falaba da Lei de saúde pública, pois a Lei de saúde pública que trouxo aquí, non a Xunta de Galicia, tróuxoa o Partido Popular, nun dos puntos desa lei establecía, basicamente, que os cidadáns se tiñan que vacinar obrigatoriamente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, si, si. E vostedes traen esta lei dende o Grupo do Partido Popular e non dende a Xunta precisamente para obviar informes que son preceptivos, (*Aplausos.*) que é o que fan basicamente tamén a través desta Lei de medidas fiscais, modificando trinta normas, sen que con esas modificacións se acompañen os informes preceptivos e que son necesarios para que todos poidamos facer a nosa función.

En materia fiscal, en fin, eu xa non vou falar máis do tema fiscal porque xa se falou aquí dabondo. Pero choca que o propio Partido Popular emende ao Partido Popular, neste caso da Xunta de Galicia, e parézalle excesivo que no tramo da tarifa do imposto do IRPF se estableza un tramo máis para a renda de 100.000 euros. Vostedes suprímena a través desa emenda, o cal evidencia que vostedes lexislan única e exclusivamente para as clases máis podentes, para os que máis teñen e para os que máis gañan neste país, que son os que máis se benefician dos beneficios e das bonificacións fiscais, como xa lles dixen antes.

O que nos parece un pouco kafkiano de todo isto é que o propio Partido Popular emende á propia Xunta de Galicia nunha Lei de medidas que xa de por si ofrece bastante inseguridade



xurídica en bastantes ámbitos, privando a estes deputados da posibilidade de plantexar emendas ás emendas do Partido Popular e que, dificilmente, podemos aceptar.

Dende logo, nós si podemos transaccionar —eu creo que é o que o señor Puy lle está dicindo á señora deputada Paula Prado, perdón— co Partido Popular e, de feito, fixémoslo nalgunhas cuestións, especialmente no tema de montes. E eu quería facer aquí unha pequena aclaración en relación coas transaccións en materia de montes veciñais en man común, especialmente en relación co que dixo a deputada do BNG. Non é verdade que nós aquí intentemos, en fin, convenir co Partido Popular o desprazamento da titularidade dos montes veciñais en man común dos veciños, que son os titulares inalienables, imprescritibles dos propios montes, á Xunta de Galicia. O que intentamos, loxicamente, é que nunha situación de dependencia, onde non existen comunidades de veciños que xestionen o monte, evidentemente alguén os xestione en beneficio desa comunidade de montes, de xeito cautelar e provisional. E nós entendemos que debe ser a Xunta, e a Xunta á súa vez tenlle que ofrecer esa xestión ao propio concello onde radique o monte, a través dun órgano de xestión forestal e mediante a creación dun instrumento de ordenación forestal. Iso é o que plantexamos nós.

En relación coas emendas do Partido Popular, de todo tipo, evidentemente, a señora deputada Paula Prado fixo aquí mención a algunhas. Eu en relación coa emenda vinculada á sanidade, á creación desa categoría, da posibilidade de que un médico de atención, de medicina familiar e medicina comunitaria poidan acceder á condición de médico especialista de atención primaria, nós non estamos en contra de que neste país haxa máis médicos, non; nós o que estamos en contra é de que se faga isto sen crear a categoría profesional axeitada e negociando neste caso cos axentes implicados, especialmente con todos os sindicatos, cos que, evidentemente, non se negociou absolutamente nada con este tipo de cuestións.

En relación coas emendas vinculadas ao sector eólico que introduce o Partido Popular, nós entendemos que, efectivamente, aquí o que hai é que traer propostas serias, hai que regular a través dun novo plan sectorial eólico, hai que facelo de novo, hai que negociar coa Fegamp, hai que negociar co sector e deixarse de tomar medidas que o único que ofrecen é inseguridade xurídica na súa aplicación.

Só para rematar, en relación coas emendas do BNG, nós ímonos abster, non porque teñamos unha diferenza abismal en materia de política fiscal, que nalgunhas cuestións podemos coincidir, como no ámbito da progresividade tributaria, que introduce tamén o BNG no ámbito do IRPF, imposto do patrimonio e sucesións, senón porque o BNG a través de determinadas emendas crea impostos, e nós cremos que esta non é a técnica axeitada para crear tributos a través...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...de emendas á Lei de orzamentos ou á Lei de medidas fiscais e administrativas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Franciso Rivera.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ao que a señora Paula Prado lle chama «técnica parlamentaria», traducido así a román paladino, galego, non sei, inglés, como queiran, é tapar as chapuzas do seu partido no goberno, (*Aplausos.*) que son as disposicións transitorias que se cargan cando lexislan outras leis, pois intentar amañalas agora. Diso hai moitísimo. As oito veces que poden modificar o mesmo artigo 22 da mesma Lei de prevención de incendios, que era de 2007, pero da que non queda absolutamente nada. E dirán: ¿trouxeron outra lei de prevención de incendios? ¡Que va, home!, as leis de acompañamento que están para iso, para facer, desfacer (*Aplausos.*) e cambiarlles case ata os títulos ás leis sen dar —insisto— un debate honesto en termos políticos e en termos democráticos, que cando se quere cambiar algo, que teñen toda a lexitimidade e os votos para facelo, vir de fronte e non pola porta de atrás, e furtando debates e participación política, que é do que imos falar e moito agora.

Eu vou centrarme nestes últimos cinco minutos de intervención no que se está falando aquí, no que se inclúe aquí e nas consecuencias que traerá a reforma de distinta normativa relativa ao sector eólico, tamén porque é un tema que preocupa e ocupa moitísimo a este país e á sociedade galega. E reitérome no que dixeran na primeira intervención: é falsa moral e unha hipocrisía política total e absoluta, cunha moratoria que non é tal; é máis case un toque de corneta, (*Aplausos.*) un aviso a navegantes de «póñanse as pilas», (*Aplausos.*) a poñer a pica, porque o sector, *que es la ley de la selva*, é así, e o primeiro que chegue e poña a bandeira alí —isto é como cando colonizaban África— *se queda con el territorio*, (*Aplausos.*) *y luego ya lo que sea...* (*Aplausos.*)

Isto xa o vivimos, porque aquí as cousas pasan varias veces. E isto vivímolo cando anunciaron a bombo e prato aquela moratoria dos eucaliptos. ¿E a que andaba a xente? Tirando pinos que non valían nada, para meter máis e máis eucaliptais antes de que se aplicase esa moratoria. Que iso si, pois teñen a ben avisar con tempo para que a xente se vaia poñendo as pilas. (*Aplausos.*)

Con isto, igual. Se quedaba alguén aínda por poñer esa proposta de proxecto de poligonal, pois xa tivo tempo antes de que entre en vigor ao longo de todos estes dous meses, que hai que lembrar tamén para situarnos temporalmente; dous meses —digo isto por algo que comentarei ao final— que levamos no proceso de tramitación desta lei. É unha moratoria —insisto moito— que non é tal, que o que intentaba... Iso si, e alégrome e esperaba que dixese o das pancartas, *el Bloque que lo controla todo*, ¡todo!; dá gusto, alcaldesas e alcaldes do Partido Popular, como o de Oia ou o de Lalín. (*Aplausos.*) Igual por iso están tan nerviosos. (*Aplausos.*) Igual tamén eses están —non sei— nun contubernio nacionalista, soberanista e independentista. Esas plataformas que de norte a sur, que de leste a oeste neste país o que están é defendendo un dereito que nós entendemos que é básico, que é que, efectivamente, a actividade económica e a actividade industrial neste país respecten pois o mínimo.



E isto que temos aquí, ese *boom* eólico depredador, que vostedes favorecen ademais alegre e entusiasticamente coas reformas legais que introduciron ao longo das últimas lexislaturas, non respecta nada. ¡Nada! Nin a vida, nin o territorio; nin a convivencia entre persoas, explotacións gandeiras, actividades primarias e poligonais ou parques eólicos. E non é que o digan —pois non sei— esas hordas captadas polo contubernio nacionalista, incluídos os alcaldes e alcaldesas do Partido Popular.

¿Que lles parece subversivo e controlado polo Bloque o Consello da Cultura Galega? (*Murmurios.*) Que é un organismo estatutario, (*Aplausos.*) ¡estatutario! O do golpe de peito do domingo nese articulado está como un organismo estatutario o Consello da Cultura Galega. Eu cítoo aquí literalmente, ten vostede o informe —non me cabe a menor dúbida— e se non seguro por aí atrás —que se oían tamén uns apupos— seguro que tamén o teñen. Insisto: a maneira en que se están desenvolvendo os parques eólicos, os proxectos eólicos, «resulta negativa para ámbitos da nosa sociedade tan sobranceiros» —teñen este arcaísmo así— «como a cultura e incluso a economía, xa que afecta ás paisaxes, ao medio ambiente e ao patrimonio».

¿Que pide o Bloque? Algo —insisto— que se debaterá neste pleno a través da moción que temos presentada. O que pedimos é que se ordene, efectivamente, pero cunha normativa acorde aos tempos, ao desenvolvemento tecnolóxico e a un Plan eólico que está caducado pero non desde onte, nin hai un mes, nin hai un ano, senón desde hai demasiado tempo neste país. (*Aplausos.*)

E logo, para rematar —porque volven outra vez—, efectivamente, como dúas horas antes de que tivese lugar —e menos mal que por circunstancias alleas á vontade da organización— houbo que mover o debate e votación en comisión do ditame. Dúas horas antes dese debate e votación na Comisión do ditame proponnos o Partido Popular introducir unha modificación sobre unha lei que nin sequera estaba no proxecto inicial. E apélase aquí a Alcoa. ¿Canto tempo leva Alcoa pendente dun fío con miles de postos de traballo pendentes dun fío polo prezo da luz?, ¿empezou onte? Porque as mobilizacións e os traballadores en guerra levan anos. Entón, a min o que me parece —xa para empezar— é que é pouco serio e menos democrático aínda que se intente introducir a enésima modificación pola porta de atrás e no último momento. (*Aplausos.*) Miren: non, co Bloque non contén. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Señora Rodil, moito teatro co de Alcoa, pero total para deixalos tirados igual. Total, en Alcoa xa non contan co Bloque Nacionalista Galego. (*Risos.*) Así que non se apure na escenificación.

Señor Francisco, é tan burdo o seu argumento sobre a Lei de saúde que vostede citou aquí un artigo que non foi modificado nin nunha soa coma. Entón, esa é a proba evidente de que



a vostedes o que lles proe é que Galicia aprobase unha Lei de saúde e puxese en evidencia a incompetencia absoluta do Goberno socialista en Madrid, que non é capaz de aprobar unha lei de pandemias. *(Aplausos.)*

E, señora Rodil, respecto dos eólicos, voulle dicir unha cousa: vostedes son os do «non». Cando foi a autopista era a navallada, e agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, non, ¡a pancarta! Vostedes cando nacen, nacen cunha pancarta e cunha bandeira estrelada, e despois teñen que usala. Entón, durante os oitenta, ¿que estiveron? En contra de Ence. Agora que pecharon Ence, xa non teñen o xogueteño, pois imos cos eólicos, e veña plataformas e veña manifestacións. Alá vostedes, a xente xa os coñece.

Pero nós aquí estamos para resolver problemas, e por iso a xente vótanos, porque o intentamos; ás veces resolvémolos e ás veces non é fácil, pero polo menos intentamos poñer solucións. E hoxe nesta lei intentamos ofrecer unha solución que permita mitigar o impacto do incremento de prezos no eido da construción das obras públicas. Porque non sei se vostedes saben que dende mediados do ano 2020 as materias primas teñen experimentado un desorbitado incremento —o aceiro, o petróleo...— e hai un problema na construción, e hai un problema na obra pública. Ben, pois nós promovemos unha medida para dar resposta á situación xerada por esta crise de materiais, que está a poñer en risco a viabilidade das obras públicas promovidas pola Administración autonómica. E achegar solucións a esta problemática da crise dos materiais que tiña que ter promovido o Goberno de España, pero como non temos Goberno de España, que está desaparecido, que non sabemos moi ben a que está... *(Murmurios.)* Non, claro, vostedes deféndeno porque vostedes puxeron aí o señor Sánchez e agora vanlle apoiar os orzamentos... ¡Ah!, non, non o apoian, ¿como é iso? Unha abstención crítica. Ben, pois eu dicía que noutros países, como Francia ou Italia, si teñen feito algo pola crise dos materiais; en España non, estamos a outras cousas. Pois en Galicia imos intentar aportar unha solución a este problema que entendemos que é importante.

E dificilmente podemos aceptar as súas emendas, porque as súas emendas o que van é na dirección contraria á que vai o noso proxecto. O noso proxecto é baixar impostos, e vostedes propoñen subir impostos. Non podemos aceptar as emendas do BNG, por moi conservadoras —conservadoras de «democracia cristiá vasca»— que nos quere vender aquí a señora Rodil, porque pretenden subir o IRPF, subir o imposto de sucesións e doazóns, crean un imposto sobre grandes superficies comerciais —señora Rodil, que as grandes superficies comerciais que abriron en Galicia foron baixo a batuta do conselleiro de Industria do Bloque Nacionalista Galego, todas con licenza da súa época de goberno—, crean o imposto de vivendas baleiras reproducindo o modelo catalán. Claro, hoxe non veu aquí vostede dicirnos: non, atención, é para as persoas xurídicas; hoxe non. Xa o dixo en comisión e xa se lle explicou, señora Rodil, que unha cousa son os grandes tedores e outra cousa son as persoas xurídicas. Vostedes copian o imposto catalán, que non pon máis vivendas de alugueiro no mercado, non, iso é falso; porque en Cataluña, concretamente Barcelona é a cidade de España onde máis delitos de ocupación hai, e teñen ese imposto. ¿Que animan a xente a poñer máis vivendas no mercado?, ¿para que?, ¿para que sexan ocupadas? Non, señorías.

O canon eólico, que vostedes modifican de xeito totalmente improvisado, sen establecer un tipo impositivo concreto, sen ningún tipo de análise previa. Non xustifican os cálculos nin



de onde saen as cotas tributarias que se propoñen, nin se ten afección ou non co medio ambiente.

Vostedes son capaces de dicir unha cousa e a contraria ao mesmo tempo, son capaces de criticar a permisividade da normativa do sector eólico e criticar tamén a moratoria. A vostedes válelles todo. Insisto: o único que lles proe é non poder seguir mantendo esas plataformas na rúa para seguir criticando o Goberno do Partido Popular.

E tampouco podemos apoiar as medidas do Partido Socialista porque tamén van nesa liña. Na súa emenda número 2, por exemplo, propoñen límites a aplicacións das deducións fiscais para familias numerosas e por nacemento e adopción de fillos. Señor Francisco, unha familia numerosa son tres fillos, ou dous se un deles ten discapacidade. Ben, nós con iso non podemos estar de acordo.

Señorías, modificamos, efectivamente, cuestións de calado porque nos atopamos nunha situación excepcional. Baixamos os impostos para permitir máis liquidez ás familias nun momento onde a xente o está pasando mal e precisa liquidez. Adoptamos medidas urxentes para paliar o déficit de profesionais da medicina en atención primaria. Introducimos medidas legais na regulación do sector eólico para continuar cunha planificación ordenada. Intentamos unha última transacción no ámbito do eólico, co fin de facilitar o acceso á enerxía barata e verde para as empresas electrointensivas.

O Goberno central non dá solucións e dende Galicia intentamos poñer o noso gran de area e intentamos poñer algunha solución. Vostedes non queren colaborar na aportación de solucións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...pois están no seu dereito.

En definitiva, esta lei está dirixida a atender as problemáticas máis importantes da sociedade galega actual. Pódese escoitar a xente e atender as súas necesidades, ou, como fai a oposición, seguir os seus dogmas políticos e atender as súas necesidades partidistas. Nós seguiremos atendendo a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Imos votar, polo tanto, este texto lexislativo.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 40; abstencións, 18.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.**

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego non incorporadas ao Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **E agora votamos o ditame da Comisión.**

Votamos.

Votación do texto transaccionado do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame da Comisión e, consecuentemente, queda aprobada a Lei de medidas fiscais e administrativas.

O señor PRESIDENTE: **Continuamos co punto 3 da orde do día.**

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar sobre as conclusións acadadas polo Comité Asesor Sociosanitario nas que se asentará o novo modelo de coidados de longa duración en Galicia

O señor PRESIDENTE: **Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.**



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

A vocación de mellora constante está inscrita no ADN da especie humana. Sempre buscamos ir un paso máis alá, chegar un pouco máis alto ou facer que as cousas sexan cada vez mellores. As persoas somos inconformistas por natureza. Permítanme que, por ser de onde son e atoparme onde me atopo, faga unha mención especial ao pobo galego.

Somos xente curtida nas adversidades, definida polo xeito no que nos sobrepoñemos a elas. Galicia sempre soubo deixar a un lado a soberbia que, ao negar a existencia mesma, impide ás veces ver os defectos e que estes efectos ou defectos se corrixan.

Galicia é unha comunidade autocrítica que entende que o mellor xeito de avanzar no camiño é recordar aqueles lugares onde tropezamos con anterioridade. Ao final de todos os Camiños, aquí mesmo, na cidade de Santiago de Compostela, atopámonos unha das mellores mostras deste espírito de superación continua que sempre nos caracterizou aos galegos e ás galegas. A catedral de Santiago era ao principio do século XVIII un edificio románico con cincocentos anos de historia; un templo sólido, robusto e fermoso. Pero os galegos daquela tempo observaron que a fachada, incluído o impresionante Pórtico da Gloria, estaba desgastándose por mor da chuvia e por mor do vento. Foi así que no 1750 se construíu unha nova fachada na praza do Obradoiro, obra do arquitecto Casas Nóvoa, porque a vella catedral románica necesitaba un complemento para seguir cumprindo a súa función.

O camiño da autoexixencia e a mellora constante continúan ata os nosos tempos. Entre o 2009 e o ano pasado a catedral someteuse a unha rexeneración total para protexer a súa estrutura, para ensalzar a súa beleza e tamén para perfeccionar un edificio que é tan emblemático precisamente porque xamais deixou de cambiar. Esta reforma integral ademais fíxose como se deben de facer as cousas importantes, coa estreita colaboración institucional.

Cando os galegos cremos en algo non o deixamos conxelado no tempo, retocámolo, actualizámolo e adaptámolo aos novos tempos, e non porque o anterior non sirva, senón, precisamente, porque para seguir servindo debe de mellorarse e de reformarse.

Como a nosa catedral, as residencias para as persoas maiores foron evolucionando ao longo da súa historia. Nun inicio eran centros de caridade para persoas maiores desamparadas, despois foron espazos semihospitalarios para pacientes crónicos e máis adiante algo semellante a hoteis para persoas maiores que non querían vivir soas.

Os cambios na concepción do que debe de ser unha residencia farían sentirse a moitas persoas moi orgullosas, xa que se trata dun calco case perfecto do método dialéctico que algúns de vostedes coñecen: despois de cada tese viña a súa antítese, e volta a empezar. O que pretendemos agora é acadar por fin a síntese.

Como na súa primeira época, as residencias deben acoller prioritariamente as persoas que non teñen ninguén quen as coide, como se fai a través do Protocolo da emerxencia social. Como na súa segunda época, as residencias deben de ofrecer asistencia sanitaria básica aos



seus usuarios, xa que a maioría deles sofren os achaques propios da idade. E como na súa terceira época, as residencias deben de ser lugares acolledores e cálidos, o máis parecido aos seus fogares.

As residencias da Galicia do futuro deben integrar toda a experiencia acumulada ao longo de todas estas décadas, pero tamén deben de corrixir as súas disfuncións, que se foron detectando ao longo do tempo.

Durante os últimos dous anos, as residencias de maiores víronse sometidas a unha presión interna e externa sen precedentes, en Galicia pero tamén no resto do mundo. Interna porque estes centros non están concibidos para resistir unha pandemia dunha enfermidade infectocontaxiosa deste calibre. E presión externa tamén porque as residencias, que sempre están afeitas a traballar con discreción, se viron de súpeto situadas no centro da axenda pública.

Durante a pandemia a preocupación do mundo enteiro virou cara ás persoas maiores. Percibimos con crueza ata o punto ao que eran vulnerables e vimos como os lugares onde convivían, como eran as residencias, reunían un número elevado de contaxios.

Os residentes e as súas familias pasaron por momentos de moita, de moitísima dor. No medio dunha crise global, os centros sociosanitarios viviron os meses máis complicados da súa historia. E ante este contexto sen precedentes, baixo esta tormenta perfecta, Galicia actuou como a situación o exixía, con axilidade e tamén con contundencia. Fomos áxiles e contundentes ao poñer en marcha as primeiras residencias integradas de Europa para as persoas maiores que se contaxiaron no seu centro residencial. Fomos áxiles e contundentes á hora de intervir residencias privadas cando o Goberno central habilitou legalmente esta posibilidade. É unha fórmula que utilizamos ata catorce veces ao longo da pandemia, sempre que foi necesario. Fomos áxiles e contundentes ao realizar probas diagnósticas coa máxima frecuencia, complementando as PCR con probas de antíxenos. Chegáronse a facer dous e ata tres cribados semanais. Fomos áxiles e contundentes priorizando as residencias á hora de recibir a vacina, nas dúas primeiras doses e tamén con esta dose de reforzo.

Os maiores das residencias foron dende o inicio da vacinación as persoas mellor protexidas de toda Galicia. Ese foi o inicio da fin do estado de alerta máxima nos centros. Fomos áxiles e contundentes ao fixar protocolos específicos para os centros dende os primeiros compases da pandemia. Fomos facendo máis ou menos flexibles e máis ou menos estritos os protocolos en función da evolución da situación epidemiolóxica.

A actuación das residencias e da Xunta de Galicia tivo un propósito claro: salvagardar a saúde dos residentes, traballando sempre para conter os contaxios, pero, ao mesmo tempo, velar polo seu benestar emocional, sendo estritamente proporcionais e prudentes sempre que se adoptaban medidas nos centros residenciais.

Non escoitamos os cantos de serea que exixían pechar por completo as residencias de maiores cada vez que os contaxios crecían, porque iso suporía illar totalmente as persoas maiores. Tampouco escoitamos os que clamaban por unha intervención sumarísima e xeneralizada



de todas as residencias privadas, da inmensa maioría que funcionaban ben e desa minoría que debería de funcionar mellor.

No ámbito residencial, como en todos os demais, Galicia avanzou neses meses polo seu propio camiño, polo vieiro do «sentidiño», seguindo sempre os consellos dos expertos do ámbito social e do ámbito sanitario, e os resultados foron os seguintes: máis da metade dos centros xeriátricos galegos estiveron libres de covid-19 dende o inicio da pandemia ata o 30 de xuño de 2021.

Segundo. No contexto nacional, o impacto da pandemia nos centros xeriátricos foi o segundo mellor das comunidades autónomas españolas, só tras as Illas Canarias.

No período denominado segunda vaga, a mortalidade diminuíu con respecto á primeira vaga, para practicamente desaparecer tres meses despois do inicio da vacinación nos usuarios dos xeriátricos. O descenso da mortalidade observado na segunda vaga respecto da primeira suxire que as medidas implantadas nas residencias tiveron o efecto desexado.

Ningunha destas frases é miña. Son as conclusións do Estudo sobre o impacto da covid-19 nos centros sociosanitarios de Galicia, elaborado pola Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela. Esta análise científica xa está á disposición de todos os grupos parlamentarios, tal e como me comprometín.

É obvio que non caben triunfalismos cando do que se trata é de conter o avance dunha pandemia mundial nuns centros que son especialmente vulnerables. Pero o que si se require é un estudo do que ocorreu —do que ocorreu— sosegado e sen dogmatismos, estudar o pasado para repasar todo aquilo que se puido facer mellor, analizar o presente para saber as condicións concretas do sector sociosanitario de Galicia e tamén mirar cara ao futuro dende o realismo e dende a experiencia; planificar axeitadamente os próximos pasos que se deben dar.

Unha tarefa coma esta non debe emprendela un goberno en solitario, non é nin posible nin tampouco desexable. O seu liderado deben exercelo os que cada día coidan e os que cada día curan e estudan as persoas maiores.

Asumimos dende o principio o deseño do novo modelo de residencias e dixemos que debería de ser participativo, consensuado e integrador. Con esa filosofía, hai exactamente un ano, o 21 de decembro do ano 2020, constituíuse por primeira vez o Comité Asesor Sociosanitario para elaborar un diagnóstico do sistema de atención ás persoas maiores e así tamén propoñer vías de mellora. Os seus membros representan dun xeito transversal e plural todos os ámbitos profesionais implicados nas residencias de maiores: o persoal médico e persoal de enfermería que traballa nas residencias, como o doutor Fernando Lamelo, que coordinou a atención sanitaria en todas as residencias da área da Coruña; a doutora Rocío Malfeito, xeriatra que desempeñou o mesmo labor na área de Lugo; a doutora Raquel Casal, que visitou practicamente todas as residencias onde había persoas maiores contaxiadas; ou Edgar Camino, enfermeiro da Residencia pública de Volta do Castro; xerontólogos e investigadores, como os doutores Miguel Blanco e José Carlos Millán Calenti; traballadores sociais e directores de residencias, como Rocío Carbón, Víctor Meizoso ou Constantino Piñeiro; arquitectos como Ángel Ligeró,



un dos maiores especialistas que hai en Galicia sobre a estrutura das residencias; e, naturalmente, representantes dos familiares dos residentes, como Montse García.

Quero dar as grazas unha vez máis a todas estas persoas que de xeito totalmente desinteresado dedicaron moitas horas ao día a pensar nas residencias en que eles mesmos podían estar, en que todos nós queríamos envellecer.

Este altruísmo deixa negro sobre branco e, unha vez máis, o compromiso do sector residencial co seu propio futuro e tamén co futuro das persoas maiores. Non se trataba de deseñar residencias pensadas como se fósemos a vivir nunha pandemia constante de agora en adiante, senón de estar mellor protexidos se se volveuse repetir unha catástrofe así.

Non se trataba de sacar conclusións precipitadas da pandemia e de limitarse a facer algún cambio superficial, senón de aproveitar a concienciación que existe hoxe en día para abrir por fin unha reflexión profunda que xa se posterga durante demasiado tempo. Non se trataba de imaxinar unhas residencias idílicas, unhas residencias de conto de fadas, senón de trazar dende o realismo un sistema de atención aos nosos maiores que conxugase calidade con accesibilidade e que estivese adaptado á realidade socioeconómica, demográfica e xeográfica da nosa terra.

Galicia logrou no medio dunha pandemia en tan só doce meses establecer os cimentos e a estrutura das residencias de maiores das vindeiras décadas. Podemos afirmar con orgullo que a nosa comunidade está liderando a gran reforma da atención residencial en España e en Europa. (*Aplausos.*) Un novo modelo elaborado de forma ambiciosa, audaz e sensata. A proposta que elaborou o Comité Asesor Sociosanitario divídese en catro piares, que se corresponden cos principais vectores de mellora das residencias.

En primeiro lugar, a humanización do trato e a formación continuada de todos os profesionais das residencias de maiores.

En segundo lugar, o aproveitamento do potencial que ten a tecnoloxía para perfeccionar a atención das persoas maiores.

En terceiro lugar, as melloras na coordinación entre a sanidade e os servizos sociais; dous mundos que en Galicia traballarán máis unidos que nunca antes.

E, en cuarto lugar, as reformas estruturais que se comezarán a aplicar en todas as residencias de nova construción.

Estes catro piares nos que se estruturan as conclusións do Comité Asesor Sociosanitario conforman as bases do que serán as residencias do futuro. Mellorarémolo en colaboración cos colexios profesionais e mellorarémolo tamén con novas achegas, xa que o sector está embarcado nun proceso de innovación constante.

A residencia non é outra cousa que a casa dos residentes, e debe selo durante moitos anos. Polo tanto, unha das liñas fundamentais de traballo debe ser que as persoas maiores se sin-



tan cómodas nesas residencias, que encaixen coas súas preferencias e que a súa voz e a das súas familias sexa escoitada.

A nosa dignidade e a nosa personalidade deben ser respectadas en todo momento, teñamos a idade que teñamos, sexamos dependentes ou non. Deste principio parte o bloque de medidas de humanización e de formación continuada. En primeiro lugar, como xa avancei neste mesmo hemiciclo hai unhas poucas semanas, o novo modelo desterra as suxeicións físicas e farmacolóxicas, agás en casos extraordinarios, xustificados e sempre pautados por un médico.

En segundo lugar, favoreceranse tamén as saídas dos residentes, e permitirase sempre que os familiares poidan visitar as habitacións e comer cos seus pais e os seus avós. As residencias non son colexios, e tampouco son prisións; deben eliminarse todas aquelas limitacións horarias que non sexan estritamente imprescindibles.

En terceiro lugar, os profesionais elaborarán un plan de actividades para cada residente que teña en conta os seus gustos, as súas preferencias, tamén as dos seus familiares, e que os axude a conservar a calidade de vida e a súa boa forma física e mental. As residencias que veñen van incorporar tamén nunha mellor medida as opinións de todas as persoas que forman parte do ecosistema do centro. Todas as residencias de máis de cen prazas deberán contar cun consello asesor con funcións consultivas, a través do que poidan participar a propia empresa titular do centro, os profesionais, os residentes e as familias, e tamén aconsellaremos esas residencias máis pequenas a que o incorporen tamén. Ademais, porase en marcha a nivel autonómico unha oficina de atención ao residente e ás súas familias.

E, por último, do mesmo xeito que hai poucas semanas, acabamos de dar luz verde ao primeiro plan de formación sociosanitario no seo dos centros públicos. O día de mañá todas as residencias de Galicia deberán contar cun plan que garanta que os seus profesionais nunca deixen de aprender. Esta capacitación será especialmente interesante para formar os traballadores no emprego das tecnoloxías, que dentro de moi pouco será de uso cotián en todas as residencias.

Ao longo do ano 2022 Galicia vai transformar todos os centros de maiores públicos en residencias intelixentes, nas que a innovación tecnolóxica se traducirá en máis benestar para todas as persoas maiores e tamén servirá de axuda para os propios traballadores. No sistema público terá unha función demostrativa e exemplificará para os centros privados todos os avances que se poidan lograr a través da innovación.

O pase de enfermería evolucionará coa introdución dun monitor multiparamétrico para aforrar tempo en trámites e en transcripcións e para consagralo ao coidado personalizado de cada residente. Os cuartos transformaranse en habitacións intelixentes, con sensores que avisen se a persoa maior ten unha caída ou deambula pola noite, pero todo isto, por suposto e naturalmente, co máximo respecto á intimidade dos residentes.

Os residentes con algún tipo de deterioración cognitiva poderán pasear con plena liberdade, con tranquilidade, tanto dentro do propio centro coma no exterior, porque imos introducir



un novo sistema de seguimento para evitar que se desorienten. Instalaranse sistemas de lecer e de comunicación cos seus achegados, tanto dentro das propias habitacións como nas zonas comúns.

Estes avances non pertencen ao ámbito da ciencia ficción. A maioría deles xa están funcionando na Residencia pública piloto da Estrada, cunhas valoracións excelentes, tanto por parte dos residentes como dos traballadores. Aínda que soe a perspectiva de futuro, a incorporación do *Big data* ao sector sociosanitario é cousa do presente. Nos últimos meses estivemos perfeccionando os sistemas de información das residencias en estreita colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, implantando en todos os centros residenciais que contan con persoal sanitario a última versión da historia clínica electrónica (Hcepro), que é unha ferramenta máis avanzada que o Ianus, e elaborando un cadro de mandos a nivel autonómico que sirva para obter unha imaxe fiel da situación das residencias en cada momento, minuto a minuto. Deste xeito, non só os profesionais disporán dunha panorámica máis completa sobre as circunstancias e necesidades de cada usuario, senón que tamén as administracións públicas contaremos coa mellor información de cara á toma de decisións.

Señorías, o usuario das residencias non é unicamente unha persoa que necesita que a coiden, é tamén, e na maioría dos casos, un paciente crónico que require dunha atención sanitaria intensiva. Ao longo destes últimos anos, nos que o sistema de coidados viviu un crecemento exponencial, foise adiando a abordaxe dunha cuestión esencial: como afrontar a relación co sistema de saúde.

Coa pandemia, os dous sectores víronse na obriga de deixar de darse as costas e de pasar a mirarse á cara. A situación exixía pasar da simple cohabitación á imprescindible coordinación. Quero agradecer hoxe, de todo corazón, o apoio á determinación, o compromiso e a altura de miras do meu compañeiro, o conselleiro de Sanidade, que está hoxe aquí, pero tamén de todo o seu equipo. Todos eles foron o mellor aliado para que este espazo sociosanitario pasase de ser unha teoría confinada unicamente nos documentos dos expertos a ser unha realidade cada vez máis tanxible.

As residencias non son nin deben ser centros sanitarios, pero si deben de garantir que os seus usuarios teñan acceso a unha atención sanitaria de máximo nivel que, por cuestións de idade e por cuestións de patoloxía, esas persoas necesitan e que tamén, por seren cidadáns de pleno dereito, con toda unha vida ás súas costas, merecen.

Estas son algunhas das novidades que incorpora o novo modelo na procura desta meta. Os hospitais servirán medicación a todas as residencias de máis de noventa prazas. Isto aliviará algo a presión asistencial da atención primaria, xa que os médicos do centro de saúde poderán descargarse de preparar receitas para máis de cinco mil cincocentos pacientes crónicos. Crearanse as primeiras unidades de coidados intermedios da historia da nosa comunidade. Nelas atenderanse as persoas que estean a cabalo entre o espazo social e o espazo sanitario, porque ben xa recibiron a alta dun hospital pero seguen requirindo un acompañamento social ou ben porque a través disto poden retomar, recuperar a súa vida autónoma e evitar así o ingreso permanente nun centro residencial.



Aínda que confiamos que non se volvan repetir situacións como as que se viviron nas residencias, dende a responsabilidade debémonos de pór no peor. Por iso, acordamos co sector que todos os centros deban de contar cun plan de continxencia, validado pola Consellería de Sanidade e pola Consellería de Política Social, e tamén que sexa este plan coñecido por todos os profesionais, por todos os familiares e por todos os residentes. Nestes plans, fixarase a sectorización de cada centro, os circuítos e o stock mínimo dos Epi cos que deben de contar. Ademais, debe asegurarse que os seus traballadores estean formados sobre o uso do material de protección ante calquera eventualidade.

Por último, para as situacións sanitarias de gravidade que se orixinen nunha residencia, como algunha doenza grave de calquera residente, o novo modelo ofrecerá dous avances moi importantes: en primeiro lugar, a creación de vías rápidas para acceder ás urxencias e tamén aos hospitais de día. En segundo lugar, a posta en marcha dun código residencial, na centraliña do 061, que servirá como vía prioritaria para todas as emerxencias que se poidan dar nos centros sociosanitarios. O cuarto e último dos piares do documento, elaborado polo Comité Asesor Sociosanitario e con certo sentido, ten un pouquiño de cada un dos bloques anteriores, porque contribúe á calidade de vida dos nosos maiores, porque se vai ver reforzado pola incorporación da tecnoloxía e tamén vai ter un impacto fundamental para conter a propagación das doenzas infectocontaxiosas. Estou a falar, naturalmente, dos requisitos estruturais que deberán cumprir as residencias de maiores da Galicia do futuro.

Neste ámbito, as melloras deben de ser progresivas e deben de ser tamén graduais. Non se trata de demoler todas as residencias de Galicia, de empezar a construílas de cero, senón que do que se trata é de comezar a crear criterios comúns para os centros de nova construción e tamén para todas as reformas que se realicen nos centros existentes.

Con estes novos parámetros o concepto de residencia dará un xiro radical, situarase na liña do que se está explorando nos países máis avanzados de cara á atención aos nosos maiores. O aspecto principal que define o que é un fogar é a intimidade. Convivimos con pouca xente e dispoñemos, se así o queremos, de espazos para estar nós sós. Para conseguir trasladar isto ás residencias de maiores, queremos superar eses comedores quilométricos, que as salas de convivencia non estean ateigadas de xente e que a asignación de espazos sexa en función, unicamente, da patoloxía de cada residente.

As residencias galegas estruturaranse en unidades de convivencia de 25 persoas como máximo, seleccionadas polas súas preferencias persoais antes que polo seu grao de dependencia. Estes módulos serán decorados como estaban os propios domicilios dos usuarios, e minimizarase tamén a rotación de persoal entre os distintos módulos para salvagardar a intimidade dos residentes e tamén para promover a súa confianza.

Nesta mesma liña e para favorecer tamén a sectorización dos centros, se fose necesario, un módulo non deberá servir de paso cara a outro módulo, senón que todos os módulos deberán contar cun acceso directo de entre as áreas comúns da propia residencia. Tendo en conta que nas residencias viven moitas persoas maiores que padecen deterioración cognitiva, poderán contar tamén co módulo de psicoxeriatría.



Os sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores que estamos a impulsar co financiamento da Fundación Amancio Ortega xa teñen prevista a creación deste tipo de módulos. As residencias de Galicia deberán contar como máximo con seis unidades de convivencia, seis minirresidencias dentro da propia residencia, é dicir, cun máximo de 150 prazas.

Nalgunhas ocasións as residencias illadas poden derivar en residentes illados, e queremos evitalo a toda costa. Entendemos tamén que o ideal é que as residencias estean integradas na vila dunha cidade, no centro dun pobo, de xeito que os maiores autónomos poidan saír a pasear ou a tomar un café con total tranquilidade. Traballaremos para concienciar as entidades promotoras das residencias e tamén todos os concellos galegos da importancia de contar cun emprazamento axeitado.

Señorías, presentámoslles hoxe este novo modelo de residencias que está dialogado co sector, que é pioneiro a nivel nacional, pero sobre todo que ten unha clara vocación de perdurar. As propostas que acabo de relatarlles iranse traducindo en normativa e en financiamento. Iso é o que marca a diferenza entre as intencións e os feitos. Este novo modelo non é unha emenda á totalidade do sistema de coidados, porque formulalo así sería unha falta de respecto e unha mostra de ingratidade cara a todos os profesionais das residencias de maiores; estes profesionais das residencias de maiores que en todo momento, en especial estes dous últimos anos, deron auténticas leccións de humanidade, de compromiso e de sacrificio para coidar a quen nos coidou. *(Aplausos.)*

O seu traballo merece todo o recoñecemento desta Cámara, pero tamén todo o recoñecemento da sociedade galega. A que presentamos hoxe é unha proposta detallada, pero é unha proposta de consenso; é unha proposta ambiciosa, pero realista; autocrítica pero cabal. Ao igual que a fachada do Obradoiro da catedral de Santiago, este documento que presentamos hoxe nace dunha necesidade: protexer algo de incalculable valor, nun caso era o Pórtico da Gloria; neste, a saúde e o benestar dos nosos maiores. Ao igual que a obra cumio de Casas Nóvoa, esta reformulación sociosanitaria non nace como negación do anterior, senón como un complemento para realzar as súas virtudes e para rectificar o que non era óptimo. Ao igual que a imponente portada que nos saúda nesa praza maior de Galicia e de Europa, o novo modelo de residencias tamén busca converterse nun símbolo, no emblema dunha comunidade que, tras os seus meses máis difíciles e máis escuros, senta a base dun futuro no que nos coidemos mellor, no que nos protexamos mellor e no que sexamos cada vez máis familia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Quenda agora dos grupos parlamentarios.

Polo Partido Socialista, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.



Benvida, señora conselleira.

Agora, que rematará o ano 2021, volvemos a vista atrás e atopámonos con que, en comparativa co ano 2020, a percepción temporal de ambos é totalmente distinta. Parece que non pasou o tempo da mesma forma. O mapa temporal de 2020 témolo perfectamente ordenado cronoloxicamente dende marzo. Dende entón, e nomeadamente nese ano 2020, parece que as portas das residencias de maiores se iluminaran para amosarnos o que está a pasar dentro delas. Pero o certo é que os feitos significativos que alertaron de que algo non ía ben nas residencias se sucederon cronoloxicamente moito antes da covid. Hai máis dunha década que as traballadoras das residencias de Galicia —agora constituídas en asociación— alzaron a voz sobre os déficits de persoal, sobre incumprimentos da propia normativa e urxiron medidas ao Goberno galego, e non atoparon resposta.

Ano 2017. O Consello de Contas rompe o tabú e abre as portas ás residencias para amosar, mediante un exhaustivo informe, o que estaba a pasar en Galicia. O dito informe non só fixo visible unha dura realidade, senón que iluminaba o camiño da mellora dos centros de atención residencial mediante propostas a seguir; propostas que non se levaron a cabo, señora conselleira.

Ano 2020. As familias dos residentes asóciense para batallar polos dereitos dos seus familiares. O mesmo ano, en plena pandemia, unha sentenza da Fiscalía en Ourense recrimina a Xunta por non inspeccionar, durante nada máis e nada menos que cinco anos, a Residencia Nosa Señora da Esperanza, cando tiñan que facelo, polo menos, unha vez ao ano.

Ano 2021. O informe da Fiscalía Superior de Galicia alerta de que é preciso investir máis recursos nas residencias de maiores. Ante este e outros moitos feitos indicativos nunha das comunidades autónomas máis envellecidas do país, cun índice alto de privatización das prazas residenciais e acompañado á vez por ser das comunidades autónomas con menos técnicos de inspección, estaba claro, señora conselleira, que non ían ben as residencias en Galicia.

Ante estas circunstancias e tras entrar a pandemia, a propia sociedade comezou a cuestionarse que modelo de atención tiñamos para os nosos maiores. Con iso naceu unha demanda social sobre un novo modelo de atención no que se redefinira o modelo de residencias que merecen as persoas maiores. E para ir calmando esa alarma social, dende a súa consellería idean, hai máis dun ano, o chamado Comité Sociosanitario, que se mantivo baixo segredo de sumario ata hoxe. Pero aínda que non o fixeran público nin o traballo nin os membros do dito comité ata hoxe, feitos como titulares do propio presidente Alberto Núñez anunciando macrorresidencias novas de máis dun centenar de prazas, como agora mesmo nomeou —150 prazas—, dan pistas sobre o novo modelo —ou non tan novo modelo— residencial que pretenden.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista fixemos propostas ao respecto, aínda que non as quixeran escoitar, e seguiremos facéndoas, porque queremos aportar. E, dende o principio, dixemos que unha das cuestións fundamentais era a cuestión humana, o poder terapéutico da palabra, da escoita activa; máis diálogo coas persoas, máis tempo das traballadoras para pararse cos seus residentes. As propias traballadoras están demandando esta cuestión. É inaceptable que as traballadoras non teñan tempo para pararse a falar cos residentes, ou in-



cluso que os teñan que levantar ás seis da mañá por falta de persoal, por non ter un relevo dunha compañeira. (*Aplausos.*) É inaceptable que as familias se teñan que manifestar, como, por exemplo, na residencia pública CRAPD, de xestión directa da Xunta, porque desapareceran 200 reclamacións contra a xestión do dito centro. É inaceptable que non dea resposta a estas persoas, señora conselleira. ¿Esa é a canle de comunicación que queren establecer cos residentes ou coas propias familias? ¿Ese é o novo modelo de residencias que queremos para Galicia? Non estamos de acordo.

Teñen que dar voz e atender estas persoas. É inaceptable que existan queixas, por exemplo, pola alimentación que se lles está a dar aos residentes nalgúns centros e que dende a propia consellería non se lles dea resposta. É inaceptable que o Goberno galego fale dun novo modelo de residencias e que á vez fale de construír macrorresidencias de máis dun centenar de prazas. É inaceptable agardar durante anos por unha praza residencial e que, cando por fin cha conceden, sexa a máis de cen quilómetros do teu lugar de orixe.

Neste tipo de cuestións, hai que centrar o debate. Poñámonos no lugar das persoas. ¿Que nos interesaría a nós se chega o momento, a certa idade, en que teñamos que ingresar nunha residencia?

Dende o Grupo Parlamentario Socialista fixemos propostas neste sentido con cuestións claves: humanizar o contexto da residencia; incrementar o persoal de inspección —queremos saber se isto vai suceder—; escoitar os protagonistas, darlles voz —a decisión das persoas maiores usuarias deste servizo é o que de verdade importa—; respectar, por suposto, a súa privacidade; adaptar os centros ás persoas e non as persoas aos centros; mellorar as condicións laborais das traballadoras e traballadores do sector e incrementar o persoal —non existe, señora conselleira, ningunha tecnoloxía que substitúa nunca a voz, o agarimo, os coidados e o coñecemento que teñen as traballadoras das residencias sobre os seus residentes—; axilizar tempos en dependencia mediante o incremento de persoal dos equipos de valoración de dependencia; establecer a cercanía da praza residencial concedida respecto do lugar de orixe do residente; e limitar o número de prazas para encamiñar a tendencia cara ás residencias pequenas, máis familiares. Entre outras, estas cuestións, que, ademais, xa se están a tratar a nivel do Goberno de España e ás que vostede non fixo mención, aínda que si a certas medidas que fixo. Como sabe, o Ministerio, o Imsero e o Consejo Nacional de Discapacidad, en coordinación coas comunidades autónomas, xa están a falar e xa existen borradores ao respecto.

Como saben tamén, forman parte desta Mesa de diálogo civil a Plataforma de Maiores e Pensionistas, a Plataforma Estatal de Organizacións de Familiares e Usuarias de Residencias, da cal forma parte, por certo, a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Usuarias de Residencias e da Dependencia, tamén o Cermi, Plena Inclusión —de discapacidade intelectual—, Médicos del Mundo, Sociedade Española de Xeriatria e Xerontoloxía, a Asociación Estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, o Consello Xeral de Traballo Social, o CSIC e mais o Centro de Ciencias Humanas, entre outros moitos axentes sociais, e tamén incluídas as propias universidades, entre outros.

Aquí estanse a sentar as bases non só para propoñer e garantir o número de inspectores suficientes para blindar a supervisión dos centros, senón, ademais, para que se fagan públicos



os plans anuais de inspección de forma periódica, accesible ás inspeccións realizadas, indicando, entre outros datos, a identificación do centro ao servizo inspeccionado, a titularidade, a data, o motivo da inspección, o seu resultado e, no seu caso, as medidas adoptadas. Esta será unha das claves para Galicia, señora conselleira, porque é un dos talóns de Aquiles do noso sistema, xa que somos a segunda comunidade autónoma que menos inspectores ten para este cometido. E iso, aparelado a un sistema excesivamente privatizado, pon en perigo que se cubra a correcta supervisión dos centros, tal e como recolleu a propia sentenza de Ourense, á que fixen referencia antes, en relación coa Nosa Señora da Esperanza.

Tamén se está a propoñer que os centros residenciais estean ubicados en chan urbano, garantindo así ás persoas usuarias o acceso e proximidade aos espazos de actividade social e comunitaria. Tamén se está a propoñer que os centros non superen as 50 prazas, e non as 150 das que falaba vostede, señora conselleira. Unha macrorresidencia nunca será un fogar.

Así, pódese posibilitar, se reducimos neste sentido as novas residencias, que funcionen como fogares, independentemente das unidades de convivencia máis pequenas. Non xoguemos a facer o xogo coas macrorresidencias de máis de cen prazas escusándonos nas unidades de convivencia, señora conselleira, porque unha cousa é unha unidade de convivencia e outra cousa son as prazas residenciais de totalidade que ten o propio centro residencial.

Tamén se está a propoñer algo fundamental: blindar a dignidade de trato, do exercicio de dereitos das persoas, que reciben apoios nos centros residenciais mediante plans persoais de apoio para a personalización dos coidados, para avanzar cara a unha xestión centrada nas persoas, coas preferencias e vontade da persoa respecto a como quere vivir. Pensemos ben esta cuestión, está en xogo moito.

E, por certo, falaba antes do CRAPD, e comentaba que onte se fixo un comunicado importante, por medio da Asociación de Familiares, no que indicaban (*A señora Ortega Otero mostra un documento*): «Importante infección de covid na residencia máis grande de Galicia. O Goberno galego tepará o contaxio ata o mércores». Queremos que nos informe se ten constancia dos contaxios, se van evacuar os positivos a residencias intermedias para evitar os gromos, tal e como propuxemos dende o Partido Socialista ao longo de toda a pandemia. Porque a pandemia non rematou; continúa, señora conselleira.

Pensemos ben esta cuestión, está en xogo o modelo de atención para persoas maiores e dependentes dos próximos anos. Non é cuestión só das persoas maiores nin dos seus familiares sequera, senón de toda a sociedade, porque tarde o temprano chegaremos —con sorte— a maiores ou a ser dependentes, precisaremos destes servizos e lembraremos o que aquí hoxe todos propuxemos e acordamos: empatía e responsabilidade, porque hoxe son eles e mañá seremos nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Quenda agora do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día a todos.

Como non tiñamos moi claro —practicamente non sabemos máis que o título da comparecencia— de que ía falar vostede aquí, eu xa me adianto a pedirlle ese informe da USC. Levamos meses esperando por moita documentación que non se nos deu. A min non me chegou nada, e agora no pleno tampouco, nin aos traballadores do grupo parlamentario que están abaixo na sala do BNG. Se podemos, antes de que vostede acabe, que se nos pase unha versión —váleme dixital, váleme impresa— dese informe ou estudo da USC, eu voume un pouquiño máis contenta hoxe para casa.

E digo que, como non sabemos moi ben de que ía falar —coincidirán todas as súas señorías comigo en que o modelo de coidados vai e debe ir moito máis alá, no seu deseño, na súa configuración, das residencias de maiores, pero son moi importantes para nós tamén—, eu vou intentar adaptar un pouco tamén a miña intervención agora ao que vostede nos explicou aquí e centrarme basicamente no novo modelo de residencias de maiores, que nós tamén temos —e estou segura de que vostede tamén o sabe— moito e ben traballado desde o BNG.

E aínda que era un pouco velada a súa referencia ao materialismo histórico e á dialéctica marxista, que sempre é bo traer aquí, eu traio unha das frases —son bastante heterodoxa, non son nada ortodoxa— que, desde o meu punto de vista, é máis interesante deste autor e do seu pensamento científico, que é do *Grundrisse* —por iso digo que son pouco ortodoxa— e que di que «o traballo é o lume vivo e moldeador; representa a impermanencia das cousas e a súa temporalidade». Sitúanos Marx sempre no centro á traballadora e ao traballador como xeradores de riqueza e motores da historia nesa dialéctica marxista. Vostede, na súa intervención, non citou nin unha súa vez os traballadores e as traballadoras das residencias, (*Aplausos.*) nin unha, ¡nin unha soa vez!, para dicir se se van aumentar as ratios ou para dicir se se van mellorar as condicións de traballo. Ou, por exemplo, para non ter categorías profesionais, cobrando —como hoxe na ruptura desa negociación do novo convenio colectivo nas privadas— salarios por debaixo do mínimo interprofesional, que iso é o que temos no día de hoxe.

E para as persoas que atenden nas súas casas, nos centros de día, nas residencias de maiores —centrándonos nas residencias de maiores—, quen ergue, quen lava, quen dá o almorzo, quen coida, quen dá mimos, bicos e acompaña son traballadoras e traballadores, que o primeiro que merecerían nese novo modelo é un pouquiño de máis respecto e mellores condicións laborais. (*Aplausos.*)

Eu, con todo o que levamos vivido e debatido neste país, especialmente con todo o que levamos vivido neste país, non lle vou negar que me sabe bastante a pouco —quero pensar que hoxe nos fixo unha presentación así sucinta, ou moi por riba— o que nos acaba de trasladar sobre o novo modelo de residencias. Hai cuestións nas que estamos de acordo e que na Proposta de lei galega de residencias que traerá o noso grupo no próximo período de sesións,



no mes de xaneiro, tamén incorporamos; algunhas máis detalladas, outras quizais desde outra óptica, pero, bueno, hai puntos nos que podemos —non moitos, no que vostede dixo hoxe— estar de acordo que avanza no que nós entendemos que é novo modelo que debe imperar nas residencias de maiores no noso país, pero hai outros que lle digo que, despois —insisto— de todo o que levamos vivido, que se queira circunscribir o novo modelo de residencias aos edificios que se vaian erguer única e exclusivamente, eu pregúntome: ¿e as 21.944 persoas que están nas residencias de maiores hoxe? (*Aplausos.*) Porque temos 21.944 prazas entre públicas, privadas, concertadas e concesionadas no noso país, que digo eu: ¿en que condicións están?, ¿en que condicións? Eu creo que é a pregunta que hai que facerse hoxe: ¿en que condicións queremos que estean vivindo?

Eu coincido, efectivamente, en que o cambio de paradigma, o cambio de modelo, debe partir dun cambio completamente de perspectiva das cousas. Non teñen que adaptarse as persoas aos espazos, senón os espazos ás persoas e, sobre todo, temos que cambiar o prisma nun elemento central, e é en que hai cambiar ese modelo asistencialista, superpaternalista, moi, moi paternalista, de que as persoas somos meras receptoras de servizos, para pasar a ser o centro das políticas públicas, suxeitos de dereitos —que o somos—. Eu aí coincido con vostede. Dá igual a idade que teñamos; somos, tanto de nenos como de maiores máis maiores, suxeitos de dereitos, e nós mesmos temos —sempre que non teñamos suspendidas as nosas capacidades— a capacidade e o dereito de decidir sobre as nosas propias vidas, e, claro, esa capacidade de participación non se circunscribe ás residencias de máis de cen prazas. ¿Por que os consellos de participación —ou como lles chamemos— só van ser obrigatorios para residencias de máis de cen? ¿Por que non nunha de 50? ¿Que pasa, que se eu estou nunha de 25 ou nunha casa do maior non teño voz nin voto nin ferramentas de participación para decidir sobre a miña vida? Á fin e ao cabo é do que estamos falando, para decidir como quero ser coidada, como quero ser tratada ou como me parece que deberían organizarse os coidados, as actividades e, en xeral, a miña vida.

Entón, para nós hai un elemento, que son as persoas no centro das políticas, as persoas como elemento central dese novo modelo de residencias; ese cambio de paradigma cara a unha posición máis de dereito e menos asistencialista, e despois, por suposto, transitar a un modelo máis humano, moito, moito máis humano, que responda tamén aos dereitos fundamentais das persoas.

Decía: o novo modelo de residencias non vai permitir que unha persoa sexa sometida a unha suxeición mecánica de maneira irregular. Claro, é que iso é ilegal. Ten que estar perfectamente prescrito medicamente, autorizado e firmado por un persoal facultativo, limitarse a un período temporal moi concreto e teño que autorizalo eu, se estou nas miñas plenas capacidades, ou a persoa que teña a miña tutela, no caso de que estea tutelada. E hoxe nas residencias que ten a Xunta de Galiza, que están concesionadas, concertadas coa Xunta de Galiza, hai persoas que están atadas —¡jo!— sen cumprir o procedemento normativo. (*Aplausos.*) Vostede sábeo igual ca min, porque ten as actas de inspección e os expedientes sancionadores que puidemos —con moita dificultade— consultar na Xunta de Galiza, e non fixeron nada. A min iso paréceme unha violación dos dereitos humanos, de dereitos fundamentais. (*Aplausos.*) Insistimos, na nosa proposta de lei de residencias aparece: ten que ser posto á disposición das autoridades xudiciais —nós non somos xuíces— para que decidan.



Falamos da dimensión, falou vostede tamén da arquitectura... Descúlpeme, se vou un pouco deslabazada, pero creo que é o xusto e o que merecemos hoxe, que é falar especificamente disto, e falar en detalle das cuestións que saíron.

Vostedes falaban dunha limitación. Nós tamén o establecemos na Proposta de lei galega de residencias. Falaba vostede de 150 prazas e de 6 unidades de convivencia dun tope de 25. Nós dicimos 100 prazas —agora lle digo, a cifra non é arbitraria, responde a un criterio; opinable, obviamente, pero responde a un criterio—, con diferentes... Claro, non é o mesmo unha persoa autónoma que unha persoa dependente. Os cuidados que necesitan non son iguais, nin o apoio profesional e o acompañamento que precisan. Nós, ¿que dicimos?: un tope de 100; polo tanto, 4 unidades de convivencia de 25. Pero, jollo!, baixemos esa unidade de convivencia a 20 prazas cando falemos de persoas dependentes, porque aí hai tamén, como *en la viña del Señor*, de todo: persoas que teñen simplemente unha deterioración física que lles dificulta moito, que necesitan apoio para ducharse, para almorzar, para vestirse..., pero, bueno, son persoas que están nas súas plenas capacidades psicolóxicas; podemos ter persoas con deterioración cognitiva que perderan mesmo a capacidade de decidir sobre a súa propia vida; ou persoas encamadas ás que hai que darlles a volta ou facerlles cambios posturais cada vez que se prescriba medicamente.

Non podemos tratar —insisto— a todas as persoas por igual, porque, ademais, sabemos que as persoas, sempre que teñan capacidade e posibilidade, optarán por quedar na súa casa e preferirán unha atención no seu domicilio que non por ir a unha residencia. ¿Que acaba sendo a residencia? En moitísimos casos, o servizo necesario que precisan persoas cunha deterioración cognitiva e unha alta dependencia, o que exige tamén pensar nas ratios.

¿Por que dicimos 100 como máximo? Porque os datos que nos ensinou a covid —e eses son datos oficiais, eu non invento nada—, todos os que fixo públicos a Xunta de Galiza, din que onde máis impactou foi, precisamente, nos grandes centros, especificamente naqueles de máis de cen prazas. A nós parécenos que 100 prazas, con unidades de convivencia —insisto— dun tope de 25 ou 20 —dependendo de se falamos de persoas autónomas ou dependentes—, están ben para ordenar o que debe ser tamén un sistema galego de residencias próximo, descentralizado e, sobre todo, que se achegue á poboación que o necesita, ás súas casas, para evitar o desarraigo. Eu coincido con algo que dixó: non son cárceres. A dispersión, mesmo para a poboación que está privada de liberdade —e jollo!, unha persoa que está nunha residencia non está privada de liberdade, ten o dereito a entrar e saír cando queira—, para as persoas que están baixo as autoridades xudiciais, que están privadas da liberdade, está penada, é prohibida; é dicir, só se permite esa dispersión en determinados casos moi concretos.

Hoxe o que temos é que, por ausencia de prazas suficientes e centros con prazas públicas libres, hai persoas que acaban na outra esquina do país para poder acceder a un recurso ao que teñen dereito e que necesitan. Entón, iso, inescusablemente, ademais de falar de ratios de persoal, de número máximo de prazas, o que nos exige é falar de cantos centros se van construír neste país a futuro para garantir o dereito fundamental de calquera galego e galega a poder acceder a este recurso social, a este servizo social, cando precise e teña dereito a el. (Aplausos.)



Eu non teño máis tempo, estaría aquí toda a tarde. Nós temos unha lei con catro títulos e corenta artigos que foi moi traballada, que tamén foi moi consensuada e que tamén foi moi dialogada. Estou segura de que seguirá recibindo aportacións ata o mes de xaneiro, e traerémola a esta Cámara por unha cuestión fundamental —e remato con isto, de verdade—: porque hoxe falamos dun sector, como é o das residencias, que está regulado por unha orde, unha orde de 1996 —non é nin un decreto, nin unha lei— e por unha lei de carácter moi xenérico, como é a de servizos sociais de Galiza de 2008. Non podemos ter un sector desta importancia, desta relevancia social e humana no noso país, con ese nivel de desregulación. Por iso cremos que o que necesita Galiza para empezar é poñernos a traballar, a dialogar e a consensuar unha lei galega de residencias, e entendemos tamén que a proposta de lei que traerá o BNG pode ser un bo punto de partida para facer ese traballo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É a quenda, agora, do Partido Popular. Ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Eu quero comezar felicitando a conselleira. Dígoo sinceramente porque creo que foi unha comparecencia de contido, con medidas concretas, explicitando cales son as vías polas que ten que discorrer o futuro do sistema residencial galego, da prestación do novo modelo de servizos.

Eu, señorías, formo parte dunha organización política que sempre gozou do apoio maioritario dos maiores; unha realidade esta que foi utilizada decote como acusación por moitos membros da oposición e tamén motivo de chanza noutras moitas ocasións, pero que para o Partido Popular de Galicia sempre foi unha gran honra. Unha honra á que tentamos corresponder procurando mellorar permanentemente o xeito de vida daqueles aos que tanto debemos e que nos levou a incrementar exponencialmente os recursos públicos dedicados ao seu benestar. Este incremento producíase atendendo ás súas preferencias. Todos coñecemos que a maioría dos galegos prefiren permanecer nos seus fogares, e por iso temos a mellor ratio de España no servizo de axuda no fogar, por iso incrementamos os centros de día das 983 prazas que encontramos cando chegamos ao Goberno ás 3.367 que existen actualmente, ou por iso creamos figuras como a da Casa do Maior, que hoxe atende 415 maiores no rural galego, porque hai que prestar servizos na contorna vital dos maiores.

Cando isto non é posible, xorde a necesidade de buscar un fogar alternativo, un fogar capaz de atender as necesidades específicas dos maiores, e niso tamén traballamos, incrementando as prazas residenciais, das 5.500 que atopamos ata as 8.026 que hai actualmente, sen contar esas 900 prazas novas que queremos incrementar nas sete cidades, concretamente en Ou-



rense, se nolo permiten vostedes nalgún momento, e tamén priorizando que esas residencias foran fogares e non centros medicalizados.

Creo que é indubidable que o sistema residencial galego superou a pandemia mellor que a maioría das comunidades autónomas, e isto a pesar de que ninguén estaba preparado para unha pandemia destas características, tendo en conta tamén que houbo unha ausencia absoluta de marxe de reacción polo fracaso incontestable do sistema de alerta epidemiolóxica do noso país e, en moitas ocasións, sobre todo ao principio, con carencia de medios polo fracaso absoluto da centralización de compras que asumiu o Goberno central e que nos puxo á cola da compra a nivel mundial nun momento de saturación completa do mercado.

A situación que describo era común ao conxunto das comunidades autónomas, pero creo que o resultado é moito mellor en Galicia, ata o punto de que a taxa de supervivencia nas residencias galegas é a mellor da España peninsular, unicamente superada polas Illas Canarias.

Atribuír á sorte ou á casualidade o mellor comportamento das residencias galegas é unha frivolidade, e, ademais diso, se mo permiten, unha falta de respecto aos profesionais que o fixeron posible; os profesionais, por certo, das residencias públicas e das residencias privadas, porque creo que o persoal das residencias se volcou en protexer a vida dos maiores, aos que atendían nunha situación moi complicada, descoñecendo cales eran as vías de contaxio e o comportamento xeral do virus. Igual que se volcou o persoal sanitario, tentando curar unha enfermidade descoñecida para a que non existía inmunidade, nin vacinas, nin tratamentos coñecidos. E creo que tamén hai que recoñecer que grazas á xestión da Xunta de Galicia e á colaboración que atopou, ao conxunto da sociedade galega, que tivo un comportamento creo que exemplar e tamén quero dicir —e quero poñelo en valor aquí— das empresas galegas, que nun momento de máxima dificultade se volcaron en axudar a través de doazón de equipos, a través de axudas en toda a operativa para conseguir eses equipos e para transportalos, e todos escoitamos e sabemos da importancia fundamental dos avións que puxo á disposición, por exemplo, Inditex, o grupo Hermanos Rivera e de todas as plataformas loxísticas que se puxeron á disposición do sistema público de saúde.

Polo tanto, cando tanto se insiste en que desta crise saímos grazas ao público, hai que dicir: non, grazas á colaboración do público e do privado, porque, afortunadamente, neste país o conxunto da cidadanía, o conxunto do tecido produtivo, estivo á altura das circunstancias, e non custa nada dicir grazas, grazas a todos os que colaboraron en aliviar a situación máis difícil que viviu este país en décadas. (*Aplausos.*)

Este mellor comportamento do que falaba das residencias galegas non implica que o modelo non deba ser analizado, mellorado, renovado, e por iso a Xunta se comprometeu no necesario proceso de actualización das residencias, aproveitando, por certo, décadas de valiosa experiencia, á que hai que sumar as novas ensinanzas aprendidas durante a pandemia, seguindo ese método hegeliano do que tanto gustaba a señora Rodil.

Ese compromiso materializouse en varias decisións. A primeira, na creación da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, que ten como obxectivo fundamental impulsar



reformas no modelo e permeabilizar a relación nos ámbitos social e sanitario. A creación da Comisión de Estudo no Parlamento de Galicia, na que houbo máis de cincuenta comparecencias, dúcias de informes e centenaes de documentos de toda índole e de toda orixe. O compromiso tamén na demanda da implicación activa dos representantes dos distintos colectivos, que se integraron nun comité asesor que hoxe ofrece os seus primeiros froitos. Pedindo tamén a colaboración da universidade pública neste informe, que se nos facilita hoxe —parece ser— aos grupos parlamentarios. E, tendendo a man, prestando oídos á sociedade e procurando acordos de amplo consenso, como os que foron recollidos, por certo, nas conclusións da Comisión de Reactivación e aos que seguimos abertos —algúns, por certo, sorprendentemente—, porque temos xa varios acordos, por exemplo, na mellora dos servizos que teñen que vixiar o cumprimento da legalidade nas residencias e nos servizos de inspección, e seguimos recorrentemente facendo mención deles como se non tiveramos un acordo xa nese sentido. Hoxe, por certo, falouse tanto de mellorar os retos como de mellorar tamén a dotación dos medios técnicos que van ter para facer mellor esa función.

A conselleira, como dicía, presentou hoxe os primeiros resultados desta reflexión colectiva, e eu creo que deberían ser recibidos co respecto que merecen por moitos motivos; e se non recibidos, polo menos escoitados. Eu creo que deberíamos de facilitar, ademais da documentación que se pide, unha copia da intervención da conselleira, porque teño a sensación de que algunhas cousas ou non se entenderon ou directamente se ignoraron.

Pero creo que isto merece respecto sinceramente, porque é froito do traballo desinteresado de moitas persoas, porque é froito da suma dos moitos coñecementos e experiencias, tanto no ámbito profesional como no ámbito persoal, desas persoas incorporadas a ese comité, porque concilia os plantexamentos realizados dende distintas ópticas e con distintas percepcións persoais de cada un dos seus membros e porque aportou solucións concretas, factibles e creo que economicamente sostibles, alonxadas das demagoxias de certas promesas que levamos aquí escoitando durante moito tempo que todos sabemos imposibles.

Eu escoitei que había que mellorar a escoita aos residentes e escoitei tamén antes á conselleira falar deses consellos asesores nas propias residencias. Pois para iso se crean. ¿Por que se fan obrigatorios nas grandes? ¡Home! é evidente, porque nas pequenas o trato é moito máis directo e a relación é moito máis fluída; iso parece que é algo bastante evidente.

Respecto das melloras de inspección das que falaban, dígolles que xa foron acordadas, e ademais falouse hoxe aquí dunha monitorización permanente das propias residencias, que creo que vai facilitar tamén ese labor.

Díxose aquí que temos unha das peores ratios de persoal de España. Non é certo. ¡Non é certo! Miren os datos publicados esta semana polo diario *El País*. Teñen peor ratio Asturias, Cataluña, Extremadura, Madrid, Aragón, Canarias... Imos ser serios con estas cousas por favor, señoría, eu pediríallo.

Díxose aquí que falaron só de novos edificios. Non é certo, falouse de que ten que haber unha implantación progresiva naquelas residencias que xa son existentes.



E falouse tamén de que non nos dirixiamos aos traballadores. Eu creo que vostedes deberían de falar tamén dos traballadores das residencias. Porque, cando se fala de que se vai facer substitución das actuais residencias por un modelo cen por cento público, deberían explicarlles aos traballadores que vai pasar cos seus postos de traballo; ou dicirlles se van facer como fixeron noutros sectores nos que lles prometeron unha e mil veces que os ían incorporar como funcionarios a través dun proceso de funcionarización deses estraños que tanto lles gusta facer aos bipartitos e que despois nunca se concretan. Eu creo que iso tamén sería importante dicilo.

Mire, hai meses Galicia adiantouse ao anunciar os piares dun novo modelo de asistencia sociosanitaria, e hoxe Galicia adíantase unha vez máis concretando as medidas que desenvolven eses piares. E o que hai que preguntarse é se esta vez imos contar co seu apoio ou non. Eu quedo moi preocupado, porque —teño que dicilo, conselleira— durante a súa intervención observei como a señora Rodil recorrentemente facía xestos de asentimento porque creo que coincidimos en moitas medidas coas que vostedes anunciaron onte, nun exercicio de tacticismo político moi respectable, aínda que a min me parece que pouco útil, ¿non? Pero, dígollo de verdade, creo que coincidimos en moitas cousas e creo que hai marxe para a mellora. Eu invítoos a que fagan esas achegas. Levamos moito tempo pedíndoas e, francamente, recibimos moi, moi, moi pouquiñas.

En todo caso, poderá haber cuestións de axuste que seguro que todos podemos mellorar, pero creo que o documento que hoxe se expuxo aquí e creo que as propostas que hoxe se fixeron aquí son moi razoables, creo que se fixeron dun xeito bastante detallado e creo que responden a unhas consideracións xerais que todos compartimos. Porque eu escoitei a señora Ortega...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...criticar moitísimo isto, cando sinceramente son en gran parte bastante coincidentes con algúns anuncios que fixo —bastante máis vagos, iso é certo— o propio Goberno central, por poñer un exemplo. E, polo tanto, eu creo que aquí hai que substituír o monólogo polo diálogo, que é o que está facendo a Xunta permanentemente, e non vir aquí dar leccións mestras, ¿verdade?, anunciando, por exemplo, unha serie de medidas onte que no día de hoxe —señora Rodil, teño que dicirlló— non cumpriría a lei que vostedes pretenden...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—si, remato xa, presidenta—traer a este... No día de hoxe, non as cumpriría nin unha soa das residencias que vostedes xestionan, nin unha soa.

Eu creo que iso é un exercicio de demagogia que vai contribuír en pouco ao benestar dos nosos maiores. Polo tanto, o que pido é racionalidade, un pouquiño de colaboración e que, entre todos, por fin...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...atendamos o que nos están demandando: uns servizos socio-sanitarios moito máis humanos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e moito máis preparados para calquera continxencia que no futuro veña por diante.

Máis nada e parabéns, conselleira. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Para a quenda de réplica ten a palabra a señora conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señores deputados.

Señora Ortega, vostede fala do número de prazas de residencias e que imos construír macroresidencias. ¿Dígame vostede onde? Porque todas as residencias que ten planificadas a Xunta de Galicia van de 120 a 150 prazas. Non hai ningunha residencia en Galicia que vaia construír a Xunta de Galicia ou a través da Fundación Amancio Ortega que supere as 150 prazas residenciais.

Vostede di que nos escudamos nas unidades de convivencia. ¡Pero se nolo está pedindo o sector! ¡Se nolo piden os residentes!, que queren estar con outros familiares que se atopan dentro da propia residencia, que queren estar cos seus compañeiros, que queren estar en unidades máis reducidas, que queren ter unha maior cercanía cos propios profesionais. Vostede, señora Ortega, non vai vir aquí dar leccións de nada. Este novo modelo sociosanitario de Galicia fíxoo o sector, fixérono os traballadores das residencias, fixérono os familiares das residencias, fixérono os universitarios e fixérono usuarios da propia residencia, que estiveron con todos e cada un de nós. Polo tanto, eu hoxe unha vez máis lle quero dar as grazas a ese Comité Asesor Sociosanitario, que leva doce meses traballando sen descanso para crear un novo modelo residencial en Galicia. *(Aplausos.)*

Mire, señora Rodil, eu de verdade que me alegro. Alégrome de que esteamos de acordo en moitos dos piares nos que se guía este novo modelo de residencias de Galicia, porque, segundo lin na prensa hoxe mesmo, vostedes propoñen que as residencias de maiores do futuro contén cunha decoración que lles faga recordar a todas as persoas maiores a súa propia casa; vostedes propoñen unidades de convivencia de 25 persoas; que se intenten construír esas residencias no centro dunha vila, no centro dun pobo; tamén din que ese modelo se debe de aplicar ás privadas... ¡Pois menos mal que tamén se teñen que aplicar nas privadas!, que vostedes sempre propuxeron unha intervención sumarísima de todas as residencias.

Eu, polo que vexo por agora, as liñas que vostede propón son exactamente un calco do novo modelo de residencias de Galicia. Pero ben, iso alégrome e, dende logo, seguro que tamén



aproveitará a ocasión para darlle a ese novo modelo, a esa proposta de lei de residencias, algunha pincelada nacionalista, pero estou convencida de que na maioría dos piares que vostede propuxo seguro que estamos de acordo.

Vostede fala tamén, señora Rodil, das residencias concesionadas, de residencias de xestión externa, que xestiona a empresa privada. ¿A que residencias se refire?, ¿ás residencias que cando gobernaban vostedes —ou malgovernaban a Xunta de Galicia o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista— deixaron blindada a empresa privada? ¿Á Residencia de Maiores pública Laraxe, á de Quiroga, á de Viana do Bolo, á de Castro de Rei, á residencia de Bande...? Foron vostedes os que externalizaron todas esas residencias de maiores.

Mire, señora Rodil, fala vostede tamén da investigación e da Fiscalía nas residencias. Di vostede que hai persoas que están en situación inhumana e que hai residencias nas que os propios residentes teñen restricións de movemento sen pauta médica.

Mire, señora Rodil, eu espero, de verdade, que non estea vostede cuestionando o traballo impecable de todos os inspectores da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Todos os inspectores que acoden a unha residencia, se ven que hai unha persoa que non recibe un bo trato, fan unha sanción inmediata dese centro residencial. E se pasa como pasou hai uns meses nun centro na provincia de Lugo, acode a Inspección e, como comprobou que o trato era inhumano —supoño que o coñece a deputada da provincia—, inmediatamente, en cuestión de minutos, clausurou esa residencia, sacou a todos os residentes de aí e enviámoslos ao HULA para que tiveran un proceso sanitario e que estivesen comprobados e revisados por todo o persoal médico. Por suposto que diso tamén se lle deu traslado á Fiscalía para que coa máxima contundencia penalice esa residencia e todas as persoas que estaban aí traballando. En ningún caso imos admitir en Galicia ningún trato inhumano a ninguén, nin dentro das residencias, nin fóra das residencias. *(Aplausos.)*

E miren, señora Rodil e señora Ortega, vostedes falan de que hai moitas persoas maiores e familias que teñen que recorrer centos de quilómetros para chegar á residencia onde están os seus pais ou os seus avós. Espero que non falen de persoas da provincia de Ourense, de onde é vostede, señora Ortega, porque vostedes en Ourense dixeron non, non, non, e por cuarta vez dixeron que non, á construción dunha residencia pública no centro da cidade de Ourense. Pero mentres vostedes din non a Ourense, nós dicimos si a Ourense, si á creación de 120 prazas públicas, si ao investimento pola Fundación Amancio Ortega de 12 millóns de euros; si a todos eses traballadores, 110, que van poder traballar nese centro residencial. *(Aplausos.)* ¡Si a eses veciños de Ourense!

Miren, señora Rodil e señora Ortega, non van deter a Xunta de Galicia porque imos seguir traballando por todos os maiores de Galicia; imos seguir traballando por eles e polas súas familias. Porque en materia de envellecemento un dos maiores retos ao que ten que facer fronte Galicia, pero ao que tamén temos que facer fronte dende outros moitos países de Europa, é a garantir que todas esas persoas maiores sexan libres para escoller libremente onde e como queren pasar esa nova etapa da súa vida, sexan cales sexan as súas preferencias ou as súas circunstancias persoais.



Eu a verdade é que nesta comparecencia me centrei na atención residencial porque é precisamente ese ámbito no que leva traballando máis intensamente nos últimos doce meses o Comité Asesor Sociosanitario. Pero a nosa aposta polos coidados de longa duración tamén abarca ese tipo de servizo que máis nos piden os nosos maiores de Galicia, o servizo de axuda no fogar, ser atendidos por profesionais na súa propia casa.

Esta, dende logo, señoras deputadas, non é unha senda que comezásemos onte. Esta é unha senda na que levamos traballando moitísimos anos, concretamente doce, dende o ano 2009; doce anos nos que a Xunta de Galicia duplicou as prazas públicas de residencia, multiplicou por 4 o número de prazas públicas en centros de día, multiplicou por 16 o número de persoas atendidas a través do servizo de axuda no fogar. Cando gobernaban vostedes, había 1.500 persoas maiores en Galicia atendidas a través do SAF. Hoxe, a punto de finalizar o ano 2021, a punto de entrar no 2022, 24.000 maiores de Galicia reciben coidados profesionais na súa propia casa. *(Aplausos.)*

Hoxe en Galicia o 94 % das persoas maiores que solicitan a dependencia xa contan coa súa prestación e o seu servizo. Pero non nos conformamos, imos continuar mellorando, imos continuar aplicando ese plan de choque que puxemos en marcha en maio deste mesmo ano, imos reducir á metade os tempos de espera, imos simplificar todos os procedementos administrativos, imos continuar incrementando o número de valoradores en Galicia, imos continuar abrindo cada vez máis recursos de atención diúrna no noso rural a través das casas do maior, cen por cento gratuítas para os nosos maiores, imos retomar no ano 2022 o autobús de coidados porta a porta, que percorreu 20 concellos en Galicia no ano 2019 e que vai percorrer todos, todos os concellos de Galicia, excepto as grandes cidades, no ano 2022, con servizos gratuítos de podoloxía, de audiometría e de estimulación da memoria para os nosos maiores que viven nos concellos máis pequenos. Imos continuar estendendo a rede, a teleasistencia avanzada, para que as persoas maiores se sintan seguras na súa propia casa. Imos continuar estendendo o servizo de axuda no fogar, mellorando tamén o financiamento a través dese acordo coa Fegamp, incrementando o prezo da hora, 11 euros a hora neste ano 2021, con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro; 11,5 euros no ano 2023; 12 euros no ano 2024. Son 70 millóns de euros só de incremento no servizo de axuda no fogar e 101 millóns de euros que imos destinar a este servizo no próximo ano 2022 para atender as persoas maiores, esas persoas que traballaron sen descanso pola Galicia que temos hoxe.

E por suposto que imos continuar traballando para crear novos centros e abrir novas prazas públicas para os maiores nas sete grandes cidades, excepto en Ourense, se vostedes nos deixan, porque alí votaron por cuarta vez que non á construción dunha residencia pública. Pero si nas outras seis cidades de Galicia. Novecentas prazas públicas de atención residencial nunhas residencias que van ser referencia a nivel europeo: a nova residencia da Barbanza, a nova residencia de Antas de Ulla, a nova residencia de Cerdedo-Cotobade.

Temos que continuar traballando entre todos para abordar o envellecemento porque é un dos principais desafíos aos que temos que facer fronte os países occidentais. Dende logo, aquí en Galicia considero que podemos ter a cabeza ben alta, porque Galicia está a dar a resposta que esta situación necesita. Por suposto que imos seguir traballando, pero imos seguir



facéndoo con sentidiño, con paso curto e con mirada longa, porque así é como cremos que se pode chegar lonxe.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Creo que non me entendeu ben, señora conselleira, pero explícollo. Díxenlle que unha cousa son as prazas dun centro residencial e outra, loxicamente, as unidades de convivencia. Nós cremos que o número de prazas residenciais ten que ser menor para poder ser realmente un fogar. E iso non quita que sexa independente das unidades de convivencia, das que o propio Goberno a nivel estatal xa falou hai meses, como vostede ben sabe.

Ten razón nunha cousa, señora conselleira. Eu non lle vou dar leccións, pero vostede a min, tampouco. Porque mire, vostede é a que cuestiona os técnicos de inspección porque están sometidos a unha sobrecarga pola súa responsabilidade, porque vostede é conselleira nesa lexislatura, pero tamén foi na pasada, e tamén anteriormente foi directora xeral de Maiores, e non aumentaron, como requirían o número de técnicos de inspección, para non estar sometidos a tal sobrecarga.

Vostede é a que cuestiona as propias traballadoras do sector, porque, moi boas palabras, pero logo non as escoita, non se reúne con elas, para saber cales son as cuestións que preocupan agora mesmo no seu traballo e que repercuten directamente no benestar das persoas maiores. Nin fala de incrementar tampouco o número de profesionais nas residencias, que é, ao final, o máis importante. Vostede cuestiona incluso o Consello de Contas, cando non moveu un dedo ante as súas advertencias. Pero, ademais, é que vostede cuestiona os propios familiares e residentes, cando agocha máis de duascenas queixas sobre a residencia do CRAPD, residencia pública, que están nun caixón, e non dá a resposta, non dixo nada sobre iso. Tampouco dixo nada —espero que logo, no seguinte turno, o faga— de se existen contaxios na actualidade nesa residencia e de se van proceder a un protocolo de evacuación desas persoas contaxiadas para evitar os gromos, tal e como dixemos, que para iso están as residencias integradas, das que vostede presume sempre aquí, pero hai que usalas; non sempre ten que estar a residencia en si, senón que teñen que ser utilizadas.

Tamén estou de acordo co señor Pazos nunha cuestión, en que si que hai dar grazas aos traballadores dos centros, ás traballadoras do sector, por suposto, tamén ás doazóns do sector privado —¿por que non dicilo—, e todo iso a pesar da desidia do Goberno galego. Porque non actuaron con transparencia durante todo este tempo, ademais que silenciaron os propios



datos de contaxios e falecementos por cada centro residencial e usaron datos de contaxios, deses bos resultados que obtiveron os centros para persoas con discapacidade, para mesturálos cos das residencias e baixar e terxiversalos así, de cara á opinión pública, ante a alarma social que se estaba a xerar sobre as residencias de maiores; cuestión que molestou —vostede sábeo, señora conselleira—, e moito, no ámbito da discapacidade. Porque os seus bos resultados non foron froito da casualidade, foron froito de moi bo traballo e tamén dun incremento de recursos de máis dun millón e medio de euros, que é un sobrecusto que está reclamando a súa consellería por ofrecer competencias directas do seu departamento e do que vostede non está a dar resposta. Tamén nos gustaría que ofrecera unha resposta nesta cuestión.

É hora de apostar polos recursos existentes na propia carteira de servizos, porque tamén estamos de acordo na cuestión de que as persoas maiores queren evitar o máximo posible, loxicamente, a institucionalización e entrar nunha residencia. Queren quedar nas súas casas, iso é así. É hora de apostar polos recursos existentes na propia carteira de servizos, en dependencia, como son o asistente persoal, o SAF, os centros de día, a libranza na contorna familiar, a libranza aos familiares que fan a función de cuidadores, a teleasistencia e un plan serio para impulsar recursos contra a soidade non desexada. Temos que revitalizar, impulsar e reconceptualizar estes recursos dende unha perspectiva de xénero para reequilibrar os cuidados, partindo de que as persoas prefiren, como dicía, quedar nas súas casas, pero blindando os dereitos das persoas cando opten por unha residencia de maiores e escoitando os protagonistas, escoitando o sector, e por suposto as familias, non pechando os ollos cando hai queixas ás que non se lles dá resposta, señora conselleira. Hai que humanizar o contexto residencial, incrementar o persoal de inspección, escoitar os protagonistas, darlles voz ás persoas maiores usuarias, mellorar as condicións laborais das traballadoras e traballadores do sector, incrementar o persoal... ¿Vaino facer, señora conselleira, dentro dese novo modelo que nos está a presentar? Hai que axilizar os tempos en dependencia de xeito real, que acaba de anunciar, pero veremos os resultados. Tamén nos gustaría saber canto van incrementar os equipos de valoración de dependencia exactamente, e establecer a cercanía da praza residencial respecto do lugar de orixe. Non ten sentido que me dean unha praza a 100 quilómetros, que deslocalice emocionalmente as persoas da súa contorna. Hai que establecer e limitar o número de prazas para encamiñar a tendencia cara a residencias máis pequenas e familiares.

Isto é o que está pedindo o sector, as familias, os protagonistas, as persoas maiores. Isto é o que lle temos que ofrecer á sociedade, e repito, a toda a sociedade, porque todos estamos implicados. Hoxe son eles e mañá seremos nós. É unha cuestión de toda a sociedade, e témonos que implicar para resolver esta cuestión.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Eu entendo que é bastante máis fácil vir aquí e botarlle a culpa de todo ao Bloque. Doce anos de maiorías absolutas e a culpa de todo non a ten nin Yoko Ono nin o cha-cha-cha, tena o BNG. Eu entendo que é bastante máis fácil iso que vir aquí falar un pouco do importante. Nós fixemos o esforzo por centrarnos no que vostede dixo, por facer achegas, aportacións, por facer reflexións con partidas e por intentar saír de aquí, polo menos con algo máis claro. Pero, claro, non hai máis cego que o que non quere ver nin máis xordo que o que non quere oír. Vostede veu aquí, deu a rolda de prensa —que me parece estupendo— e atacou o Bloque co que se lle ocorreu. E está estupendo iso para non falar basicamente do que nós estamos formulando. Tan importante é poñer as mulleres..., ben, as persoas —as mulleres tamén, por suposto; é a perspectiva de xénero, pero as persoas—, no centro das políticas e no centro do novo deseño do modelo de residencias que ten que operar no noso país como falar de que en condicións traballan as persoas que coidan. E eu non lles falo só de cal é o mínimo. Hoxe o mínimo é 0,20 ou 035, dependendo de se falamos de módulos de persoas autónomas ou persoas dependentes. Tan importante é iso como de falar de como calculamos, de como calculamos esas ratios de persoal. Porque hoxe —que é o que sabemos grazas ás actas de inspección, poucas, que nos deixaron ver, e a todas as conversas que tivemos— o que sabemos é que entra ata o cociñeiro no cómputo da ratio de atención directa do persoal. Un cociñeiro que cumpre unha función fundamental é persoal técnico ou persoal de servizo xeral, o que se considere oportuno, pero non de atención directa. Persoal de atención directa son as persoas xerocultoras, auxiliares de enfermería ou enfermeiras, que son as que coidan, levantan, visten, dan de comer e subministran a medicación cando corresponde. ¿Como calculamos eses mínimos? Pois nós, na Proposta de lei galega de residencias —que traeremos aquí e que nós entendemos e insistimos en que é o que corresponde neste momento—, diferenciamos precisamente categorías profesionais nese cálculo; non só persoas dependentes de persoas autónomas, senón que diferenciamos a atención directa; é dicir, que persoas son a atención directa, que formación se lle require ao persoal de atención directa, cales son persoal de servizo xeral, cales son persoal técnico e cales ocupan funcións de dirección. E establecemos un cálculo e un cómputo en función, insisto, non só do número de residentes, senón tamén do perfil desas usuarias, diferentes para os que atenden directamente as persoas e os que cumpren outras funcións.

É tan importante iso como falar... A min o que me dá é moita tristeza, porque eu entendo que é fácil aquí, porque total son 30 minutos, falamos e ventilámolo; cadaquén vai para a súa casa, e aquí paz e despois gloria. Eu sei que é fácil vir aquí dicirme a min que acuso os traballadores do servizo de inspección, os traballadores que están nas residencias de maiores... Iso é o fácil. Como tamén dicir que non hai médicos, e logo estamos en contra do persoal sanitario. Iso é o fácil para non querer ver; é intentar tapar o sol cun dedo, non querer ver o problema. ¿E que é o que dicimos nós? Que hai que garantir un dereito fundamental que ás veces pode quedar así un pouco desapercibido ou nunha esquina, como é o dereito da información e o dereito da transparencia, que é fundamental en sociedades democráticas. ¿E por que digo isto? Porque nós outro dos elementos que é central, desde o noso punto de vista, para o novo modelo de residencias, tendo en conta que aquí opera de todo, é que hai especialmente unha rede pública mínima, que hai moita, moita praza privada, que hai outras concertadas e que hai outras concesionadas. Todas as leis, e tamén a de servizos sociais que



opera en todos os servizos públicos, atenden os que son privados, públicos ou concertados. Neste país non hai unha lei para uns e outra lei para outros; hai unha lei para todos, e sobre todo cando falamos de atención de persoas.

¿Que dicimos nós? Que o que está pasando no día de hoxe —e sabémolo polo traballo que fixemos, e custou moito acceder aos expedientes sancionadores e ás actas de inspección— é que nin sequera saben as persoas usuarias se se cumpren as ratios ou non se cumpren, pero nin as persoas usuarias nin moitas veces as traballadoras, nin por supostísimo esta Cámara, o poder lexislativo e os grupos parlamentarios que o integramos.

¿E que defendemos nós desde o BNG —que me parece importante e interesante debater isto—? Pois algo que non é novo e no que seríamos pioneiros —polo menos no Estado español non me cabe a menor dúbida, pero tamén en Europa—. ¿Que fai o modelo alemán —porque hai que ver de todo nesta vida, o que nos gusta e o que non nos gusta, e traballar sobre distintos modelos, que a roda hai moito que está inventada—? ¿Que fai o modelo alemán? ¿Que é o que propoñemos nós desde o BNG na nosa proposta? Que ten que ser obrigatorio publicar e garantir o acceso público ás actas de inspección e aos expedientes sancionadores, *(Aplausos.)* porque toda a sociedade —as administracións públicas, por suposto, este poder lexislativo xa nin que dicir ten, pero sobre todo as persoas familiares, as persoas usuarias e quen aspire a entrar nunha residencia, sexa da titularidade que sexa— ten dereito a saber, a saber se se cumpre cos dereitos laborais, a saber se se cumpre coas ratios de persoal. E, sobre todo, tamén hai un elemento que para nós é fundamental: o que non pode ser é que o que está pasando agora é que sae máis barato pagar a multa que contratar o persoal. Sae máis barato pagar o que che di ou sae a conta ao final de todo o proceso de tramitación, a sanción económica correspondente, que contratar unha traballadora de atención directa 24 horas cando haxa que tela operativa nunha residencia.

Eu creo que vai haber tempo abondo de que tratemos polo miúdo esta cuestión. E o que lle pido é que veñan e tramiten de acordo co Regulamento da Cámara ese novo modelo de residencias, igual que vai facer, cando corresponda, no período de sesións seguinte, o BNG coa Proposta de lei galega de residencias. Tráianlo á Cámara se queren de verdade que os grupos fagamos propostas e poidamos chegar a un consenso. No outro, de verdade que non temos un poder lexislativo para facerlle a vostede de rolda de prensa ou de conferencia de prensa. *(Aplausos.)*

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Preguntábame na anterior intervención se contariamos esta vez coa colaboración da oposición. Non pinta ben a cousa.



Eu, de verdade, invítoos a que reflexionen. Xa se posicionaron no seu momento en contra das casas do maior, en contra das casas niño, en contra da implantación do Telea, agora falan tamén e fan chanza sobre a implantación da robótica... Eu, de verdade, non entendo o que pretenden vostedes. Teño a sensación de que calquera día van queixarse de que existan grúas para axudar a mover os pacientes porque é mellor facelo polo vello método. A nós parécenos que non, parécenos que é pouco serio e que sería bastante positivo que abandonaran vostedes os seus prexuízos ideolóxicos para empezar a facer unha formulación seria, atendendo á realidade do contexto social e cultural no que vivimos.

Miren, é moi demagóxico vir aquí criticar ese modelo de privatización das residencias cando o utilizan todos e cada un dos días en todas e cada unha das administracións que vostedes gobernan. ¡É pouco serio! ¡Non ten ningunha credibilidade! Vostede onte —que si que deu unha rolda de prensa— dicíanos que había que ir devolvendo ao público todas esas residencias privadas. E eu dígolle, ¡home!, para facilitarlle o labor ao Goberno, señora Rodil, deixen de privatizalas, que acaban de privatizar tres en Lugo e que teñen unha que está agora en proceso de licitación. Se queren ter un pouco de credibilidade, paralicen ese proceso de licitación e fagan unha residencia cen por cento pública, e, se non, non veñan aquí contar o que temos que facer, que é exactamente o contrario do que fan vostedes alá onde gobernan. ¡É que é moi pouco serio, señora Rodil, é moi pouco serio! (Aplausos.) Dinnos: imos presentar unha lei na que imos impoñer que o 90 % das habitacións teñen que ser individuais. ¿Cal é a porcentaxe de habitacións individuais nas residencias da Deputación de Lugo ou da Coruña? Dígollo eu: o 0 %. É que non o cumpre nin unha soa habitación desas residencias. Pero veñen aquí dicirnos aos demais como temos que xestionar todo isto. A min recórdame a aquela cita de Machado, ¿verdade?: «Os que están de volta de todo son os que nunca foron a ningunha parte». Pero están de volta de todo, sábeno todo. E resulta que alá onde están non aplican absolutamente nada do que veñen aquí dicir e dan leccións.

Dixo a señora Ortega que a conselleira cuestiona os servizos de inspección. Dicía tamén a señora Rodil que iso é o fácil; que é fácil dicir que nós criticamos os servizos de inspección. É que o fan, pero non só é que o fagan; dígolle, na Comisión de Reactivación, persoas concretas, organizacións concretas que viñeron aquí invitados por vostedes e propostos por vostedes, acusaron eses servizos de inspección de chamar telefonicamente antes de cada unha das inspeccións para axudar a que as residenciais as superaran de maneira fraudulenta. Pedínlle en tres ocasións que vostedes se desmarcasen desas acusacións e negáronse nesas tres ocasións, e hoxe novamente volveron facelo. Claro que os acusan, sinálanos co dedo e despois veñen aquí dicir que están da súa parte. ¡É absolutamente falso e é absolutamente cínico!

Din aquí que nós cuestionamos as traballadoras. Non, cuestiónanas vostedes, ¡cuestionanas vostedes! Preguntéillelo antes, e dígollelo aos que queren formar un bipartito: ¿que van facer vostedes coas traballadoras das residencias privadas que vostedes queren nacionalizar? Porque vostedes o que queren é nacionalizar o sector socio sanitario. É así, din que hai que recuperalas para o público. A miña pregunta é: ¿que van facer con esas traballadoras? Sería bo que llelo dixeran. E din que hai que mellorar as condicións salariais. Eu non digo que non, pero, ¡home!, poñerse nestes termos dramáticos... Pregúntolle: ¿cobran mellor? ¿Cobran máis as traballadoras das residencias da Deputación de Lugo e da Deputación da



Coruña que as de calquera outra residencia? Porque o que marcan as táboas salariais son os mínimos, ¡eh! Se queren subirlles, é voluntario. Alá onde gobernan, ¿cobran máis?, ¿teñen mellores nóminas? Non, non é certo. Deixen de mentir, deixen de falsear a realidade, deixen de facer demagogia.

E, ¡home!, xa para ir rematando, eu, señora Rodil, non digo que todo o que pase neste país sexa culpa do Bloque, non é certo. Agora, que en Ourense haxa unha residencia paralizada e que non se poida construír unha residencia pública é por culpa do Bloque e do PSOE. Iso si que é culpa súa..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e hai que dicilo con total claridade. Culpa exclusiva, responsabilidade de vostedes dous, ¡exclusiva responsabilidade! (*Aplausos.*) E hai que dicilo.

E a outra cousa que non podo deixar pasar, señora Ortega, é que hai que ter moito cuajo para vir aquí acusar a Xunta de falta de transparencia. ¡Hai que ter certo cuajo! Pero que o faga a representante dun partido... Por certo, ¿sabe que na Comisión de Reactivación solicitamos os datos comparativos da mortalidade nas residencias por comunidades autónomas? Solicítámosllo ao Goberno de España. Eu non sei se vostede ten os datos. Eu non os teño. Pero vir aquí dar... Eu voulle facer unha pregunta moi sinxela en aras da transparencia: ¿vostede é capaz de dicirme no día de hoxe cantos españois faleceron por culpa da pandemia da covid? Porque o Goberno do señor Sánchez, o Goberno do seu partido, aínda foi incapaz de darnos un dato concreto de cal foi o número de falecidos na pandemia máis grave da historia de España. E veñen aquí falar de transparencia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ¡Un pouco de decoro!, ¡un pouco de decoro! Tápense un pouco, por favor. ¡É que xa empeza a resultar indignante!

Eu, vólvolle repetir —e con isto finalizo xa, presidente—, aquí houbo unha conselleira que compareceu hoxe para plantexar medidas concretas e propostas concretas que foron elaboradas por un grupo de persoas que desinteresadamente aportaron a súa experiencia e o seu coñecer para mellorar a vida dos nosos maiores. A man está tendida. Responsabilidade súa será collela e colaborar, ou, como levan facendo os últimos doce anos, desbotala e adicarse a poñer paus nas rodas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Que quede sobre as súas consciencias; as nosas están moi tranquilas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para o peche da comparecencia, a conselleira de Política Social.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Ortega, eu non sei que lle pasa, que está sempre pelexada con ese comunicado que enviamos periodicamente sobre os casos positivos nas residencias, e polo que, ademais, me pregunta vostede sempre que ten ocasión. Mire, non se preocupe, porque no boletín de mañá vostede poderá coñecer con toda precisión a situación do CRAPD 1, de Vigo, pero tamén con precisión todas e cada unha das residencias de maiores de Galicia. E isto non o facemos hoxe nin mañá nin pasado, vímolos facendo dende o inicio da pandemia. Pero, aínda así, os seus compañeiros do Partido Socialista do Goberno central non copian, por desgraza, a Galicia.

En definitiva, señora Ortega, non se preocupe, que vostede terá á súa disposición, como durante toda a pandemia, todos e cada un dos contaxios de Galicia.

Vostedes desaproveitaron a ocasión que tiñan na súa intervención de dicirnos —aquí tamén hai deputados da provincia de Ourense— se van vostedes permitir construír unha residencia pública na cidade de Ourense. ¿Si ou non? ¿Si? Pois espero que por quinta vez... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Espero que por quinta vez se eleve ao Pleno do Concello de Ourense a construción dunha residencia pública de 12 millóns de euros, de 120 prazas, e poder atender todos eses maiores que tanto o necesitan e que tanto merecen esa praza residencial.

Mire, señora Ortega, vostede tamén me fala de dependencia e de incrementar os equipos de valoración. Eu comparto con vostede que temos que incrementar o número de profesionais que valoran as persoas maiores na súa propia casa, por iso acabamos de incrementar de 44 a 60 o número de profesionais que valoran a dependencia; un 36 % máis de profesionais que van ao domicilio de cada persoa maior a valorar que grao de dependencia teñen. (*Aplausos.*)

Señora Rodil, eu vexo que a vostede hoxe lle gustou o retro. Gustoulle o retro porque vostede me propón unhas ratios que levan funcionando en Galicia dende o ano 1996. Vostede pídeme que se conten os profesionais de atención directa. É que leva sendo así dende hai vinte e cinco anos. A proposta do Bloque Nacionalista Galego xa a puxo en marcha o presidente Fraga Iribarne hai vinte e cinco anos. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu dígollo de verdade, con todo o cariño, para que non poña na súa lei de residencias unha petición ao Goberno que xa puxo en marcha o presidente Fraga.

Pero, mire, en definitiva, o que nos importa é continuar traballando polos nosos maiores, e aquí, en Galicia, temos que estar moi orgullosos porque unha das cifras que mellor fala de Galicia, que mellor fala da nosa terra, é a lonxevidade que temos os galegos; 83,8 anos de esperanza de vida. Isto é unha louvanza ao noso estilo de vida, é unha louvanza a unha sanidade pública de primeiro nivel e é unha louvanza ao noso sistema de coidados.

Pero o feito de que vivamos máis os galegos e as galegas tamén supón novos retos para toda a sociedade. E non consiste en que tratemos os nosos maiores como se fosen nenos, porque non o son, nin que os obrigemos a vivir nun lugar onde non queren vivir, senón que se



trata de que lles demos aos nosos maiores ese apoio que necesitan, esa atención que merecen e ese cariño, para que poidan pasar ese outono das súas vidas onde e como queiran.

Con este novo modelo que acabamos de presentar hoxe Galicia convértese nun referente europeo en materia de envellecemento, convértese nun referente europeo tras doce meses de intensísimo traballo polo Comité Asesor Sociosanitario. Convertémonos nun referente tras doce meses de traballo co sector, de traballo cos expertos, de traballo cos sanitarios, de traballo cos familiares e tamén cos usuarios. Na nosa comunidade imos facer fronte a este desafío dende o consenso, dende a certeza do consenso.

Eu espero que os partidos da oposición non aproveiten os próximos meses para abrir aquí, en Galicia, unha fenda onde non a hai. Porque aquí, en Galicia, no que se refire á planificación residencial e ás residencias do futuro, Galicia está unida, e esa unidade é a que esperan e a que necesitan moitos galegos e galegas cando se tratan os temas máis importantes da súa vida. Porque máis alá de calquera ideoloxía política, máis alá das siglas dun partido político, como di vostede, señora Rodil, por riba de todo están as persoas. E si, por riba de todo están todas esas persoas que traballaron arreo, que traballaron sen descanso para construír a Galicia que temos hoxe.

Señorías, de verdade que saben que hai moitas persoas que afirman que cando un se vai facendo maduro, cando chega á madurez, cando é o momento no que un se fai maior, é o momento no que hai que comezar a ir descartando soños. A verdade é que eu creo, sinceramente, que cada ano que lle sumamos á nosa vida é unha oportunidade máis para seguir pelexando, para seguir loitando por todos eses soños. E ningunha motivación pode ser máis poderosa que traballar por construír unha Galicia na que todos os galegos e galegas poidan converterse nesas persoas maiores que sempre soñaron ser.

Dende logo, a Xunta de Galicia imos continuar traballando arreo e sen descanso e imos continuar traballando da man de todo o sector sociosanitario de Galicia para que na nosa comunidade eses soños sexan unha realidade.

Máis nada, moitas grazas, e bo Nadal. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Tal como foi comentado, debatemos agora a seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Marina Ortega Otero e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da atención temperá

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Benvinda outra vez, señora conselleira.



Como está preocupada pola residencia de Ourense, dígolle que nós, por suposto, loxicamente queremos que esa residencia vaia para adiante, pero o que ten que ser é que as cousas se teñen que facer con respecto á legalidade e á normativa que se marca porque se non poden existir, como vostede sabe, problemas. Sei que vostede está enterada nesta cuestión e sabe os motivos; entón, a verdade é que é un pouco de demagogia facer iso, pero bueno.

Meténdonos no asunto, a atención temperá refírese ao conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos. Trátase dun recurso fundamental para poder previr un déficit no desenvolvemento e tamén para tratalo, polo que a saúde da parte da poboación galega infantil afectada depende en gran medida deste recurso. Sen embargo, a pesar da importancia que ten este servizo, é un gran descoñecido para a sociedade. De feito, en moitas ocasións existe a propia tendencia de crer que é unha simple terapia ou conxunto de terapias, cando é un recurso que vai moitísimo máis alá das funcións que todos e todas coñecemos; é un servizo que traballa directamente cos menores pero tamén coas súas familias e en coordinación cos pediatras, coas escolas infantís, cos centros escolares, os servizos sociais, etc., nunha visión multidisciplinar e transversal.

Como representantes da cidadanía, non só temos o deber de facer propostas en materias tan importantes como esta, senón tamén o de dar a coñecer á cidadanía galega a vital importancia que teñen certas cuestións, porque con iso captaremos mellor a atención non só das familias usuarias do servizo, que evidentemente xa teñen interese neste asunto, senón de todo o conxunto da cidadanía a través da empatía que xorde cando sabemos que o que está en xogo é a saúde dos nenos e nenas galegos.

Preto de dous mil menores de 6 anos en Galicia xa contan cun grao de discapacidade recoñecido, o cal dá mostra da magnitude da necesidade e a demanda social que este recurso xera na poboación, tendo en conta que os estudos indican que a poboación diana se sitúa arredor do once por cento dos nenos e nenas de entre 0 a 6 anos.

En Galicia existen tempos de espera na atención temperá de incluso un ano, e o acceso ao servizo amosa unha evidente desigualdade sobre todo territorial, evidenciando que non existen as mesmas oportunidades, senón que, segundo onde nazan os nenos e as nenas, terán acceso ao servizo ou non.

Tendo en conta o tipo de poboación susceptible de ser usuaria, que son os menores de 0 a 6 anos —onde hai que sinalar que ten que rexer o interese superior do menor sempre—, nesta cuestión estase a vulnerar se non dotamos de medios un recurso que ten que ser de uso inmediato e accesible unha vez se prescribe polo facultativo, xa que o feito de que as listas de espera demoren o acceso do menor ao servizo pode supoñer un detrimento na propia saúde e nas facultades ou o desenvolvemento do dito menor. Repito: poden supoñer un detrimento na propia saúde dos nenos e nenas; por iso é tan importante.

É verdade que a atención temperá en Galicia ten experimentado un crecemento constante nos últimos anos, pero cando comparamos a cobertura e a contía do investimento por ha-



bitantes de 0 a 6 anos co resto das comunidades autónomas, aínda ocupamos peores posicións a nivel estatal; por iso temos que investir máis recursos. Ademais, hai que engadir que Galicia é a comunidade autónoma que menos inviste por habitante potencialmente en situación de dependencia de toda España, polo que é importante que o Goberno galego incremente esforzos discriminando positivamente este tipo de casuísticas, para que neste caso os menores con dificultades gasten todas as oportunidades posibles ata optimizar ao máximo a súa saúde e as propias capacidades e oportunidades que teñan na vida.

Pero este feito agrávase nas zonas rurais, onde se manifesta a desigualdade territorial. Como exemplo disto, hai unhas semanas os medios de comunicación alertaban de como, por exemplo, na Mancomunidade Conso-Frieiras, os menores quedan sen servizo ata sete meses ao ano. Esta é unha cuestión que nos preocupa, evidentemente, porque isto invalida os propios beneficios da atención temperá tendo en conta que, segundo o propio estudo publicado pola Federación Estatal de Asociacións de Profesionais de Atención Temperá, calculan que a frecuencia media para a efectividade do servizo ten que ser polo menos de 1,2 horas semanais durante polo menos corenta e tres semanas de traballo efectivo ao ano.

É preciso, polo tanto, estudar de xeito urxente este tipo de cuestións e elaborar unha estratexia de planificación en función da poboación diana. Tamén é preciso garantir unha estabilidade presupostaria e funcional ao longo prazo para blindar o propio servizo, xa que moitos concellos non son capaces de manter os servizos sen teren asegurado o retorno presupostario do mesmo. Por todo iso, é fundamental revisar o método de financiamento do servizo da Xunta para evitar a propia inestabilidade e precariedade que interfire na propia calidade do servizo ao ser de carácter anual, como saben. É preciso un modelo de financiamento estable e a longo prazo, que permita aos profesionais da atención temperá desenvolver toda a súa capacidade con proxectos a medio e longo prazo para optimizar ao máximo os beneficios sobre os menores.

Segundo, traballar nun plan que garanta a universalidade do dereito á atención temperá, á equidade e á igualdade de oportunidades.

Terceiro, eliminar os custos directos e indirectos ás familias, asegurando a propia proximidade dos recursos ao lugar de vida das familias. ¿Por que digo isto? Porque a propia ausencia de proximidade págase caro, non só o sobrecusto do propio desprazamento en si, senón incluso de ter que deixar o propio traballo os pais e as nais, porque, evidentemente, pola saúde dos fillos faise o que faga falta.

Cuarto, a atención temperá débese centrar no período de 0 a 6 anos, xa que está comprobado que ese tramo de idade, moi especialmente de 0 a 3 anos, é crítico para aproveitar ao máximo a plasticidade cerebral. Pero ante a demanda das familias para dar continuidade ao traballo cos menores a partir dos 6 anos en adiante é preciso reformular, coordinar e impulsar o resto de recursos existentes para unha infancia e adolescencia que son totalmente distintas ás de hai vinte ou trinta anos, e que, particularmente nestes momentos, están a vivir unha pandemia que deixará consecuencias na saúde física e mental dos menores. Estes servizos son os da carteira de dependencia, os de rehabilitación infantil, saúde mental e infantoxuvenil, os de necesidades educativas especiais, etc. É preciso unha coordinación estreita entre os mesmos para optimizar os resultados.



Cuarto, crear o dispositivo de centros en función da poboación diana. Temos que optimizar o investimento para fuxir das asimetrías de recursos existentes.

Quinto, apostar pola prevención da primeira infancia. É o mellor investimento que pode facer unha sociedade. Un dos indicadores fundamentais de éxito é o traballo preventivo, polo que a longo prazo é un aforro evidente.

Sexto, establecer o diálogo mediante a escoita activa dende o Goberno galego cos profesionais do sector. É clave esta cuestión.

Sétimo, a coordinación e a transparencia sociosanitaria son fundamentais para coñecer o rendemento do servizo, polo que é fundamental coñecer os datos das sete unidades do Ser-gas, xa que non se están a ofrecer.

O último punto —e non menos importante—, ademais de revisar o modelo de financiamento é preciso incrementar os recursos tal e como propoñemos nos presupostos da Xunta para o 2022, nos que se solicitan recursos adicionais na emenda transversal. E non só aumentar senón sacarlle proveito e rendemento, e secundando os cartos con coñecemento e asesoramento dos propios profesionais. Porque a existencia dunha rede completa de calidade de atención temperá é o mellor investimento que pode facer unha sociedade, xa que significa multiplicar as oportunidades dos nosos nenos e nenas.

Polo que o factor que poida determinar o benestar e a saúde de nenos e nenas, neste caso de atención temperá, vale a pena investir niso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, señora Ortega, boas tardes de novo a todos.

Falar da infancia é sempre tratar unha das pezas máis delicadas da nosa pirámide de poboación. A protección dos primeiros anos de vida dunha persoa resulta fundamental para garantir o seu correcto desenvolvemento e para proxectar un futuro mellor. Neste labor debe implicarse toda a sociedade, aínda que existen tres eidos que resultan fundamentais para identificar necesidades e para activar o sistema de protección dos máis pequenos e das súas familias; trátase do ámbito sanitario, do ámbito educativo e do ámbito dos servizos sociais. Os seus profesionais son quen mellor poden recoñecer os problemas no desenvolvemento dun neno tanto a nivel físico como cognitivo, como a nivel social.

No ano 2009, o Goberno galego creou a Rede galega de atención temperá coa finalidade de coordinar o traballo de todos estes profesionais e entre todos identificar dunha forma máis



fácil, dunha forma máis especializada, os problemas no desenvolvemento de nenos e nenas de 0 a 6 anos, ou a aqueles tamén que están en risco de padecelos. O seu papel foi chave para crear unha plataforma de comunicación directa que permitise dar asesoramento á contorna familiar sobre o coidado dos máis pequenos de Galicia, que permitise incidir na necesidade dun sistema educativo integrador que ofrezca sempre atención especializada e adaptada a todo tipo de alumnos e que tamén permitise que todas as administracións participemos na posta en marcha de unidades de atención temperá espalladas pola xeografía galega.

Naquel momento, no ano 2009, Galicia contaba con dúas unidades de atención temperá pertencentes precisamente á Asociación Galega de Atención Temperá, que cubrían catorce concellos e atendían a 160 nenos de Galicia. Hoxe a nosa comunidade ten trinta e tres unidades de atención temperá, que abarcan cento corenta e tres concellos de Galicia e que atenden máis de dous mil nenos e nenas. Son trinta e unha unidades máis, doce veces máis nenos atendidos e un nivel de cobertura que supera xa a metade do noso territorio galego. Con esta aposta o Goberno galego conseguiu —traballando sempre, como se debe de facer, da man dos concellos e da man das entidades sociais— que a atención temperá pasase de ser un servizo descoñecido ata hai pouco tempo a un servizo que está practicamente ao alcance de todos.

As unidades da Rede de atención temperá chegan a concellos como Aranga, Xermade, Arbo, Val do Dubra, ou como a Mancomunidade de Conso-Frieiras que vostede me menciona, todos eles municipios de menos de cinco mil habitantes. Sabemos moi ben que as necesidades dos nosos pequenos non entenden de dispersión xeográfica. O Goberno galego, dende logo, o que procura é achegar todos estes servizos e facelo de xeito gratuíto á contorna onde ese neno, onde esa familia viven, para que poidan sempre crecer, nacer e vivir en igualdade de oportunidades cos demais nenos.

Señora Ortega, agradézolle que vostede me dixera que é coñecedora do compromiso da Xunta de Galicia cos concellos máis pequenos de Galicia, porque sabe ben que a posta en marcha de todos estes servizos representa un enorme esforzo para as arcas públicas. O custo de levar todos estes servizos non é o mesmo que levar estes servizos a unha cidade. Por iso os concellos precisan da nosa axuda, da nosa comprensión e tamén da nosa colaboración.

Ese foi precisamente o motivo que levou o presidente Feijóo, xunto a outros presidentes autonómicos de distintas cores políticas, a asinar o pasado mes de novembro un acordo para reclamar un modelo de financiamento máis xusto, un modelo de financiamento máis equilibrado, e un modelo de financiamento máis solidario. Gustaríame que ese mesmo compromiso que nos exige a nós neste Parlamento de Galicia llo traslade tamén vostede, se pode, ao seu presidente Sánchez.

Mentres agardamos, dende logo, por unha resposta do presidente Sánchez —que xa levamos ben de tempo esperando—, a Xunta de Galicia vai continuar incrementando, como non podería ser doutra forma, os fondos destinados para que os concellos galegos, principalmente os máis pequenos, poidan poñer en marcha novas unidades de atención temperá; que poidan poñer en marcha novas unidades de atención temperá para estar á altura do que os veciños merecen, pero sobre todo do que eses nenos pequenos tanto necesitan. E así o



fixemos a través do incremento no financiamento no servizo de axuda no fogar, que este ano ademais o orzamento vai superar por primeira vez os cen millóns de euros. Por iso imos incrementar en 600.000 euros a orde destinada ás axudas dos concellos, para poñer en marcha cada vez máis programas destinados a todas estas persoas que están en risco de exclusión social.

E queremos aínda ir máis lonxe, queremos ir un paso máis alá. Por iso, neste próximo ano 2022 a Consellería de Política Social vai duplicar os fondos destinados á atención temperá. Imos pasar de 3,4 millóns de euros a 6,2 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Imos continuar incrementando o financiamento para continuar atendendo a nenos pero, sobre todo, protexendo e apoiando ás súas familias. Imos continuar incrementando o número de unidades de atención temperá para chegar ás cincuenta, para chegar á práctica totalidade do territorio galego. Pero tamén imos incluír unha serie de novidades que axuden os concellos a faceren fronte a este servizo. Imos financiar a partir de agora o cen por cento das horas prestadas e imos incrementar un cinco por cento o prezo que reciben os concellos por hora.

Señora Ortega, como pode comprobar, o compromiso do Goberno galego coa atención temperá, pero sobre todo tamén cos concellos de Galicia, está máis que probado, e foi xa trasladado a esta cámara durante a miña comparecencia para presentar os orzamentos de cara ao ano 2022.

Durante os últimos doce anos non soamente ampliamos a extensión desta Rede de atención temperá e multiplicamos ademais por doce o seu investimento, senón que imos continuar impulsando sempre novas medidas que nos axuden a mellorar a calidade da atención prestada.

Neste 2021 elaborouse o primeiro plan de formación destinado aos profesionais do sector. Un plan de formación sólido no que se van formar paulatinamente todos os profesionais que forman parte de toda esa Rede de atención temperá que vai cubrir practicamente todo o territorio de Galicia. O que queremos con este plan de formación é que todos os profesionais poidan traballar do mesmo xeito, que se poidan unificar os métodos e tamén que poidan continuar coidando e mellorando cada día os servizos que prestan.

Non imos esquecer que grazas á implicación de todos estes profesionais atendemos as necesidades de centos, de centos e de centos de nenos de Galicia que teñen problemas no seu desenvolvemento ou que están en risco de padecelos. E tamén imos continuar apoiando e disipando todas as dúbidas que teñan esas familias. Porque con todos estes profesionais imos comprender que cun diagnóstico temperá podemos previr moitos dos problemas que poden padecer estes nenos cando sexan adultos. Comprendemos que detrás dun rendemento escolar baixo, e que é un rendemento distinto ao dos demais nenos, poden agocharse distintas solucións e distintas necesidades que poden ter unha boa solución. E tamén entendemos e comprendemos que formar os pais e continuar formando sempre os docentes é un paso imprescindible para continuar avanzando nunha Galicia máis familiar, nunha Galicia máis unida e máis integradora.



Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Na rolda de réplica ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, supoño que coñecerá o informe da Rede galega de atención temperá onde se indica textualmente: «en termos comparativos con outras comunidades autónomas, tanto no que se refire á cobertura como á contía da inversión/poboación o a 6, Galicia aínda ocupa un dos últimos lugares de España». Entendo que nesta situación é fácil duplicar, pero non é suficiente, como ben sabe, e máis nun servizo tan importante como é este.

Para que faga unha idea, falaba vostede de trinta e tres centros, cando soamente en Biscaia hai corenta e nove, por exemplo. Para que a xente faga unha idea do retroceso que temos nesta materia e da necesidade que existe en canto a unha cuestión tan importante, e de que temos que pasar a un seguinte nivel, que é chegar a todos os nenos e nenas que precisan da atención temperá.

Porque tendo en conta que hoxe contamos neste goberno, na comunidade autónoma de Galicia, coa maior capacidade de gasto e recursos da historia, ¿que hai máis importante que esta cuestión? Como, por exemplo, a sanidade, as políticas sociais, e nestas nomeadamente a atención temperá, porque diso depende e determinará o futuro de nenos e nenas dende que son moi cativos. Polo que reitero que é fundamental, que non falou diso, revisar o modelo de financiamento do servizo, señora conselleira. Porque estannos a comentar os profesionais do sector que así se podería evitar unha inestabilidade e unha precariedade que interfieren coa boa calidade do servizo. Entón, si que é verdade que nos gustaría que nos respondera a isto, señora conselleira.

Tamén traballar nun plan que garanta a universalidade do dereito á atención temperá, á equidade e á igualdade de oportunidades, porque, como ben sabe, realmente non chegamos a todos os nenos e nenas, e co investimento que está vostede a anunciar tampouco, porque xa o tiñamos estudado nos presupostos e por iso solicitamos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se incrementaran.

Eliminar os custos directos e indirectos ás familias asegurando a proximidade, iso tamén é importante. Porque hai que facer o traballo. Este recurso ten que ir destinado en función da poboación diana e en función tamén da discriminación territorial que ofrece o rural. Eu non felicitei o Goberno nin moito menos, entendeume mal, senón todo o contrario. Vostede di que eu felicitei o Goberno porque tiña en conta as zonas rurais; todo o contrario, eu estou dicindo que hai un desequilibrio territorial precisamente cos contornos rurais e que hai que telo en conta e, sobre todo, coa poboación diana.



Na atención temperá temos que apostar e dar continuidade ao traballo cos menores a partir de 6 anos —como dicía— cos recursos que temos dispoñibles máis alá da atención temperá, que son —como xa dixen anteriormente— os recursos da carteira de servizos de dependencia, rehabilitación infantil, saúde mental, infantoxuvenil. Que son inasumibles as listas de espera que temos neste servizo, que son as maiores e que non as podemos asumir, máis nestes tempos que sabemos que a saúde mental da xuventude e dos menores se está a resentir despois da pandemia. Temos que apostar por este tipo de servizos, crear o dispositivo de centros en función da poboación diana como xa lle dixen.

E despois tamén un dos indicadores fundamentais, e polo que non lles debe tremer o pulso en investir nesta cuestión de xeito moito maior e, por suposto, con coñecemento de causa e falando cos profesionais —porque está comprobado que o traballo preventivo na primeira infancia é síntoma de éxito e é síntoma tamén de aforro de recursos—, é establecer o diálogo mediante a escoita activa —como dicía— cos profesionais do sector, que é clave. Refírome a escoita activa porque si que é verdade que, evidentemente, ten que haber reunións, pero teñen que ser escoitados e debe ter en conta as propostas que lle fan, señora conselleira.

E é fundamental coñecer tamén os datos das unidades do Sergas, porque non podemos traballar sen saber realmente cales son os datos na súa totalidade. E aí ten vostede un traballo de coordinación sociosanitaria e ten tamén unha dirección xeral para iso, e teñen que establecer pontes para non estar descoordinadas unhas consellerías das outras e máis nunha materia tan importante como é esta.

E, por suposto, incrementar os recursos pero con coñecemento, porque, se non, realmente pérdese a propia efectividade. A prevención da saúde da primeira infancia é o máis xusto; lógicamente os menores son o primeiro en calquera sociedade e todos entendo que estaremos de acordo, non só polos propios dereitos dos menores e polo interese superior do menor a nivel xurídico, senón tamén porque supón un aforro no futuro a nivel recursos. Por iso entendemos que é unha cuestión na que temos que estar de acordo e substanciaremos unha moción que esperemos que voten favorable na próxima sesión plenaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Ortega.

O sufrimento dunha nai, o sufrimento dun pai cando comeza a distinguir algún tipo de problema no desenvolvemento do seu fillo ou da súa filla é inimaxinable. O proceso de creación da Rede galega de atención temperá, que relatei durante a miña primeira intervención, foi



un fito moi importante tanto para todas as familias como para os propios nenos. Estes nenos poden contar agora cun diagnóstico rápido, poden contar con servizos de proximidade dentro da súa propia vila ou cerca da súa aldea sen ter que desprazarse quilómetros e quilómetros ata as grandes cidades.

Por suposto, señora Ortega, que comparto con vostede que hai que continuar avanzando na extensión e tamén na estabilidade deste servizo. E por iso no vindeiro ano 2022 imos duplicar os fondos destinados ás unidades de atención temperá. Así o anunciei, como vostede sabe, na miña comparecencia de orzamentos, e quedou ben claro e patente durante a Comisión 5ª do pasado xoves, cando esta cámara aprobou por unanimidade, incluíndo os votos do Partido Socialista, unha proposición non de lei sobre esta mesma cuestión.

A verdade é que pensei que esa unanimidade significaba que estabamos de acordo, porque normalmente é o significado tradicional do que é a unanimidade, pero hoxe a través desta interpe-lación vexo que me equivocaba. Pero, dende logo, o Goberno galego seguirá apostando por este modelo; un modelo de atención temperá creado cerca de onde viven os pais, ao carón de onde viven os nenos; un modelo baseado na prevención, na identificación e no tratamento precoz.

Queremos continuar traballando para darlles sempre unha resposta ás necesidades de todos eses nenos pero tamén ás necesidades de todas as familias. A atención temperá dálles esas ferramentas que necesitan eses nenos para gañar en autonomía dende os primeiros pasos, para gañar en autonomía dende a infancia e gozar así dunha maior calidade de vida cando sexan maiores e cando sexan adultos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora ao punto 4, de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva na moción, ao remate do primeiro punto, o seguinte texto:



«Do mesmo xeito realizaranse campañas específicas para facilitar a incorporación do colectivo LGBT ao eido laboral.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Hai dúas semanas, na defensa desta interpelación, nós dicíamos que as socialistas e os socialistas consideramos que estamos nun momento certamente preocupante, no que estamos vivindo ese caldo de cultivo propiciado e sementado por eses discursos de odio da ultradereita, que están calando xa en certos aspectos na sociedade e que se están, ademais, vendo reflectidos directamente nas estatísticas oficiais e nos datos do Ministerio do Interior ou nos distintos observatorios pola igualdade a nivel estatal, o cal se traduce polo tanto nese aumento das agresións e dos delitos de odio cara ás persoas LGTBI.

E nós dicíamos tamén que non podemos normalizar e asistir cada día practicamente a distintos incidentes, ler, ver e escoitar na radio arredor deses incidentes, desas agresións a nivel estatal en moitas localidades, pero tamén o temos vivido aquí na nosa comunidade nestes últimos meses. E aínda que, preservando sempre e mantendo todo o respecto no caso dunha das traxedias que vivimos este ano, —dicíamos— como era o asasinato do mozo Samuel Luiz na Coruña, preservando ese respecto necesario por unha investigación que está aberta a nivel policial, unha instrución xudicial que determinará cal foi a motivación dese crime tan trágico, si dicíamos que é inevitable denunciar a existencia de tinturas homófobas arredor dese terrible asasinato.

E dicíamos tamén que ante esta situación e este contexto non abundaba con facer declaracións institucionais ou con amosar a nosa máis enérxica condena e que temos que desenvolver —a Xunta de Galicia, no que nos ocupa e nos atinxe a nós aquí en Galicia, no noso país— todas as ferramentas que temos ao noso alcance, como é desenvolver cada un dos capítulos da Lei pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI do 2014.

Dicimos que todas e todos temos unha enorme responsabilidade no medio deste caldo de cultivo que se está a traducir neses discursos de odio, que moitas veces atopan ese acubillo nas propias institucións.

Afortunadamente, témonos que parabenizar de que non saíu adiante esa derogación que pretendía a ultradereita na Comunidade de Madrid, que pretendía Vox derogar as leis LGTBI; un bloqueo que se acadou grazas á contestación contundente nas rúas das cidadás e dos cidadáns, pero tamén do voto en contra da esquerda. Pero aquí non podemos ser equidistantes nunha situación coma esta. Lembramos que o Partido Popular da presidenta da Comunidade, Isabel Díaz Ayuso, se abstiña e mesmo defendía despois dese debate no parlamento, na asemblea, dicía que Vox era un partido que estaba no seu dereito de modificar e derogar as leis que considerase. E nós o que consideramos —valla a redundan-



cia— é que non é unha cuestión de consideracións. Hai que marcar liñas vermellas cando se trata de falar de democracia, de tolerancia e de dereitos humanos, que non podíamos xogar a equidistancia, e máis tendo en conta ese resultado que temos no momento dos delitos e da LGTBIfobia.

Nós traíamos e presentabamos esta iniciativa falando deste contexto a propósito dese estudo que presentaba e que facía o sindicato da UXT a nivel estatal e que amosaba datos certamente preocupantes en todo o Estado e máis preocupantes, ademais se cabe, na nosa comunidade. Un estudo sobre a realidade dos dereitos das persoas LGTBI no ámbito laboral, que arroxaba un panorama absolutamente desolador. Neste estudo recollíase, por exemplo, entre as conclusións, que o 96 % das persoas LGTBI na nosa comunidade, das traballadoras e traballadores —o 90 % a nivel estatal, o 96 % no noso país—, considera un inconveniente a súa condición á hora de atopar traballo.

Tamén nese informe se achegaban outros datos terribles, como que o 91 % das galegas e dos galegos, ou das veciñas e dos veciños, que viven na nosa comunidade, traballadoras e traballadores, consideran necesario a estas alturas ocultar a súa orientación sexual, e que seis de cada dez traballadoras ou traballadores LGTBI sufriron algún tipo de agresión, discriminación, xa sexa verbal ou, en última instancia, tamén agresión física. ¡Seis de cada dez traballadoras ou traballadores na nosa comunidade!

Atopámonos, polo tanto, segundo estes datos deste informe da UXT Galicia, que coñecemos no mes de outubro, entre as tres comunidades onde a percepción para as traballadoras e traballadores LGTBI a discriminación é máis alta, e nós dicíamos que estimamos, este grupo parlamentario, coincidindo co sindicato, que o Goberno galego, que todas e todos estamos na obriga e temos a responsabilidade de actuar e de facelo axiña.

Ademais, en moitas ocasións, dicíamos tamén nese debate e nesa defensa na nosa interpe-lación, ante a conselleira, que estaba derivando en que estas persoas, neste contexto, están a renunciar xa, neste momento, a moitos dos seus dereitos máis básicos laborais: dereitos como pedir permisos por matrimonio ou permisos para acompañar as súas parellas ou as súas fillas e os seus fillos aos centros médicos. Unha renuncia voluntaria aos dereitos laborais, que é —dicíamos— o efecto máis perverso sobre a vida destas persoas pola súa orientación sexual. Un efecto que, como mínimo, nos debería facer reflexionar, pero tamén tomar medidas para garantir un contorno laboral inclusivo.

O sindicato UXT fixo tamén, ante estes datos tan preocupantes, unha aproximación na materia laboral para ver como estaban na actualidade os distintos convenios laborais, e a sorpresa ou non tan sorpresa —dicíamos tamén nós— é o gran baleiro que existe e que todo queda unicamente vencellado á voluntariedade, á boa vontade.

Nós instabamos a Xunta. E neste contexto queremos saudar positivamente pois a palabra, que é o compromiso que trasladaba aquí a propia conselleira, que recoñecía que estes datos, evidentemente, eran preocupantes e anunciaba un estudo propio que dicía ver a luz —agardemos— no ano 2022. Falaba tamén de accións específicas, dunha guía e tamén de formacións ao respecto.



Nós pensamos que o primeiro é recoñecer a preocupación e tamén que se tomen medidas, pero hai que pasar das palabras aos feitos e pedimos que se desenvolvan, porque en moitos aspectos quedaron en papel mollado moitos dos capítulos da Lei galega contra a discriminación e a igualdade das persoas LGTBI, aprobada no mes de abril do ano 2014.

Tamén pediamos que ante esta situación, non só no ámbito laboral, se lle dea contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, que unicamente tivo dúas xuntanzas dende a súa posta en marcha no ano 2018, a última no mes de xullo. Anunciaba tamén aquí a conselleira, hai dúas semanas, que a vindeira xuntanza sería no mes de febreiro. Pensamos que unha xuntanza ou dúas, ao sumo, ao ano non lle dan contido nin actividade a este observatorio, tal e como tamén están demandando e pedindo as diferentes asociacións e colectivos.

Para rematar, xa que falamos de pasar das palabras aos feitos, arredor desta situación tamén se parabenizaba a conselleira do aumento das axudas nos orzamentos aos colectivos LGTBI. E nós diciámoslle que claro que si, pero sen dar cifras, porque para toda Galicia estes colectivos, que teñen ademais traballado arreo nese contexto de crise durante o confinamento, para todos os colectivos LGTBI que hai na nosa comunidade, aumentan. Pero ¿saben canto é a cantidade que se destina do total do orzamento da Comunidade aos colectivos LGTBI da nosa comunidade? Vinte e un mil euros. Ese é o esforzo económico que se dedica a estas asociacións.

Polo tanto, e recollendo un pouco as palabras da conselleira, nós agardamos que nesta moción, que non vai máis alá de velar polo cumprimento da lei —que é triste dicilo así— e por que a Xunta participe activamente en incentivar no marco das súas competencias e no marco do diálogo social coas empresas e cos sindicatos, se inclúan cláusulas específicas en contra desta discriminación que, estamos a ver neste estudo, sofren as traballadoras e traballadores LGTBI. Agardamos, pois, que esta moción conte co respaldo unánime de todos os grupos.

Moitas grazas e polo de agora máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, permítame comezar trasladando tanto no meu nome como no do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego todo o apoio, todo o recoñecemento para as compañeiras de atención primaria do Baixo Miño que hoxe iniciaron a primeira das tres xornadas de folga convocadas, (*Aplausos.*) cun seguimento practicamente do cento por cento, porque contra a covid, máis que máscaras no exterior, o que precisamos é máis profesionais, máis medios e máis recursos para ter unha atención primaria digna e de calidade.

Centrándonos xa no concreto da iniciativa... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CARREIRA PAZOS: ...atopámonos nun momento moi delicado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

A señora CARREIRA PAZOS: ¡Perdón!, ¿podo continuar?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! Xa estou eu para dirixir o debate. Moitas grazas a todos os que colaboran en que o debate sexa... ¡Silencio!

Por favor, pode continuar vostede.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidente.

Atopámonos nun momento moi delicado para as persoas LGTBI na Galiza máis tamén a nivel global. Cando parecía que se ía acadando unha maior normalización de xeito progresivo, vemos como día tras día o discurso de odio tamén medra de xeito incendiario, e da man del as agresións e a discriminación. Podemos velas no eido laboral, como se fala nesta moción, a través, por exemplo, da vulneración do dereito á intimidade nos procesos de selección, na non-renovación de contratos, no acoso, nas dificultades na promoción, na denegación de prestacións e permisos á parella. Mais tamén a nivel social ou noutros ámbitos como o educativo desde idades moi temperás, con insultos, invisibilización, illamento, agresións, acoso e ciberacoso.

Cando falamos de dereitos que non se respectan, incluíndo os máis básicos dereitos humanos, cando falamos de acoso, de discriminación, de violencia cara ás persoas, baseadas unicamente en quen é cadaquén, as boas intencións quedan curtas, sobre todo cando se fala desde o Goberno. Precisamos actividade, iniciativas, políticas verdadeiramente inclusivas e non quedarmos na cara amable e nas palabras dóciles. E aquí o Goberno ten que ter unha implicación activa, porque poñer bandeiras do arco da vella no mes de xuño e despois non facer nada máis ten un nome e chámase «hipocrisía». (*Aplausos.*)

Por iso, non é de recibo que cando xa van sete anos e medio desde a aprobación da Lei 2/2014 o seu desenvolvemento sexa tan terriblemente escaso, tendo ademais en conta que xa estamos falando dunha lei que é absolutamente de mínimos, unha lei que nin sequera recolle os delitos de odio.

É dramático estar traendo de xeito constante a este parlamento iniciativas nas que se demanda que se cumpra a lei, esa lei da que tanto lle gusta fachendear no Goberno galego. Porque imos ver que é o que se recolle no capítulo II da mentada lei, artigo 12:

«O órgano competente (...) en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación (...), así como programas de loita contra esa discriminación, particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresa-



rios, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do servizo público de emprego e de calquera centro de traballo.

Promoverá a incorporación (...) de oportunidades.

Promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTBI (...) para coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar.

A Xunta de Galicia poderá establecer mecanismos de información e avaliación periódicos para previr, eliminar e corrixir toda forma de discriminación no ámbito do emprego.

Os servizos públicos de emprego, as súas entidades colaboradoras e as axencias de colocacións (...) deberán velar especificamente polo respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación.

A inspección de traballo (...) deberá garantir o respecto do dereito de igualdade de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.

No marco do diálogo social, en colaboración coas organizacións sindicais empresariais, a consellería (...) promoverá a elaboración dun protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial.

Nas bases reguladoras das subvencións públicas e nos pregos das contratacións poderase impoñer como condición especial de execución o respecto do protocolo establecido no punto anterior, de tal modo que o seu incumprimento poderá levar consigo o reintegro da subvención ou a resolución do contrato.»

No artigo 13: «A Xunta de Galicia instará as organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social a: impulsar medidas inclusivas para as persoas LGTBI nos convenios colectivos; informar sobre a normativa en materia de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero; promover os dereitos e a visibilidade das persoas LGTBI nos lugares de traballo; tratar de xeito específico a discriminación múltiple (...), así como a discriminación de persoas transexuais, e incentivar a súa contratación.»

Non son medidas profundamente ambiciosas, mais se se estivesen a cumprir ao mellor non estabamos a falar do estudo realizado por UXT, o que antes mencionaba a señora Otero, e ao mellor o discurso de odio non tería tanta penetrancia na nosa sociedade porque habería unha maior concienciación. Estamos a falar de que o 96 % dos galegos enquisados considerou un inconveniente revelar a súa orientación sexual e un 91 % ocultouna. Practicamente todas as traballadoras viven dentro do armario cando están no traballo, e pode resultar comprensible. A min non me sorprende cando vemos que seis de cada dez traballadoras recoñece ter sufrido algún tipo de agresión. Ademais, isto leva consigo a perda de dereitos laborais: non se solicita o permiso de matrimonio, por non falar do tema, ou non se solicitan os días para acompañar a parella por enfermidade ou para acompañar as crianzas.

O peso da estigmatización é tan importante que nos afecta á hora de renunciar aos nosos dereitos colectivos, mais sen dúbida quen leva a palma son as persoas trans. Segundo



este estudo, o 48 % das persoas trans enquisadas foron rexeitadas en entrevistas laborais por teren unha identidade de xénero non normativa ou por teren aínda a documentación sen adaptar. E permítame determe neste último aspecto, porque nel ten unha responsabilidade activa tanto o Goberno da Xunta de Galicia como o Goberno central pola súa inacción.

As organizacións LGTBI levan anos demandando a necesidade dunha lei de identidade de xénero que permita poñerlles freo a estas situacións, que permita acurtar prazos administrativos, por exemplo, que elimine a patoloxización e que, en definitiva, permita que os dereitos das persoas trans estean garantidos. *(Aplausos.)*

En Galiza tivemos a posibilidade de ter esa lei. Lamentablemente o Partido Popular votou en contra e non chegou nin sequera a ser admitida a trámite. Podemos mirar outros estudos, lamentablemente non un realizado a nivel galego, porque aínda que se recolle no artigo 12 da lei que lin antes, ese non está feito. *(Aplausos.)* Estudos como a enquisa realizada pola Axencia da Unión Europea dos Dereitos Fundamentais. Nesta enquisa á pregunta de se se sentiron discriminados no ámbito laboral por seren LGTBI, no Estado español o 20 % respondeu que si, e ata o 34 % respondeu afirmativamente no caso das persoas trans. O 77 % das mulleres trans no Estado español sufriu discriminación á hora de buscar traballo. Mulleres trans que ademais están a soportar as consecuencias que a covid trouxo no mercado laboral, porque elas xa se atopaban nunhas circunstancias dramáticas previamente, pois moitas delas perderon o emprego e moitas subsisten nunha absoluta e profunda precariedade.

Por iso, consideramos que hai que traballar non só coas persoas LGTBI que foron quen de acceder a ese posto laboral, senón con todas aquelas que non puideron acceder para que o fagan en condicións dignas. De aí o sentir da nosa emenda porque cremos que é importante facilitarlle o camiño a todas elas.

O apoio ao colectivo LGTBI faise moito máis alá do mes de xuño e, sobre todo, faise facendo bastante máis que poñendo arcos da vella. Faise indo máis alá do «eu respecto» ou da «non discriminación», porque hai veces que case temos que dar as grazas porque toleren a nosa existencia. Faise deseñando políticas que activamente consoliden os dereitos das persoas que non entramos na cisheteronorma porque os nosos dereitos son iguais que os vosos; son dereitos humanos. Faise combatendo a quen espalla o odio na nosa sociedade. Porque de nada valen as palabras bonitas ditas de vez en cando se despois por aí adiante se valen da ultradereita para gobernar. *(Aplausos.)* Esa ultradereita á que non lle tremeron as mans á hora de acudir a cámaras semellantes a esta formulando iniciativas que buscan o retroceso e retiran os dereitos ás persoas LGTBI. O combate contra a LGTBifobia ten que ser firme e rotundo e non con simples abstencións nin con discursos de quedar ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iria Carreira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Debatemos hoxe unha moción consecuencia da Interpelación do pasado pleno sobre a inserción laboral das persoas LGTBI. Parécenos importante destacar que nesta cámara sempre existiu un amplo grao de consenso. De feito, no ano 2014, todas as forzas políticas aprobamos por unanimidade a lei que protexe e ampara ás persoas do colectivo LGTBI, na procura dos seus dereitos, de forma plena e sen que ningún acto discriminatorio impida o proceso de levar a cabo unha vida normal no día a día.

É máis: recentemente, as forzas políticas tamén aprobamos por unanimidade no último debate do estado da Autonomía unha resolución na que amosamos o rexeitamento aos discursos de odio.

Galicia foi pioneira coa aprobación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. E isto —permítame, señora Carreira, que non a vexo— non é fachendear, é simplemente recordar con orgullo o que fixemos neste Parlamento galego todas as forzas políticas daquel momento. E non debería molestarlle que academos unanimidade en cousas tan importantes como é a defensa dos dereitos das persoas LGTBI. (*Aplausos.*)

Ademais, tanto na lei como no Estatuto de autonomía de Galicia recóllense —como non pode xa ser doutra maneira— os principios de liberdade e igualdade do individuo. Coa lei galega abórdanse diferentes áreas estratéxicas para a plena integración deste colectivo e, entre elas, unha importante é o ámbito laboral, que precisamente é obxecto deste debate.

En todas elas o que se busca é garantir os dereitos destas persoas e normalizar tamén a súa orientación. Máis recentemente a unificación da Consellería de Emprego e Igualdade foi unha clara declaración de intencións da importancia que o Goberno galego quere dar a estes dous ámbitos que están intimamente ligados. O que unha vez máis pon de manifesto a implicación do presidente Feijóo en conseguir a igualdade real e efectiva das persoas máis discriminadas á hora de atopar un emprego, e tamén conseguir por suposto o respecto destas persoas no seu posto de traballo.

Polo tanto, unha vez máis, nós consideramos que chegan tarde, señores da oposición, e lamentamos dicilo porque a Xunta de Galicia xa ten avanzado neste ámbito e xa se está traballando.

No que respecta ao punto primeiro da moción, a verdade é que nos parece unha obviedade o que piden. Nós entendemos, dende logo, que xa se está a facer en todas as mesas de negociación colectiva, porque non podería ser doutra maneira. Sería unha discriminación por razón de sexo. A nós, dende logo, pareceríanos, se formásemos parte dunha mesa de negociación colectiva, unha ofensa que se pensase que isto non o estabamos xa a facer, ¿non?



Dende a Consellería o que se fai é promover diferentes medidas no tecido empresarial de forma conxunta para mellorar a inserción deste colectivo, tanto no ámbito formativo como no que se refire a incentivar a contratación destas persoas.

Podemos destacar, por exemplo, este ano unhas xornadas de formación que se deron nun campus específico, que estaban abertas a representantes tanto das organizacións sindicais como dos traballadores, empresarios e empresarias, para precisamente sensibilizar e crear conciencia nas organizacións sobre as situacións das persoas do colectivo LGTBI, que ás veces teñen que soportar a diario nos seus postos de traballo coas consecuencias —que todos sabemos— que isto ten na súa vida privada e tamén nas relacións interpersoais.

O pasado mes de setembro aprobouse tamén na Dirección Xeral de Relacións Laborais, que o dixó o outro día a conselleira, a Guía para a prevención e o tratamento de acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas pemes. Trabállase dende o diálogo social necesario para acadar os obxectivos desta mesma guía.

E isto traducido é a exigencia de que todas as empresas dispoñan dun protocolo para a detección e prevención do acoso nas súas organizacións, e así abordar as problemáticas dunha forma máis rápida e ademais cun protocolo establecido, o que é máis fácil á hora de resolver os problemas.

Nesta guía móstranse as consecuencias existentes para as persoas que sofren o acoso dende as situacións de incomodidade que sabemos que se producen e tamén das causas e as derivas fisiolóxicas que poden causar. Tamén se amosan as obrigas por parte da empresa, en caso de que suceda algunha destas situacións, así como as consecuencias da organización ás que se pode enfrontar se non toma medidas e detecta un caso de acoso na súa organización.

Tanto o Goberno galego coma nós, o Grupo Popular, estamos comprometidos contra a discriminación de todo o colectivo LGTBI, non o dubiden. E ademais existe dende o Goberno, e dende o Grupo Popular tamén, unha interlocución co tecido asociativo que agrupa a este sector. De feito, lévanse asignados seis convenios de colaboración por parte do Goberno con algunha das principais entidades como son Arelas, Casco, Nós Mesmas, Eles Coruña, Pulsa LGTBI, Alas Coruña, etc.

E o Goberno tamén mantén aberto de forma permanente un diálogo social para abordar calquera cuestión que xurda no ámbito laboral, e está en contacto constante cos sindicatos e co tecido empresarial para abordar a situación da mellor forma.

Vostedes chegan tarde porque outra das medidas levadas a cabo para facilitar a vida destas persoas foi o desenvolvemento dos incentivos á contratación. Falamos, por exemplo, do programa Galicia Emprega, que incrementa nas súas contías para a axuda a persoas transexuais un 25 %. E este incremento tamén se dá para facilitar a inclusión das persoas LGTBI tanto nos programas de promoción de emprego autónomo como no programa Aprod da economía social ou nos centros especiais de emprego.

Respecto do punto segundo da moción queremos tamén poñer en valor o traballo desenvolto polo Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero.



Hai que destacar que existen tres liñas de traballo neste observatorio: en deportes, en educación e tamén unha moi importante para atender as necesidades de colectivos vulnerables, entendendo como vulnerabilidade a dificultade das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI de levaren unha vida normal, independentemente da súa orientación sexual.

E este observatorio, do que forman parte as organizacións sindicais xunto ás entidades máis representativas do sector, e todas aquelas que queiran sumarse, porque está aberto a que se incorporen todas as entidades que queiran incorporarse, ten como obxectivo buscar solucións e avanzar para conseguir o que todos nós queremos, que é unha sociedade diversa, integradora e tamén para concienciar a cidadanía da necesidade de respectar e axudar a aquelas persoas que sexan máis susceptibles de sufrir as consecuencias por parte da sociedade máis intransixente. E conta, como vostede dicía, cunha dotación orzamentaria anual. É un órgano que está aberto e que ademais acaba de referendar hai pouco un comunicado co seu rexeitamento a toda clase de accións, discriminacións, descualificacións e delitos de odio que se cometan contra as persoas LGTBI.

Son, por outra banda, os propios membros do Observatorio os que poden solicitar a súa convocatoria, así o establece o regulamento de funcionamento. No artigo 21 di que se reunirá dúas veces cada ano, pero que se poderá reunir cando sexa convocado pola persoa titular da presidencia ou pola petición dun terzo dos seus membros. Ademais, non se esquezan que este observatorio traballa en grupos de traballo, para facilitar o traballo, igual que facemos nós no Parlamento.

Polo tanto, o segundo punto da moción, no que solicitan que se aumente a actividade e que se reúna cada trimestre, a verdade non lle vemos moito sentido a que se inste desde o Parlamento porque pódeno acordar os seus membros e pódense reunir cantas veces queiran; só teñen que solicitalo, se así o necesitan.

Non só se traballa desde o Observatorio, trabállase tamén desde a Dirección Xeral de Relacións Laborais, que fixo un estudo que vostede mesma, señora Díaz, o citaba, onde se vai ver a problemática, a situación laboral das persoas LGTBI no ano 2022. E a Xunta de Galicia está claro que está a traballar dunha forma proactiva, en colaboración cos expertos e representantes destes colectivos.

E quero facer fincapé, señores deputados, en que no ámbito laboral hai un claro impulso para incentivar a contratación das persoas LGTBI, con programas de empregabilidade, os cales teñen unha clara discriminación positiva para facilitar a inserción laboral. Polo tanto, a implicación é máxima e a importancia que se lle está a dar a este asunto tanto desde o Goberno galego como neste grupo é moi elevada. Dende este grupo, dende logo, imos sempre defender e imos estar sempre ao lado das persoas que sofren este problema, buscando un cambio na sociedade, a sensibilización e, no peor dos casos, o castigo dos que provocan que a vida das persoas LGTBI sexa difícil no seu día a día.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora Rodríguez-Vispo.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: De verdade, con toda honestidade, oxalá chegásemos tarde con iniciativas deste tipo. Dicar que chegamos tarde, que xa se está a facer, que xa existe esta discriminación positiva nos convenios colectivos é algo que non acontece, pero non porque o diga o Grupo Socialista, senón porque o di o propio sindicato autor deste estudo, que arredor destes datos tan preocupantes o que fixo —como explicabamos antes— foi facer unha aproximación á materia e recoñecía, a pesar de que os sindicatos levan tempo tratando de introducir esas cláusulas específicas, é algo que non se ten logrado, e por iso pedían directamente a implicación do Goberno galego. Aproveitabamos, ademais, para trasladarlle á conselleira que ten as competencias de igualdade e de emprego, e ela dicía que, efectivamente, ían impulsar e incentivar, no marco dese diálogo social, a implementación nos convenios colectivos, porque arestora non existe. Aí están os resultados e os datos destas políticas.

Evidentemente, imos aceptar —por certo— a emenda do Grupo Parlamentario do BNG, porque, efectivamente, non só non chegamos tarde, senón que, como abonda esa emenda no mesmo sentido que a nosa moción, o único que recolle o texto, a parte resolutiva desta moción, por desgraza —e diciámolo antes—, é o incumprimento da lei, porque non se cumpre. E non só temos o exemplo no ámbito laboral con ese panorama, con esa radiografía absolutamente demoledora, senón que hai pouco, señorías do Partido Popular, nun pleno, hai un mes, nós presentabamos unha pregunta ao conselleiro de Sanidade para coñecer como valoraba unha condena do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra o Sergas por non dar cumprimento a esta lei. E lembramos o caso de Sara Romero, unha muller transexual que tivo que recorrer á xustiza porque despois de moitos anos vendo como non se lle daba resposta no Servizo Galego de Saúde, no servizo público de saúde deste país, tivo que pagar nunha clínica privada a súa operación, a súa vaxinoplastia e a súa mamoplastia. Pediu que lle reembolsase esa cantidade a Xunta de Galicia e o que atopou foi o silencio e a negativa como resposta. E o que se di nesa sentenza, que —por certo— senta xurisprudencia a nivel estatal, é que para nada é de recibo non só non cumprir a lei, senón non responder e non dar prazos, porque están en xogo non só os dereitos, senón a calidade de vida e a saúde das persoas. *(Aplausos.)*

Non queremos manter nestes tons estes debates, pero non fachendeen —como dicía a compañeira Carreira— ou non se parabenicen de cumprir unha lei que non se cumpre en moitos aspectos. Dino todos os colectivos, dino os datos, dino os incrementos LGTBifóbicos na nosa comunidade e dino os propios tribunais, como esa condena do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que obrigou o Sergas ao aboamento da cantidade desembolsada —por certo, que Sara Romero tivo que pedir un crédito persoal para someterse a esa operación—. Así que oxalá cheguemos tarde.

Falaba antes dos orzamentos. Hoxe tivemos aquí este debate. Non aceptan ningunha das emendas dos grupos da oposición, e había unha moi clara: pediamos algo que non é tan desorbitado, como é aumentar, deses 21.000 euros lamentables, que non chegan para nada, tendo en conta o nivel asociativo e o tecido que temos na nosa comunidade LGTBI e este



contexto do que falaba antes, ata os 100.000 euros para todas as asociacións na nosa comunidade. ¡Son 21.000 euros!

O que lamentan é que ese observatorio non ten contido, non ten actividade e non ten orzamento. Para eles supón un gasto ter que acudir a esas xuntanzas das que falaban. Dende o 2018, houbo dúas xuntanzas nas que apenas se aprobaron cales son as normativas, cal é o regulamento, e con declaracións institucionais que non abundan diante do que estamos a observar. Non se trata de facer política. Trátase de pasar das palabras aos feitos.

E tamén pedimos, no marco desa responsabilidade que todas temos cando temos oportunidade de facer discursos públicos, que sexamos contundentes. Porque dicíamos que hai unha explicación e un motivo claro a este caldo de cultivo, ao aumento deste tipo de delitos e agresións e a este retroceso, que son os discursos de odio promovidos pola ultradereita neste país, que atopan acubillo nas institucións, como, por exemplo, a Comunidade de Madrid. E vímolos hai tan só unha semana. Así que aquí temos unha ferramenta que ninguén pon en dúbida: esa lei de mínimos —como dicíamos— aprobada con consenso, cumprámola, polo menos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora Otero.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a regulación do sector eólico

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Como noto que a estas horas da tarde o Partido Popular está un pouco alporizado xa en termos de respecto de debate democrático, imos insistir outra vez desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en algo.

Aínda que ao Partido Popular non lle guste, lexitimamente, hai galegos e galegas que se mobilizan e se manifestan. Ás veces, non nos gusta a nós tampouco o motivo polo que o fan. Cando vostedes e os seus amigos de Vox se manifestan pola unidade de España, a min non me entusiasma, pero respéctoo como demócrata. *(Aplausos.)* Tamén desde aquí aproveito para dar o recoñecemento, unha vez máis, deste grupo parlamentario aos profesionais sanitarios, que nestes momentos están a piques de manifestarse no Baixo Miño e que son un exemplo do que está acontecendo na atención primaria de todo o país. Para eles, o noso recoñecemento. *(Aplausos.)*

Tampouco lles gusta, pero hai apenas dez días, máis de cinco mil persoas ao longo de todo o país mobilizábanse reclamando un modelo eólico diferente no Día Mundial das Montañas.



Non lle gustaba ao señor Conde, no anterior pleno, escoitar que ía acontecer iso ao día seguinte á interpelación. A vostedes non lles gusta ver o que aconteceu, pero nós ímosllo recordar (*A señora Presas Bergantiños amósalles varias fotografías aos membros da Cámara.*): A Lama, Antas de Ulla, Becerreá, Bembibre, Carral, Castrocaldelas, Cerdedo, Chantada, Coris-tanco, Costa da Morte, Ferrol, Foz, Gondomar, Laza, Lugo, Marín, Meira, Pontevedra, Vila de Cruces e Vilalba. (*Murmurios.*) Galegos e galegas que libremente se mobilizan porque están en contra do seu modelo eólico, non en contra da enerxía eólica. (*Aplausos.*) Galegos e galegas que son maiores de idade, na súa maioría, que son cidadáns libres e que ninguén lles di a quen teñen que votar, señores do Partido Popular. Así que a ver se van asumindo que a xente neste país é maior de idade e decide o que quere e como o quere.

Esta foi unha mobilización importante. Non foi a primeira nin, desde logo, será a última por este motivo. Insistía no comezo da miña intervención en que o día antes interpelabamos o señor Conde, que non quería escoitar a realidade, pero esta é a realidade que hai fóra deste Parlamento e fóra de San Caetano. E cada vez hai máis colectivos de todo tipo, institucións e entidades que reclaman outro modelo enerxético, que teña garantías medioambientais, que sexa respectuoso coa poboación e que teña retorno social e económico. E iso é así porque neste país hai unha gran preocupación social, que é o que realmente lles molesta a vostedes. Hai un enorme malestar co modelo eólico do Partido Popular, e iso está aunando todo tipo de sectores: colectivos medioambientais, veciñais, comunidades de montes, concellos de todas as cores —tamén do Partido Popular— reservas da biosfera e un longo etcétera.

No pleno anterior, precisamente para dar saída a este malestar social, nós reclamabamos dúas cuestións moi sinxelas do señor vicepresidente. A primeira que nos explicase cales eran as motivacións e cales eran os informes nos que se apoiaba a Xunta para modificar a Lei do sector eólico, por décima vez, a través da Lei de acompañamento. Reclamabamos tamén unha rectificación, que abandonasen ese proceso exprés e que se sentasen a impulsar o que está realmente demandando a sociedade, que é un novo plan sectorial eólico que sexa consensuado. A verdade é que non escoitamos nin as explicacións, nin obtivemos a rectificación, tal e como quedou claro na votación que se fixo hai unhas horas.

Aínda así, seguimos insistindo, porque o problema continúa fóra deste Parlamento e sabemos que as medidas aprobadas polo Partido Popular nin resolven os problemas nin moito menos, senón que, por riba, estamos vendo como hai unha administración bloqueada, que non é capaz de dixerir as demandas da cidadanía, nin as alegacións nin tampouco de ir adiante coa tramitación dos proxectos. Estamos asistindo xa ao colmo dos colmos.

Isto é como a residencia de Ourense. Que en 2020 o Partido Popular instalara cero megavatios e que no 2021 as cifras vaian ser moi reducidas é culpa da oposición, (*Aplausos.*) igual que que vostedes non fixeran en Ourense unha residencia desde o ano 2016, que o prometeron. É maxia pura xa, porque antes de haber un cambio de goberno neste país xa é culpa o que a Xunta de Galicia non fai dos partidos da oposición. É algo realmente distópico, señores do Partido Popular.

Nós insistimos unha vez máis en que o que está acontecendo é que a súa forma de gobernar, a súa forma de desenvolver a enerxía eólica, está traendo unha gran contestación social, por-



que en lugar de ser unha oportunidade para xerar riqueza económica, para avanzar na transición enerxética e na autosuficiencia enerxética, para impulsar a loita contra o cambio climático, etc., o que están facendo é convertelo nun problema que é triplo: que é social, que é medioambiental e que é económico. É un problema social porque están furtando a participación pública, porque non hai unha participación real e porque falta información e transparencia; é un problema económico porque non hai un retorno suficiente para o noso país, porque por riba a aproximación aos núcleos de poboación destas novas tecnoloxías está provocando unha incompatibilidade con algúns usos socioeconómicos —máis tradicionais, como os gandeiros— porque non hai participación pública, etc., etc.; e é tamén un problema medioambiental porque vostedes están facendo ouvidos xordos das recomendacións legais e están facendo ouvidos xordos, ademais, implantando este tipo de enerxía en lugares que deberan estar xa excluídos, como é o caso dos territorios pendentes da ampliación da Rede Natura.

Isto non pode seguir así. Esta é a opinión do BNG, evidentemente, por iso a traemos a esta Cámara, pero é que é a opinión tamén de moitos colectivos de todo tipo: comunidade científica, moitas sentenzas xudiciais que xa alertan da óptica produtivista da Xunta —como é o caso da sentenza do Iribio— e é a opinión tamén do Observatorio Eólico de Galiza. No pleno pasado liamos incluso opinións da propia patronal, porque a situación é tan disparatada que hai puntos en común mesmo de partes que poderían parecer antagónicas, de momento, a ecoloxista e a propia patronal. Hoxe imos facer outro intento.

Eu síntoo moito, señora Novoa, porque antes non lle gustou cando a miña compañeira recordaba este informe do Consello da Cultura Galega (*A señora Presas Bergantiños amósalles un documento aos membros da Cámara.*) que saíu publicado hai hoxe unha semana. Agora, nesta nova distopía que vivimos, o Partido Popular tamén arrincona o Consello da Cultura Galega, imaxino que nese horizonte radical deste país no que se acumulan independentistas radicais, Bildu, Venezuela, etc., etc. Pois o Consello da Cultura Galega, tamén. (*Aplausos.*)

¡Non lles gustou, pero non lles queda nada! Voules ler algunha reflexión, no pouco tempo que me queda, do informe do Consello da Cultura Galega: «O Consello da Cultura Galega valora positivamente a implantación da enerxía renovable para Galicia. Porén, a maneira» —literalmente leo— «en que se está desenvolvendo resulta negativa para ámbitos da nosa sociedade tan sobranceiros como a cultura e incluso a economía, xa que afecta as paisaxes, o medio ambiente e o patrimonio. Por iso, o informe pide en primeira instancia a revisión do actual Plan sectorial eólico» —soaralles porque nesta lexislatura xa votaron máis dunha ducia de veces en contra de impulsar unha revisión do Plan sectorial eólico—.

Sobre o impedimento da participación social —iso do que advertía hai un anaco e que se escoitaban voces por aí como se estivese dicindo unha loucura—, leo literalmente: «Resulta difícil coñecer o número exacto de parques eólicos actualmente en tramitación, ante a imposibilidade de acceder a unha información oficial nas páxinas da Xunta». O Consello da Cultura Galega fai tamén unha análise do Rexistro Eólico Galego —ese que non ten validez que desde o BNG ou desde os colectivos sociais se diga que non permite un acceso a unha información suficiente—, e conclúe que dubida da fiabilidade dos datos. Isto quere dicir que un organismo estatutario estalles dicindo que dubida dos datos que fornece a Xunta, a través do Rexistro Eólico Galego; que dubida da súa fiabilidade.



Seguimos. Leo literalmente: «Non se pode falar realmente da existencia de procesos de consulta pública. O acceso á información e á documentación é limitado, dificultoso e require especial motivación, formación e dedicación».

Sobre a Rede Natura, leo: «Que os parques eólicos e as súas infraestruturas ocupen ecosistemas protexidos pola Rede Natura 2000 é pouco común a nivel europeo; no caso galego, é algo moi estendido. As áreas de desenvolvemento eólico ocupan 107.000 hectáreas das case trescentas vinte mil da Rede Natura e, nalgúns casos, case a totalidade da Rede Natura é área de desenvolvemento eólico». É dicir, para ser vostedes tan europeístas, xa nos botan fóra da Unión Europea. *(Aplausos.)*

Sobre a ampliación da Rede Natura, leo: «Gran parte dos parques eólicos que se están tramitando proxéctanse sobre estas zonas. Máis de trinta parques con 136 aeroxeradores, segundo a análise realizada polo biólogo Martiño Cabana.

Quédanme uns segundos. «Telegraficamente, ás eivas regulatorias engádenselles unha insuficiente capacidade do órgano administrativo encargado de avaliar o impacto cultural deste sector, que afronta unha carga de traballo excesiva e incompatible coa análise rigorosa que requiren estes proxectos. Por último, non cabe esquecer a enorme presión que exercen os sectores empresariais para impulsar este tipo de proxectos.»

Señores do Partido Popular, o que pedimos, o que pide unha gran maioría social deste país e agora tamén o Consello da Cultura Galega é que rectifiquen, que abran as portas ao diálogo e ao consenso, que elaboren unha revisión do Plan sectorial eólico e que impidan que sigan aumentando os problemas vinculados a unha enerxía que é estratéxica neste país e que se cometan moitos danos e atropelos dende o punto de vista medioambiental, social e económico, antes de que sexa tarde.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas novamente, presidente.

A verdade é que poñer de acordo a todos os actores que teñen algo que dicir e que teñen que ver cun sector como é o eólico, a todos os actores que teñen natureza tan variopinta e, ás veces, opostos nos seus intereses, a verdade é que ten un mérito ou demérito, porque todos coinciden.

Xa non falamos aquí das posturas dos grupos parlamentarios da oposición. Coinciden tamén dende a patronal eólica, as comunidades de montes, os sindicatos, veciñas e veciños e agora tamén o Consello da Cultura Galega. Non hai que falar de posturas da oposición nin de po-



líticas nin de propostas. A verdade é que a denuncia que están a facer da política que está a levar a cabo o Goberno da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento da enerxía eólica e do sector eólico no noso país non sei se dicir que ten mérito ou demérito.

E aínda que non é a primeira vez —foron moitas as ocasións nas que se debateu neste Parlamento, xa sexa neste pleno ou en comisión, arredor da necesidade de modificar ese modelo eólico, de actualizalo e de corrixir as eivas que presenta—, o certo é que semella practicamente imposible chegar a algún punto construtivo ou de entendemento. Abonda con repasar a intervención, as respostas —ou non respostas, máis ben— que daba hai dúas semanas o vicepresidente e conselleiro de Economía e Industria na interpelación do Grupo Parlamentario do BNG. Sendo coñecedor desta contestación e inseguridade que están a denunciar todas estas voces de natureza tan oposta, non escoitamos e non obtivemos nin unha soa explicación e argumento. Despois de escoitar o vicepresidente e o conselleiro, todas estas voces coinciden en que todos estes cambios que se implementaron nos últimos tempos para o único que serviron foi para xerar máis división e aínda máis inseguridade xurídica.

Nós temos advertido —o meu compañeiro Martín Seco— en diversas ocasións as consecuencias directas que ten esta falta de orde no sector. Temos achegado dende o Grupo Parlamentario Socialista propostas concretas para tratar de avanzar e sumar nesa necesaria actualización deste modelo, pero con pouco éxito porque, como dicíamos, hai cero autocrítica e negan absolutamente a maior.

Por non coñecer nin coñecemos cal é o modelo alternativo que defenden. Porque nós consideramos que ordenar non é paralizar, non é someter o sector a unha parálise cunha moratoria que vén a ser para moitas e moitos un recoñecemento unicamente da incapacidade e do desbordamento que está neste momento padecendo a Consellería, o Goberno da Xunta e a irresponsabilidade, porque isto se viña advertindo dende hai moito tempo. É máis. Falamos desta irresponsabilidade nun momento que é decisivo, no que o que debería de converterse nunha oportunidade enerxética e económica, segundo que conselleiro fale, asumen ou non as ambicións no reto da loita contra o cambio climático, e dicimos unha cousa, pero logo, por outra banda, estamos a criticar constantemente, se falamos de industria, todo o que teña que ver coa transición enerxética.

No canto de transformar nunha oportunidade enerxética ou económica, convertérono —insistimos— nun problema; nun problema cargado de incerteza e dun malestar que percorre as rúas de norte a sur por parte das veciñas, dos veciños, desas comunidades, deses concellos, mesmo do Partido Popular; e tamén por parte desas empresas do sector eólico e da asociación eólica, que veñen denunciando esta inseguridade.

Pero o peor de todo isto é a ousadía. Eu moito temo que novamente hoxe asistiremos a ese partido, e a culpa dese posicionamento do Consello da Cultura Galega e de todos estes posicionamentos, se non é do independentismo de Bildu —como dicía a señora Presas—, vai ser hoxe tamén, neste debate do modelo eólico do que ten competencia a Xunta de Galicia, de Pedro Sánchez.

Falaba de ousadía porque vostedes son coñecedores perfectamente desta situación e desta inseguridade que están a denunciar absolutamente todas e todos estes actores dos que fa-



labamos. E presentan unha moratoria e cambios a través da Lei de acompañamento —como se ten denunciado— pola porta de atrás. Non manteñen diálogo con ninguén, e non o di o Grupo Socialista —insistimos—, saben perfectamente que esta é a opinión unánime dos colectivos, pero tamén da patronal: pola porta de atrás e sen ter en conta a ninguén.

O pasado mes de xuño, antes de estar metidos nesta situación, nestes cambios e na moratoria, por non ir máis lonxe —porque foron moitas as achegas—, o PSdeG traía a este Parlamento —e non era a primeira vez— unha proposta novamente para avanzar nese necesario novo modelo eólico para corrixir esas eivas, e plantexaba unha reforma para contrarrestar ese malestar, esa desconfianza que medraba entre a cidadanía. Plantexaba que ese modelo concreto estivese baseado na participación e que corrixise esa falta de transparencia. Pero cada vez que xorde a oportunidade de ter este debate, como dicía, é complicado, e o único que sacamos en claro é que ou ben están, por unha banda, sobrepasados e non queren recoñecelo, ou non se queren mollar, e entón as decisións é moito mellor tomalas por detrás e evitando a opinión pública. Pero esta política errática, ademais de malestar, ten consecuencias económicas e directas tamén na industria auxiliar. Nós pediamos que adaptasen o modelo a estes tempos e avanzar dun xeito planificado, sustentable e responsable, pero todo, como dicíamos, cae en saco roto.

Falabamos tamén de ter certa coherencia nos postulamentos e nos discursos medioambientais. Fala o Consello da Cultura Galega. Hoxe mesmo, no noso grupo parlamentario, o noso voceiro en materia medioambiental, Pablo Arangüena, volve insistir e rexistrar iniciativas vencelladas a esa necesaria ampliación da Rede Natura que teñen medidas nun caixón nesta década. Nós dicíamos que era urxente xa no ano 2011 e que quedou proxectada por ese goberno de Emilio Pérez Touriño. Xa dicíamos no mes de setembro do 2021 que era imprescindible, e estamos a rematar e, por desgraza, todo apunta a que seguiremos na cola dese vagón estatal en canto á Rede Natura.

Nada, absolutamente nada, do exposto hoxe aquí son ideas nin achegas novas, porque, a pesar de ter este debate en incontables ocasións, co que nos atopamos arestora non é co que dicíamos en setembro de que estamos no mesmo punto de sempre, é que estamos, como dicíamos, peor.

Vostedes acusábannos, señora Nóvoa, no mes de setembro, de mentir cando dicíamos que a patronal e a asociación eólica culpaba e denunciaba a política neste eido da Xunta de Galicia. ¡Acusábannos de mentir!

En vez de facer burla cando estamos facendo unha alusión directa, agradecería un pouquiño de respecto, en vez de xestualizar, de verdade. (*Murmurios.*)

Eu ánimoa a que responda, porque logo a asociación incidiu no que nós dicíamos e trasladabamos no mes de setembro. A Asociación Eólica dicía no mes de setembro que a política e a parálise da Xunta de Galicia estaba a ter serias consecuencias. E vostede dicía que mentíamos e que se estaban a referir e a criticar ao Goberno de España de Pedro Sánchez; esa mesma asociación eólica coa que se teñen reunido vostedes, coa que nos reunimos todos, igual que cos distintos colectivos medioambientais. Nin mentimos daquela nin mentimos



agora. E esa Asociación Eólica non só ten elevado a súa denuncia, igual que os distintos colectivos e os distintos concellos nos últimos tempos, senón que falan de medidas pola porta de atrás, sen diálogo, con absoluta falta de transparencia, e que no único no que redundan é en crear e xerar incerteza e inseguridade. *(Aplausos.)* A modificación na regulación non conta con ningún acordo, e nin o propio conselleiro conseguiu aquí aclarar a máis mínima motivación ou fundamentación en estudos técnicos, económicos ou xurídicos. E mesmo o Consello da Cultura Galega ten trasladado ese posicionamento ante esta situación, e inciden tamén nesa necesidade, entre outros aspectos, da ampliación da Rede Natura, raquílica, que nos sitúa moi por debaixo desa media estatal. Traballen vostedes —o que xa é un clamor— e implementen un plan eólico e un modelo máis participativo e transparente.

Por todo isto, ademais de telo solicitado por distintas vías —que nós concordamos en termos xerais coa necesidade de negociar este novo modelo e de achegar tamén claridade en canto ás competencias nas tramitacións estatais e autonómicas—, imos apoiar esta iniciativa do Grupo Parlamentario do BNG, porque consideramos urxente negociar este novo modelo integral e transparente, coa participación de todos os sectores implicados e que conte, por suposto, con todas as garantías medioambientais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Gracias, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Nada nuevo bajo el sol, señorías. Rematamos este ano como rematamos o ano 2020: vendo o Bloque Nacionalista e o Partido Socialista en contra do sector eólico galego.

Señora Presas, a min encántame que vaian ás manifestacións e nós aceptamos as manifestacións, pero os deputados desta Cámara son elixidos nas eleccións e non nas manifestacións; non por asistir a manifestacións nin por quen máis asiste a manifestacións. Polo tanto, vostede pode ver aquí 42 e pode ver aí 19, señoría. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Nós aceptamos todos os informes, non coma vostedes, aínda que os que fixeran ese informe foran exalcaldes do BNG. Tamén os aceptamos, señoría.

Pero hoxe o debate nesta Cámara a esta hora, case ás sete da tarde, debería ser o prezo da luz: 370 euros/megavatio/hora neste momento. Pero non, o debate a esta hora aquí dos grupos da oposición é estar en contra dun sector que non só evita as emisións de CO₂ e evita a contaminación ao medio ambiente, senón que tamén contribúe a baixar o prezo da luz. *(Aplausos.)* Pero non, o BNG branqueando ao señor Sánchez cun prezo da luz a 370 euros/megavatio/hora e ensuciando de novo un sector que debería ser clave nos tempos que estamos a vivir. Esa é a realidade deste Parlamento.



Señorías, a verdade é que están a facer un xogo moi sucio (*Murmurios.*) e falaz con este sector, e fano baixo dúas premisas: a primeira, inducen ao medo á poboación galega; e segundo, a ocultación da realidade da regulación do sector eólico en Galicia.

Vostedes xogan a meter medo á poboación galega, dicindo que hai 275 parques con 7.200 megavatios de potencia que si ou si se van instalar en Galicia, cando saben que é radicalmente falso. Tramitar non é autorizar, e o seu *modus operandi* é coller a pancarta, primeiro, e vestir a camiseta... Non, primeiro, vestir a camiseta, e segundo, coller a pancarta, montar a plataforma correspondente e ir petar porta por porta a contarlles mentiras aos veciños. Esa é a realidade do que fan vostedes, señorías.

En segundo lugar, xogan vostedes coa ocultación da información. Ocultan que esta avalancha non é só en Galicia, senón a nivel nacional; ocultan que esta avalancha está provocada polo Goberno do Estado, o seu socio, non pola Xunta de Galicia, pois o Real decreto 23/2020 estatal establece unha serie de prazos moi axustados de tramitación de proxectos que o único que xeran nos promotores é precipitación á hora de presentar as súas iniciativas, para non perder os permisos de acceso á conexión ou mesmo para non perder as garantías económicas; ocultan, señorías, que Galicia conta cun instrumento de ordenación territorial, o Plan sectorial eólico, que di os lugares onde si e onde non se poden instalar eólicos; ocultan que por lei se impiden implantar eólicos en Rede Natura dende o ano 2009 e que, como consecuencia de toda protección medioambiental galega, non se poden implantar en Galicia parques eólicos nun 77,5 % do seu territorio; e ocultan tamén que dos 7.200 megavatios, 4.000 megavatios, señorías, son de proxectos de máis de cincuenta megavatios tramitados polo Estado e que a Xunta de Galicia, de acordo co seu Plan sectorial e coa Lei do sector eólico, informou negativamente por non cumprir a lexislación galega. E vostedes sobre isto, chitón, prefiren calar; silencio cómplice do señor Sánchez.

Vostede, señora Presas, pide na súa iniciativa, no seu punto 3, máis autogoberno. ¿Pero que autogoberno? Señora Presas, outra vez coa independencia, coa soberanía e co autogoberno. ¡Que non é así! O que ten que facer o Goberno do Estado é respectar a lei autonómica, o Plan sectorial eólico galego e a lei autonómica galega do sector eólico, que di que non se poden instalar parques fóra das áreas sectoriais definidas no Plan sectorial eólico e tampouco na Rede Natura. iso é o que deberían defender, defender o autogoberno e defender que se cumpran as leis autonómicas, señora Presas. Esa é a realidade, e vostedes non o fan. Son cómplices deste señor, aquí, en Galicia, e en Madrid. Esa é a realidade, señorías.

A realidade, o que verdadeiramente ocultan —e queren ocultalo, porque todos o sabemos— é que o seu modelo eólico si que foi un fracaso. O modelo eólico do Bipartito foi anulado dúas veces polos tribunais, ademais de ser fortemente criticado polos seus socios de bancada. Si, señor Tabarés, que lle dá á cabeza. Si, foi criticado por adxudicacións a dedo.

Pero é que tamén ocultan vostedes que cando eran os gobernantes daquela consellería de industria adxudicaban máis de catrocentos megavatios. ¿Eran vostedes uns depredadores, señora Rodil, naquel momento, cando instalaban parques? ¡Ah, claro, non! E ocultan tamén que autorizaron seis parques en Rede Natura, e ademais a empresas *del oligopolio*. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) *Eso también lo ocultan, señorías.* Esa é a realidade.



A verdade é que o que demostran é a súa visión anacrónica sobre o sector eólico. O que queren é levar a Galicia ao pasado e non cara ao futuro, e vostedes o que de verdade queren conseguir señorías, señora Presas, é a paralización do sector eólico, claro que si. Iso é o que vostedes queren conseguir.

A realidade de todo isto é que Galicia, señorías, conta cun sector eólico baseado nun plan sectorial que di onde si se poden colocar e onde non se poden colocar os eólicos. Mal que a vostedes lles pese, Galicia é unha das comunidades líderes neste sector.

A tramitación eólica é extremadamente garantista e por iso leva tempo tramitar os expedientes, señora Presas. Segue a normativa ambiental máis estrita, a tramitación ambiental ordinaria —si, aínda que a señora Rodil diga que non—, a tramitación extensa de máis de dez informes sectoriais, por iso é lenta. E si que se contratou máis persoal, pero a tramitación dos expedientes leva o tempo que leva. Entón, ¿que quere? É que vostede pide que tramitemos os expedientes e que os autoricemos. Iso é o que vostede queredría, pero non é así, señoría. Autorizaranse os que cumpran a normativa e os que non, non se autorizarán. E non imos por aí pintando mapas con todos os parques e dicindo mentiras, que é o que din. *(Aplausos.)*

Si se ampliou a rede de información. Fíxose unha rede de información provincial, unha guía divulgativa e unha oficina de información aos propietarios dos terreos. E agora a vostedes fastídialles tamén que a Xunta de Galicia volva ser pioneira establecendo unha moratoria no sector eólico.

¡Oia! Vostede falou aquí do informe do Consello da Cultura Galega, pero falou da parte que a vostede lle interesa. Non dixo que o informe do Consello da Cultura Galega tamén fala de que se estableza unha moratoria. Non, iso non o di nas súas conclusións. ¡Ah! que se olvidou de ler as conclusións, e non pasou do primeiro folio.

Señoría, para reforzar a compatibilidade coa protección do medio ambiente tamén se vai ampliar a distancia a un quilómetro. *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Rodil, a clara imaxe de que están en contra do sector eólico é que mesmo están en contra das repotenciacións. A min gustaríame que vostede pasase por Muras e fose alí onda o alcalde e lle dixese que lle van sacar os eólicos de alí, a ver que lle dicía, que recada co canón eólico 500.000 euros ao ano.

Señora Rodil, sexan serios. Vostedes si que queredrían xerar inseguridade xurídica. ¿Pero como son vostedes tan hipócritas? Esa é a realidade. Hipocrisía política a súa, que pretenden defender a Vestas. Pero ¿a que se dedica Vestas, señora Rodil? Falaba vostede, o BNG, de hipocrisía política en contra dos eólicos. Sacou aquí as fotos das manifestacións, de todos os parques eólicos, e despois quere vostede que se veñan implantar aquí empresas. ¡Pero se vostedes espantan as empresas! *(Risos.) (Aplausos.)*

Señorías, vostedes son «os do non». Os do non aos eólicos, nin terrestres nin mariños, os do non ás centrais hidráulicas, os do non a Ence, os do non ás empresas privadas, a todas, os do non ás centrais térmicas. Pero si que son os do si —tamén son os do si— ao pacto de Ana e Adriana, os do si á submisión ao señor Sánchez en Madrid, os do si á inflación máis



alta da historia, os do si aos 400 ou 500 euros megavatio/hora que acabaremos pagando do prezo da luz, señorías. Son os do si a estar hoxe sen unha solución para Alcoa, despois de dous anos, dese pacto de Ana e Adriana que non cumpría ningunha das súas premisas. Son os do si a unha intransición inxusta para Galicia... ¡Unha pena, señoría, e vostedes rin!

Señora Presas, sobre o eólico é difícil falar en serio, (*Risos.*) (*Interrupcións.*) porque vostede sabe que se tiveramos que falar en serio do sector eólico tanto vostede como a señora Otero ao mellor o tiñan difícil. Eu síntoo moito. A min non me gustan as pancartas, sobre todo, as que fan vostedes. (*Murmurios.*) O que é curioso é que antes se olvidou dunha pancarta. Non sacou a de Verea. Quizais foi porque o alcalde a vostedes lles prohibiu ir por alí. (*Risos.*) Quizais si, señora Presas. Veña aquí e saque a pancarta de Verea. ¿Onde a tivo que agochar? Dígao de verdade.

Señora Presas, o que me gustaría é que falásemos en serio, e se hoxe hai que preocuparse por algo no ámbito enerxético é polo prezo da luz. E sabe vostede que hai un responsable, e está na Moncloa, non está na Xunta de Galicia. E vostedes, de feito, levábano no seu pacto de Ana e Adriana, estudar unha tarifa galega. Non lle veña botar a culpa á Xunta de Galicia. A culpa do prezo da luz, dos 370 euros, dos 400 ou dos 500, aos que imos chegar lamentablemente, está en Madrid. Así que eu lle pediría que, se fala vostede de consenso ou de pacto no sector eólico, non se pode vir facendo como fan vostedes, señora Presas. É imposible. E tamén é imposible que este grupo ou o Goberno da Xunta lle acepte ningunha das súas propostas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...porque é imposible razoar con quen está en contra de todo.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Sobre o de falar en serio sentín así como que dabamos un salto no tempo e era o 28 de decembro xa. Pero, en fin...

Señora Nóvoa, exalcaldes do BNG. É que aquí todo o mundo é sospeitoso de «*traidor a la patria*» se non é do Partido Popular. Entón, ¿se alguén foi alcalde do Bloque Nacionalista Galego, mesmo sen estar xa na organización, non pode opinar?, ¿non pode facer o seu traballo e non pode volver ao seu posto de traballo de profesor universitario? ¿Que pasa? Que se fose exalcalde do Partido Popular ou excargo do Partido Popular xa sabemos onde estaría: cobrando 700.000 euros ao ano nalgunha eléctrica. (*Aplausos.*) (*Risos.*)

É que o nivel do debate é tal que xa falei hoxe neste pleno —bueno, no pleno anterior— formalmente, catro veces, da suba do prezo da luz e vostede di que non falei da suba do prezo



da luz. ¡Por favor, se me van aplicar a min unha moratoria no BNG para pedirme que cale dunha maldita vez co prezo da luz! ¡Por favor, señora Nóvoa, de verdade! Se queren falar en serio, laven os oídos antes de vir ao debate, porque é a cuarta vez que falamos disto neste pleno. E falaremos todas as veces que sexa necesario, porque é un problema fundamental para o país e hai responsabilidade no Goberno central, claro que a hai, pero tamén hai responsabilidade nas filas do Partido Popular, nos gobernos que houbo e na incapacidade do Goberno galego tamén para situar Galiza nese debate coa súa vantaxe competitiva. Esa é a cuestión, señora Nóvoa.

Despois tamén di que non falamos do Estado. O punto número 3 da moción, señora Nóvoa: «Elaborar e remitir ao Parlamento galego un estudo sobre as inxerencias competenciais e normativas das regulacións e plans estatais do sector enerxético e dos problemas derivados, co fin de impulsar as medidas necesarias para a defensa do autogoberno galego.

Señora Nóvoa, este punto vén despois de que vostedes xa votaran varias veces en contra de que este país teña capacidade de condicionar os proxectos eólicos de máis de cincuenta megavattios do Estado. Porque vostede vén aquí, pon a camiseta galeguista e di: ¡ai! que malo Pedro Sánchez, que vulnera o Plan sectorial de Galiza e que malo que invade as competencias de Galiza. Pero á hora da verdade premen no botón vermello porque non queren defender ese autogoberno. Entón, aclárense. Se hai un problema cos parques estatais, busquemos solucións, e incluso o partido que sustenta o Goberno, o Partido Socialista, comprométese a votar ese punto. Entón, ¿cal é a cuestión? Que votedes están encantados de que haxa problemas cos parques estatais. *(Aplausos.)* ¿Por que? Porque así din: ímoslle botar a culpa ao Goberno central. Non xestionamos un só megavatio en 2020, imos de cu e marcha atrás en 2021, ímoslles botar a culpa aos que protestan porque lles van instalar os eólicos nunhas condicións que son lesivas para os seus intereses, e xa, se podemos botarlle a culpa a alguén máis, ¡pois veña!

Nós estamos aquí para buscar solucións aos problemas. Iso é o que propoñemos nesta moción, e se hai un problema con parques estatais —que claro que os hai e estamos alegando e protestando contra moitos deses proxectos—, pois busquemos unha solución. E para buscar a solución tamén hai que ir..., á parte dos problemas que ocasionaron vostedes. Podemos falar, por exemplo, das ameazas sobre o macizo Central. ¿Cal é a cuestión? O macizo Central é un exemplo, pero podemos falar do Suído e doutros. Está protexida unha parte moi reducida e, por certo, protexida desde o decreto do Bipartito, que foi o primeiro texto legal neste país que excluíu a Rede Natura, gústelle ou non. *(Aplausos.)* O problema é que vostedes despois, desde 2012, estiveron premeditadamente rascando a barriga, sen ampliar a Rede Natura, e agora temos «deses polvos estes lodos».

E claro que pedimos reforzar o persoal da Xunta, pero non para que autorice co botón automático; non, non, senón para que a Xunta traballe e faga algo elemental, que é fornecer axuda técnica e legal e servir de consultoría tanto a propietarios como a comunidades de montes, afectados, etc. Ese é o papel dun goberno: axudar a xente. Fágano e despois fagan o seu traballo e tramiten, porque hai problemas derivados do efecto chamada que supuxo o decreto do Estado, pero hai tamén problemas derivados da incapacidade da Administración da Xunta.



Mire, cando queira, falamos do modelo eólico do Bipartito ou incluso collemos o informe do Consello da Cultura Galega e falamos do de Fraga, porque vostedes empeoraron o que había xa. Entón, cando queiran, damos un debate sobre iso, chamamos a alcaldes a comparecer e que veñan todos os alcaldes do BNG. Se queren, facemos o debate monográfico en Vereas ou onde vostede queira, señora Nóvoa. Ou, se quere, chamamos tamén aos seus alcaldes, que están aprobando mocións contra o modelo eólico do Partido Popular. *(Aplausos.)* Ou, se quere, facémolo na Deputación de Ourense. Leo a proposta aprobada unanimemente na Deputación de Ourense: *(A señora Presas Bergantiños le un documento.)* «Exixirlles a todas as administracións competentes, Estado e comunidades autónomas, en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio e desde un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que, ao tempo, os beneficios obtidos dos recursos naturais, nomeadamente a auga e o vento, revertan na poboación local, tanto mediante os pagos directos aos propietarios, os tributos aos concellos e a creación de plans industriais e tarifas propias! *(Risos.)* que favorezan o desenvolvemento do territorio da provincia». *(Aplausos.)*

Xa, de verdade, ter que vir a esta tribuna e ter que dicir que hai puntos en común entre o ecoloxismo, o nacionalismo, comunidades de montes, asociacións de veciños, a patronal e incluso a deputación ilustre de Ourense é xa a mostra definitiva de que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...hai un consenso neste país respecto de que as cousas non van ben e de que hai que ir a outro modelo eólico, señora Nóvoa.

Iso é o que propoñemos nesta moción, con estes puntos, no que o máis importante é que rectifiquen e que ese Plan sectorial eólico se revise. E non mintan e manipulen a realidade do informe do Consello da Cultura Galega, do que eu lin liñas exactas. Lea o punto da moción e verá que non é unha moratoria como a que vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aplicaron.

En todo caso, nós o que propoñemos aquí...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...é esa revisión do Plan sectorial.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Descansa por hoxe. Xa podes descansar, que levas un bo día. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a normativa mineira

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para garantir que ningún vertido procedente da mina de San Finx poña en risco o ecosistema dos ríos Pesqueira, Vilacoba e Traba ou da ría de Muros e Noia, adoptando o máximo rigor e dilixencia na aplicación das medidas de control e prevención contempladas na lexislación ambiental e mineira, incluíndo a restauración dos espazos naturais afectados pola actividade mineira e a imposición das sancións máximas que procedan por calquera incumprimento daquela lexislación».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas, señor presidente.

«No caso de San Fins, a Xunta de Galiza o que vai facer é garantir que dende o punto de vista urbanístico, dende o punto de vista ambiental e dende o punto de vista da calidade das augas se vai cumprir coa legalidade vixente. E que, dende logo, se iso non fose así, o proxecto non se aprobará.»

Este foi o compromiso que adquiriu aquí, en sede parlamentaria, no último pleno, o conselleiro de Economía e vicepresidente da Xunta de Galiza; un compromiso que, dende logo, estaremos vixilantes de que se cumpra, porque os antecedentes de toda a actividade que rodea a mina de San Fins dende o ano 2009 foron todos xustamente na dirección contraria, na dirección de incumprir, non na dirección de cumprir a normativa.

Agora que Tungsten San Finx acaba de solicitar a autorización para o vertido ao río Pesqueira de augas residuais industriais depuradas procedentes da explotación mineira de San Fins, e acaba de presentar tamén o proxecto para a adecuación do cauce, para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas, e con todo o que leva pasado nos últimos doce anos, comprenderán vostedes que non nos podemos fiar; nin nós nin os veciños e veciños da comarca de Muros–Noia, nin tampouco, tal e como se vén poñendo de manifesto nas últimas semanas, as corporacións municipais de Noia, Outes e Porto do Son, que acaban de aprobar as demandas das confrarías da ría e de posicionarse contra esa autorización que se está a tramitar por parte da Xunta de Galiza.



E fixérono así, as corporacións e as confrarías, porque levan padecendo moitos anos as consecuencias dunha actividade e dunha empresa que vén eludindo dende a concesión as súas responsabilidades. Fixérono así porque a 7 quilómetros desa mina está a ría de Muros e Noia, unha ría riquísima que dá de comer a miles de persoas de xeito directo e indirecto, e que non se pode permitir colgar o cartel de «pechada por defunción» que pende sobre ela por mor dunha actividade mineira que a ameaza e que a Xunta permitiu e permite, negando unha e outra vez os seus impactos, non se sabe moi ben con base en que intereses, e mesmo sendo cómplice e facilitadora dunha situación que os propios informes técnicos de Augas de Galiza poñen en cuestión.

A conivencia da Xunta de Galiza, pese aos seus propios informes técnicos, coa empresa que xestiona San Fins é clamorosa. No ano 2009 a empresa retomou a súa actividade mineira sen un proxecto de avaliación ambiental e sen exposición pública. Por certo, estas actuacións, como saberán todos e todas, acabaron no xulgado e levaron ao director xeral de Minas daquela a ser investigado e, evidentemente, a deixar de ocupar ese cargo.

Máis tarde, e para seguir tapando aquela autorización do 2009 sen avaliación ambiental, quixeron que tragáramos coa historia de que as presas de residuos mineiros abandonadas e colmatadas non eran tal; eran, segundo un informe que a Xunta deu por bo —e leo textualmente— «presas hidroeléctricas vencelladas a muíños». Unha historia que o Partido Popular mantivo durante dez anos, ata que un informe de Augas de Galiza no ano 2019 corroborou o que todo o mundo sabía, que as presas, a súa xestión e a súa explotación eran realizadas pola empresa mineira. E, como diría a señora Nóvoa, vostedes, chitón. (*Murmurios.*)

Aquela mentira mantida tantos anos, coa Xunta mirando para outro lado, tivo e continúa a ter consecuencias no territorio, que vostedes seguen sen querer ver a pesar dos informes técnicos e mesmo dos informes científicos, como o que publicou a Universidade de Oviedo e que fala dunha explotación con presenza de minerais radioactivos, ou o que máis recentemente publicou a Universidade de Vigo, que evidencia que a contaminación da ría por metais pesados está directamente vinculada á actividade mineira de San Fins.

Non é un nin son dous, son ata tres informes dos distintos órganos da Xunta de Galiza —o do ano 2019, o do ano 2020 e o deste ano 2021— os que clarifican meridianamente os impactos que xa existen, certifican que se superan os valores máximos admisíbeis de cadmio nas augas dos ríos que baixan a carón da mina e requírenlle contundentemente á Dirección Xeral de Política Enerxética que suspenda temporalmente a actividade polo prazo dun ano, exixíndolle á empresa un proxecto de explotación completo e a avaliación de impacto ambiental.

Por último, a Xunta autorizou á empresa unha planta piloto de depuración de metais pesados. O seu resultado, segundo consta no propio expediente desta autorización de vertidos, foi un auténtico fracaso, que constataron —como digo— os informes de Augas de Galiza. Aínda así e con base neses resultados, a Xunta de Galiza pretende agora autorizar os vertidos industriais. Unha autorización que —insisto— se basea nuns informes que falan dos graves riscos potenciais derivados do desaugue das galerías e da explotación da mina que se quere levar a cabo e unha autorización de vertidos que se presenta pola empresa a estas alturas —e leo textualmente— como «mellora ambiental da contorna da mina e a adecua-



ción do rego dos Rabaceiros», que no propio proxecto que presenta a empresa di que é «unha medida ambiental compensatoria da empresa para mellorar o estado do río e asegurar o comportamento estrutural das presas». Unha medida ambiental compensatoria que non sei se pretende a empresa que aínda llo agradezamos, a estas alturas. ¡Medidas ambientais compensatorias! (*Aplausos.*)

O proxecto en realidade o que pretende é un dragado fluvial de menos de cen mil metros cadrados, segundo recolle o proxecto, cando do que se trata é dunha retirada de residuos mineiros para o seu reprocessado.

¿Que diferenza hai entre estas dúas cousas: entre o que di a empresa e realmente en que consiste? Ben, pois a diferenza é que para unha cousa, ou sexa, a que o proxecto recolle, non fai falta impacto de avaliación e, para a outra, si. Entón, desta maneira quere de novo soslayar a avaliación ambiental.

En fin, esta nova solicitude, esta última solicitude, nós entendemos que é unha verdadeira ameaza enriba de todo o que xa hai. A restauración ambiental da zona é, baixo o noso punto de vista —non só do noso, senón tamén dos técnicos— unha necesidade; e a reapertura da mina non se pode facer sen avaliación ambiental.

Polo tanto, o simple feito de que a solicitude de vertidos se chegase a expoñer publicamente, con todos estes antecedentes e con toda esta historia que ten detrás, por segunda vez nun procedemento que xa leva aberto irregularmente seis anos, cando resulta que o prazo para resolver é dun ano e medio, lévanos a concluír que as palabras do señor conselleiro no último pleno corren o risco outra vez de quedar en papel mollado. Só que desta vez, señores e señoras do Partido Popular, os prexudicados, os actuais prexudicados e os potenciais, é dicir, o actual sector do mar e o conxunto da cidadanía da comarca, non están dispostos a consentilo. Xa se teñen mobilizado, xa teñen presentado alegacións e, sobre todo, neste momento teñen moi claro que a saúde medioambiental, a riqueza e os postos de traballo da comarca están na ría e non están na mina.

Por iso, nós traemos hoxe aquí esta moción, acompañando precisamente as lexítimas e fundadas reivindicacións das confrarías e dos veciños e veciñas da comarca. Unha moción que insta a Xunta a non persistir na destrución do país e dos postos de traballo que xera a principal empresa da comarca de Muros-Noia, a ría.

Reclamamos que se cumpra estritamente a lei, que se lle requira a Tungsten San Finx a presentación dun novo proxecto de explotación, ineludiblemente do respectivo estudo de impacto ambiental, e o seu sometemento a unha tramitación rigorosa de avaliación ambiental. E mentres isto non se produza, reclamamos, apoiándonos tamén neses informes dos distintos órganos da Xunta —deses informes que a Xunta obviou ata o de agora—, que non se outorgue ningún tipo de autorización á empresa, incluída a de vertidos que agora solicitan.

Reclamamos que se suspenda temporalmente a actividade polo prazo dun ano, tal e como indica o informe de marzo de 2020 do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, ata que se regularice a explotación.



E, por último, e non menos importante, reclamamos que a Xunta deixe de facer a vista gorda e lle exixa á empresa ou, no seu caso, leve a cabo subsidiariamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— a restauración dos tramos do río Pesqueira afectados polas presas de residuos mineiros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pensamos que é unha proposta moi razoábel e que non debería...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...ter oposición.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Con carácter previo, teño que dicir que esta mañá un deputado da sección Vox do Partido Popular de Galicia considerouse no dereito de proferir nesta Cámara un «carallo», sen dúbida inspirado polo «coño» que, pola súa banda, proferiu o outro día no Congreso o señor Casado. Eu non teño nada especial contra ningunha de ambas as categorías se veñen a conto fóra da sede parlamentaria, pero esta mañá non viñan a conto, e ademais estamos en sede parlamentaria. Como dicía Thomas de Quincey, no gran clásico sobre o asasinato considerado como unha das belas artes, se un comeza por permitirse un asasinato, pronto non lle dá importancia a roubar, do roubo pásase á bebida, etc. *(Murmurios.)*

Por tanto, se o señor Casado comeza dicindo «coño» no Congreso e outro deputado, o señor Tellado, segue dicindo «carallo» no Parlamento de Galicia, entramos nunha espiral perigosa que non sabemos a onde leva e que dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos pedir que cese.

En relación non directa, pero en certa relación con todo o anterior, pois está pendente de resolución a autorización de vertidos solicitada pola concesionaria da mina de San Fins.

Tanto organizacións ecoloxistas como as confrarías de pescadores e concellos da ría de Muros e Noia alegaron que a tramitación desa autorización iniciada en 2016 é ilegal por dis-



tintos motivos. Hai quen vai máis alá e fala directamente de corrupción. De feito, varias asociacións ecoloxistas presentaron hai uns días unha denuncia en relación co que pasou na mina de San Fins nos últimos anos, dicindo que, a pesar de que a Xunta tiña constancia dos vertidos da mina desde hai anos, Augas de Galicia se escudou na existencia dun procedemento de autorización de vertidos para non aplicar as correspondentes sancións nin o canon de control de vertidos, aforrándolle á empresas —segundo din— máis de trinta millóns de euros nos últimos cinco anos.

Segundo esa denuncia, esa práctica sería indiciaria de presunto delito de prevaricación, malversación, etc. Polo que transcendeu da denuncia, acúsase a funcionarios de emitir falsos informes, simulando que as balsas de residuos que hai preto da mina eran presas hidroeléctricas, como mencionou a señora Pérez, para evitar non só a responsabilidade da empresa concesionaria na recuperación dos danos medioambientais, senón tamén para encubrir a actuación dos funcionarios e cargos públicos que terían permitido, coa súa inacción, esa situación. E segundo esa denuncia, Augas de Galicia, en conivencia coa empresa e con funcionarios da Xunta, iniciou o ano pasado un procedemento para restaurar o dominio público hidráulico afectado polas presas de residuos mineiros para cambiar a súa caracterización xurídica, de modo que fose Augas de Galicia, e por tanto o erario público, quen asumira a responsabilidade sobre as mesmas.

Son, obviamente, acusacións moi graves. E a denuncia da que falo únese a outras anteriores que deron pé a que a Fiscalía de Medio Ambiente solicitase no ano 2017 a apertura de dilixencias penais e trasladase ao xulgado o que consideraba graves irregularidades atopadas na mina de San Fins, alegando que indiciariamente aparecen elementos que poderían significar a existencia ou o risco indicados nos artigo 325 e seguintes do Código penal, é dicir, delitos contra o medio ambiente.

Nelas falábase, como indicio de delito, da ausencia dun estudo de impacto ambiental, habida conta que en 2008, logo de varios requirimentos, o Goberno de Emilio Pérez Touriño lle exixiu á concesionaria ese estudo para reabrir a mina, pero nunca foi presentado pola empresa, a cal alegou que a explotación non mudara dende o ano 1982.

Coa chegada do PP á Xunta, aprobouse a reapertura e suprimiuse a necesidade do devandito informe. Fíxose, segundo destacaba a fiscalía nese momento, sen mediar cambio legislativo ningún —cosa que era manifesta por outro lado—. Nas súas conclusións, o fiscal amosaba a súa preocupación pola ausencia de tratamento e xestión dos residuos máis perigosos da mina e consideraba probadas, «probadas» digo —non eu senón o fiscal nese momento—, as verteduras perigosas e potencialmente perigosas que xorden na mina, polo que consideraba que se debía investigar se esta vertedura é, ou foi, tolerada ou autorizada pola Administración, e indagar se, con coñecemento do seu carácter contaminante ou perigoso, se produciron soltas ou baleirados dalgunhas das galerías da mina.

Ese procedemento foi finalmente arquivado, estando recorrido ese artigo, pero iso non quita a gravidade, o que dicía entón o fiscal de Medio Ambiente, que podería non ter transcendencia penal pero que si a ten, na miña opinión, política. Porque hai que lembrar unha e mil veces que a ausencia de responsabilidade penal non ten por que implicar a ausencia de res-



ponsabilidade política. Porque pode perfectamente haber unha mala xestión política, incluso un dano para o patrimonio público, e non haber delito. De feito, así é moitas veces, en tantos e tantos asuntos que rematan arquivados penalmente pero que son casos claros de pésima xestión política que deberían dar lugar a responsabilidade como tales.

A mina de San Fins vén provocando, por tanto, contaminación continua por metais pesados no curso fluvial contiguo e na ría de Muros e Noia, que non só forma parte da Rede Natura 2000 senón que é unha das máis importantes zonas de marisqueo —como sabemos, milleiros de postos de traballo dependen desa ría, do seu marisqueo— de toda a costa de Galicia.

Existe preocupación, porque o proxecto agora sometido a información publica non vai tratar as augas procedentes da escombreira da antiga mina, e segundo un informe presentado polas confrarías de Noia e Portosín e polo Concello de Muros, o propio proxecto de tratamento é totalmente irrealista. Por tanto, existe preocupación polas deficiencias dese proxecto, existe preocupación polos riscos de contaminación, existe preocupación pola actitude da Xunta, cando menos sospeitosa de conivencia coa empresa, en todo caso permisiva e negligente respecto das obrigas da empresa e da propia Administración. Porque hai que lembrar que en 2009 se retomou a antiga explotación mineira mediante un proxecto de explotación e un plan de restauración aprobados nese mesmo ano —insistimos— sen sometérense ao procedemento da avaliación de impacto ambiental, sen realizar ningunha consulta ao órgano ambiental ou aos restantes órganos sectoriais, incluíndo o hidráulico, e sen someterse á información pública, tamén preceptiva para a aprobación de plans de restauración.

Esta ausencia de avaliación de impacto ambiental e inacción por parte da Xunta implicou que se permitise a contaminación continuada por metais pesados durante a última década; e agora estamos nun punto no que se pretende reabrir a mina evacuando un volume moi importante de augas procedentes da mesma, pero ao mesmo tempo sen facerse cargo das balsas de residuos mineiros procedentes da mina, que levan xa moito tempo alí e que ameazan con derrubarse, causando un potencial dano ecolóxico que podería ser moi elevado e que é altamente preocupante.

E quero ser moi prudente, porque non veño aquí exercer de fiscal nin o Grupo Socialista pretende prexulgar o desenlace da denuncia que se vén de presentar, pero si constatamos que houbo un fiscal, por certo moi cualificado, como é don Álvaro Ortiz, que considerou que había indicios suficientes como para investigar, non algo que sería grave de por si como a desidia administrativa, senón algo moito máis grave aínda como é un presunto ou varios presuntos delitos, e que constataba a existencia de verteduras procedentes da mina durante anos ante a pasividade total da Xunta, a cal nin obrigou a empresa a afrontar as súas responsabilidades nin, caso de non ser posible por algún motivo, adoptou as súas propias medidas. Porque ou fai que se cumpra a lei por parte da empresa ou ela mesma debería proceder á restauración ou á eliminación dese risco ou dese dano.

Porque o certo é que hai un risco medioambiental evidente cando as balsas que conteñen residuos mineiros presentan un risco claro de romperse, desembocando nos ríos da zona e finalmente na ría, e cando están constatadas verteduras procedentes da mina durante anos. E a Xunta ten a obriga de evitar riscos medioambientais, máis aínda cando poden afectar a unha actividade económica tan importante como é a da ría de Muros e Noia, e non o fai.



Por tanto —insisto—, non imos aquí exercer de fiscais en canto a presuntos delitos, nin moito menos, pero si constatar como mínimo a inacción e a incompetencia da Xunta para rematar coas verteduras procedentes da mina e para evitar o risco que implican as balsas que conteñen residuos mineiros perigosos. Non fixeron nada. A Xunta non fixo nada á parte de mirar para outro sitio e agora non se sabe o que pretenden facer, e iso xera alarma e indignación, ¿por que non dicilo?

Por iso, presentamos unha emenda de substitución, que consideramos que inclúe o que pide o Bloque Nacionalista Galego, que di que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para garantir —«garantir» dicimos— que ningunha vertedura procedente da mina de San Fins poña en risco o ecosistema dos ríos Pesqueira, Vilacoba e Traba, ou da ría de Muros e Noia, adoptando o máximo rigor e dilixencia —ese que non existiu ata o de agora na aplicación das medidas de control e prevención, que non existiron ata o de agora, contempladas na lexislación ambiental—, incluíndo a restauración dos espazos naturais afectados pola actividade mineira e a imposición das sancións máximas que procedan por calquera incumprimento daquela lexislación.

Esta emenda foinos comunicado por parte do Partido Popular que practicamente na súa integridade, excepto unha palabra, sería aceptada. Por parte do Bloque Nacionalista Galego entendemos que esa emenda satisfai a pretensión da súa iniciativa e, nese sentido, consideramos que nos deixaría a todos tranquilos en canto aos riscos que pode haber e as actuacións do Partido Popular e da Xunta de Galicia, que dende logo non nos deixan outra sensación que o risco, e, por tanto, consideramos que esta emenda sería perfectamente asumible. *(Aplausos.)*

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Armada Pérez.

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Dende logo, o primeiro que lle teño que dicir é que nós o que defendemos é un modelo de minería sustentable que permita o desenrolo industrial, coa capacidade de xerar emprego de calidade e de oportunidades no medio rural, á vez que sexa compatible co medio ambiente.

E no caso concreto do que estamos a falar, da mina de San Fins, estase a traballar co máximo rigor e estanse a exixir todas as garantías urbanísticas, ambientais e técnicas que establece a legalidade vixente.

Estamos nun Estado de dereito e, polo tanto, os proxectos tramítanse e autorízanse en función do establecido no marco normativo vixente, e non en función do que un determinado



partido político queira. Teña vostede en conta que o marco normativo no que nos estamos a mover precisamente é un marco normativo que foi aprobado no Bipartito e no cal vostedes tiñan unha responsabilidade moi importante dentro da Consellería de Industria. Loxicamente, sobre esa Lei de ordenación da minería de Galicia, o conselleiro, cando se aprobaba, dicía —e cito textualmente o conselleiro do Bloque Nacionalista Galego— que «estaba convencido de que a actividade mineira era compatible co respecto medioambiental, coa creación de postos de traballo e coa creación de riqueza».

Polo tanto, o que quero dicir con isto, aludindo ao conselleiro, é que nos temos que guiar por un principio de prudencia. Prudencia porque, por exemplo, en moitos países europeos se exigen unha media de corenta leis relativas á actividade mineira e en España aplícanse máis de cen, co cal estamos falando dun país pioneiro e ambicioso na procura dun desenvolvemento sostible que sirva de motor económico. Polo tanto, estamos falando tamén dunhas normativas moi estritas sobre o impacto que a actividade mineira pode producir no medio ambiente, como na composición das verteduras líquidas, das emisións de po, de ruídos ou da restauración, por exemplo, da paisaxe cando se remate a actividade extractiva; normas que han de ser asumidas se se quere levar a cabo a explotación, e non queda outra máis que asumilas.

Está claro que nós, vendo esta proposición non de lei, case entendemos que pode ser unha emenda á totalidade do sector mineiro. Nós, como responsables que somos dentro da acción do Goberno, si estamos establecendo un acordo coa Cámara Mineira e comprometémonos con ela para pór en marcha unha estratexia de minería sostible para impulsar a economía circular e axudar á modernización desta industria. E ¿por que falo dela? Porque desta industria dependen aproximadamente once mil quíntos empregos dentro da nosa comunidade. Polo tanto, con este tipo de mensaxes temos que ter moita prudencia e sobre todo moito coidado á hora de trasladalas, posto que estes profesionais están traballando tamén pola innovación, pola integración ambiental e sobre todo para que a actividade mineira sexa dalgunha forma sostible e medioambientalmente viable.

Polo tanto, a Xunta si comparte con vostedes que é necesario ser moi rigorosos na tramitación dos proxectos mineiros, pero o que nos diferencia é que nós velamos polo estrito cumprimento desa normativa, mentres que vostedes —a nós dános a impresión— pretenden que se aproben eses proxectos que se axusten aos criterios persoais seus.

Ben é sabido por todo o mundo que hai unha crise de materias primas actualmente. Basta botar unha ollada á realidade que están vivindo as empresas e ao impacto sufrido para decatarse de que a necesidade de explotar os nosos recursos naturais dun xeito —insisto— responsable e compatible co medio ambiente é fundamental. E hai que facelo co máximo rigor e a máxima transparencia, e iso pódese desenrolar cun labor férreo de control e tamén ao mesmo tempo prestixiar e defender esta industria.

Respecto á mina de San Fins, está claro que a Administración galega está a exixir dunha forma estrita as condicións necesarias para garantir a calidade das augas que emanan desa mina, e para iso deben ser como mínimo as que se establecen como parámetros naturais e normais. Non sei se o coñece, pero a empresa leva traballando nesta actuación desde aproximadamente dous anos.



Os últimos acontecementos —relátolle, porque creo que vostede xa estivo facendo un pequeno relatorio— son que o 23 de abril Augas de Galicia exixiu a presentación dun proxecto técnico para un novo tratamento de augas residuais, o 8 de xuño a empresa presentou a documentación do proxecto que incorporaba os requirimentos establecidos por Augas de Galicia sobre o anterior e o 2 de xullo —nin un mes— Augas de Galicia realizou un requirimento para emendar aspectos do proxecto presentado, tales como o caudal que se pode extraer, a exixencia do dobre ciclo para eliminar todo o cadmio e o zinc e a inclusión na planta de toda a masa de auga. Así pois, realizáronse os ensaios nunha experiencia piloto e estes acreditaron o cumprimento dos parámetros fixados para o medio receptor no Plan hidrolóxico da demarcación hidrolóxica de Galicia-Costa no Real decreto 817/2015.

Polo tanto, a empresa nestes momentos está a tramitar un proxecto de recuperación ambiental para a depuración das augas residuais procedentes da mina de San Fins que incorpora os requirimentos exixidos por Augas de Galicia baseándose nos resultados obtidos nos ensaios efectuados nesa proba piloto.

De feito, esta actuación de rexeneración ambiental propónse en dúas fases: unha primeira de baleirado previa á explotación, cunha duración de 494 días, polos 65 días dos que se falaba na anterior, co obxectivo de evacuar a auga acumulada nas galerías da mina ata acadar a cota que permita as condicións de explotación, minimizando os riscos de afección ao medio receptor dada a capacidade de tratamento da depuradora. E unha segunda fase de explotación na que o caudal máximo de vertedura será de 631.836 metros cúbicos ao ano, co fin de manter o nivel freático de auga no interior das galerías que garanta as condicións de explotación e evite riscos de seguridade para os traballadores.

Así, o novo proxecto presentado pola empresa substitúe o tratamento fisicoquímico de tipo pasivo proposto inicialmente por un tratamento fisicoquímico activo, que, segundo se constatou nas probas piloto, permite a compatibilidade da vertedura cos obxectivos de calidade do medio receptor; uns parámetros que serán obxecto de dobre control: un no punto de vertido e outro na propia ría, a través do Intecmar.

Tamén me gustaría afondar un pouquiño máis sobre esta mina e realmente tamén saber por que, se tan convencidos están da incompatibilidade desta explotación coa protección do medio ambiente, cando vostedes ostentaban a responsabilidade do Goberno autorizaron en 2008 a transmisión dos dereitos mineiros de San Fins, sen exixir á nova empresa a presentación dun estudo de avaliación ambiental integrada.

Tamén nos gustaría saber por que o Goberno bipartito concedeu tres axudas nese mesmo ano por un importe total de 830.000 euros. Eu creo que lle escoitei falar algo así na interpe-lación ao conselleiro de que había dous millóns por aí. Pois máis ou menos xa vai sabendo vostede para onde foron eses cartos.

Nós, desde logo, non temos ningún inconveniente porque confiamos en que as decisións que se adoptan na Administración son conformes coa legalidade vixente. O problema é seu. Entón, gustaríame que nolo puidesen explicar.



Dáanos a impresión de que vostedes se opoñen á tramitación dun proxecto de recuperación ambiental para a depuración das augas residuais procedentes da mina de San Fins, que — insisto— servirá para mellorar a calidade das augas da contorna.

Está claro que en política nós debemos amosar prudencia polos profesionais do sector e da Xunta de Galicia, e dígollo porque hai un precedente, que recentemente se soubo, por exemplo no da mina de Varilongo, onde nesta Cámara se verteron declaracións durísimas contra funcionarios e cargos e se obviou a presunción de inocencia dos investigados, pero, finalmente, demostrouse que o proceder da Xunta era o correcto. Ata o momento, ninguén, absolutamente ninguén, pediu desculpas.

Ademais dunha decisión xudicial de sobresemento, sumouse o arquivo por parte da Comisión de Peticións da Eurocámara. Por certo, unha comisión de peticións que tiña como postura defender a necesidade de conciliar a protección da saúde e do medio ambiente coa competitividade da industria da minería.

Gustaríame finalizar recordando que a concesión, efectivamente, segue activa, sempre e cando se cumpra con todas as condicións establecidas, e que a actividade está suspendida temporalmente, pendente dunha autorización de vertidos por parte de Augas de Galicia; e remarco, unha resolución que poderá ser favorable ou non e que terá en conta todos os trámites realizados, incluído o que resulte da propia información pública.

Polo tanto, deixemos traballar os profesionais, os técnicos, porque eles serán os que nos digan se esa mina, efectivamente, é ou non é viable.

Gustaríame tamén, para finalizar, apelar á cidadanía da súa comarca e tamén á que baña a ría de Muros e Noia para enviar unha mensaxe de tranquilidade e, sobre todo, unha mensaxe de responsabilidade por parte da Administración autonómica de que levará a cabo todas as accións necesarias para que se cumpra estritamente toda a normativa e que —como ben dicía vostede— a actividade mariñeira que se dá nesa ría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ARMADA PÉREZ: ...dende logo, quede garantida e para que esta mina non supoña absolutamente ningún problema.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo grupo autor da moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.



Señor Armada, quero felicitalo porque nos primeiros oito minutos e medio da súa intervención leu vostede moi ben o proxecto da empresa. ¡Leuno moi ben! (*Aplausos.*)

Outras tamén o lemos, e é que dixo textualmente o que a empresa di no proxecto que presenta; ou sexa, ¡é absolutamente incríbel! Nós falabámoslle de convivencia ao señor conselleiro na interpelación, e non quero agora entrar nesta guerra que se deu aquí de palabras malsoantes, pero, dende logo, isto é máis que convivencia, porque que veña aquí o deputado do Partido Popular, en representación do Partido Popular, ler o propio proxecto da empresa para tratar de convencernos é absolutamente inaudito, de verdade. (*Aplausos.*)

Señor Armada, vostede fala de que a nosa moción é unha emenda á totalidade á actividade mineira. escoiten, por favor, a emenda á totalidade. ¿Que pedimos? Primeiro, en estrito cumprimento da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, que se requira a presentación dun proxecto de explotación co respectivo estudo de impacto ambiental. Esta é a primeira cuestión.

Segunda cuestión. Non outorgar ningún tipo de autorización sectorial á empresa, incluído este que ten solicitado, ata que se someta o conxunto da actividade extractiva á preceptiva avaliación ambiental. ¡Se ata somos reiterativos! —non me dera conta ata agora que o releo—.

Terceira cuestión. Dar cumprimento ao informe do 4 de marzo do 2020. Acababa vostede a súa intervención —do pouco que dixo de colleita propia, que non era o da empresa— dicindo «deixemos traballar os técnicos». Pero é que, señor Armada, os técnicos levan traballando —díxenllo antes— dende o ano 2009. Hai tres informes: do 2009, do 2020 e do 2021. Todas as conclusións que quitaron os técnicos, absolutamente todas, a Xunta de Galiza, a consellería correspondente, meteunas nun caixón, se é que *no tiró los elementos a la papelera*. Iso habería que sabelo. Non fixo absolutamente ningún caso. E tamén emenda á totalidade é reclamar que se asegure e que se leve a cabo a restauración dos tramos dos ríos afectados. ¿É esta unha emenda á totalidade?

Vostede falou de que a minería emprega no noso país 11.000 persoas. Eu entendo que vostede é do interior e, ao mellor, non está ao tanto, igual que o señor conselleiro, que ubicaba o outro día o concello de Ribeira na ría de Muros e Noia, cando todo o mundo sabe que é da ría de Arousa, ¿verdade? (*Murmurios.*) Só a confraría de Noia, señor Armada, dá traballo directo a 1.500. E non estou contando nin a confraría de Portosín nin a confraría de Porto do Son, etc. Pero nós non queremos poñer nunha balanza os postos de traballo. Para nós todos os postos de traballo son importantes. Precisamente... (*Murmurios.*) (*O señor Tellado Filgueira: ¡Noon!*) ¡Todos! ¡Absolutamente! ¡Señor Tellado, non lle toca!

O señor PRESIDENTE: Silencio...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vostede xa falou de independentismo pola mañá, agora tócame a min. (*Aplausos.*) O seu turno do soberanismo xa rematou por hoxe, señor Tellado, xa nos chegou. (*Aplausos.*) Agora tócanos a nós. Para nós, todos os postos de traballo son valiosos, e máxime... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Xa estamos rematando. Silencio, por favor, señor Tellado.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...nestas circunstancias. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Para quen non son todos os postos de traballo iguais é para vostedes. Porque neste momento temos tres confrarías da comarca facendo alegacións, presentando mocións nos concellos e sendo apoiadas unanimemente por eses concellos. ¿Vostedes leron esas mocións? ¿Vostedes saben o que aprobou o Partido Popular neses concellos? Xustamente o que vostedes nos están negando hoxe aquí.

Esa é a súa coherencia, señor Armada. Ese é o seu deixar traballar e o seu principio de prudencia; un principio de prudencia que vostedes en doce anos non respectaron. Como comprenderá, nestes momentos nós non nos podemos fiar dese principio de prudencia. Nós queremos que se respecten os informes técnicos, (*A señora Pérez Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara.*) que é o que lle corresponde á Administración, ¿verdade?, e non encargar informes técnicos e logo facer o que lles dá a gana. Evidentemente, a Administración non está para iso, nin para favorecer as grandes empresas que se adican a destruír zonas que estaban aí moito antes incluso que esas empresas.

Señor Armada —remato—, nós confiabamos en que a nosa proposta, que, como digo, se atén absolutamente á lei, fora apoiada e que deste Parlamento saíra unha decisión...

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...unánime. Xa vemos que vostedes prefiren estar do lado da empresa, do lado de Sacyr, e deixar a comarca de Muros-Noia para outro momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Sobre a emenda do PSOE?

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Sobre a emenda do PSOE, non podemos aceptala nos termos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...nos que está porque entendemos que é excesivamente xenérica.

O señor PRESIDENTE: ¡Mala sorte! Outro día será.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Podemos falalo, en todo caso.

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos votar agora. ¿Ides transaccionar algo? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois, entón, comezamos as votacións das mocións.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: A primeira é a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noelia Otero Lago, sobre a política da Xunta de Galicia respecto do colectivo de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais no ámbito laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre a regulación do sector eólico.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a regulación do sector eólico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández. Non acepta a emenda do grupo parlamentario... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Perdón. Si, ten razón. Pero dixo que non aceptaba a emenda. *(Murmurios.) (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? Non lle entendín nada agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano da señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Acabo de dicir que non a aceptaba nos termos nos que estaba, pero fixemos unha transacción que, se quere, paso a ler.

O señor PRESIDENTE: Pois léaa.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Mantemos os puntos 1, 2 e 3 da nosa moción tal cal están e substituímos o punto 4 da nosa moción pola emenda do PSOE, engadindo: «...se fose preciso actuando subsidiariamente segundo as facultades que establece a Lei de responsabilidade medioambiental».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esa transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(O señor Armada Pérez pide a palabra.)

¿Si, señor Armada?

O señor ARMADA PÉREZ: Solicitamos a votación por puntos; que se voten os puntos 1, 2 e 3, e o 4 á parte. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: O Nadal non chegou a todas as partes. *(Murmurios.)*

Imos votar, entón, esa transacción, sabendo que non se van aceptar os puntos.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a normativa mineira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata mañá, ás 10 da mañá.

Boa noite.



Suspéndese a sesión ás sete e corenta e tres minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pardo López, Adrián	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cahafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
28. Gómez Salgado, Carlos	(P)	66. Santos Costa, Manuel	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Sanz Arias, Cristina	(P)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Seco García, Martín	(S)
31. López Sánchez, Rosalía	(P)	69. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Lago, Noelia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

